

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 124

Sesión plenaria
9 de maio de 2023

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Texto lexislativo

1.1 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa popular, sobre medidas urxentes para recuperar e fortalecer a atención primaria (doc. núm. 36313, 11/PPLI-000004)

Publicación da admisión a trámite e constitución da Comisión Promotora, BOPG nº 341, do 6.07.2022
Publicación da proposición de lei, BOPG nº 468, do 17.03.2023

Punto 2. Comparecencia

2.1 53291 (11/CPP-000126)

Da conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, por petición propia, para informar sobre o balance e presentación do Plan de acción en materia de emprego para 2023

Publicación da iniciativa, BOPG nº 489, do 03.05.2023

Punto 3. Mocións

3.1 52795 (11/MOC-000153)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo

Sobre o transporte público por estrada (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 51739, publicada no BOPG núm. 474, do 29 de marzo de 2023, e debatida na sesión plenaria do 11 de abril de 2023)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 483, do 19.04.2023

3.2 53257 (11/MOC-000155)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa

Sobre a participación pública no sector eólico. (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 51777 publicada no BOPG núm. 474, do 29 de marzo de 2023, e debatida na sesión plenaria do 25 de abril de 2023)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 489, do 03.05.2023

3.3 53258 (11/MOC-000156)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a política do Goberno galego en relación coa ampliación da Rede Natura 2000 en Galicia. (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 1453, publicada no BOPG núm. 15, do 16 de setembro de 2020, e debatida na sesión plenaria do 25 de abril de 2023)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 489, do 03.05.2023



3.4 53275 (11/MOC-000157)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña**

Sobre a política do Goberno galego respecto da actualización do Pacto local galego. (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 20106, publicada no BOPG núm. 191, do 25 de agosto de 2021, e debatida na sesión plenaria do 25 de abril de 2023)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 489, do 03.05.2023

Punto 4. Propositions non de lei**4.1 11393 (11/PNP-001124)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Vázquez Domínguez, Sandra e seis deputados/as máis**

Sobre o posicionamento do Parlamento de Galicia en relación co modelo lingüístico de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 101, do 24.02.2021

4.2 23291 (11/PNP-002104)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e dous deputados/as máis**

Sobre as xestións que debe realizar a Xunta de Galicia para a reversión ao sistema público da prestación do servizo de transporte sanitario terrestre

Publicación da iniciativa, BOPG nº 213, do 15.10.2021

4.3 42014 (11/PNP-003558)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Arangüena Fernández, Pablo e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Plan director da Rede Natura 2000 e os espazos protexidos de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 390, do 05.10.2022

4.4 50330 (11/PNP-004150)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para recoñecer nula de pleno dereito a autorización de verteduras outorgada por Augas de Galicia á empresa mineira Tungsten San Finx, S.L.

Publicación da iniciativa, BOPG nº 461, do 01.03.2023

4.5 52079 (11/PNP-004316)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co recurso ante o Tribunal Constitucional sobre a Lei 38/2022, do 27 de decembro, pola que se crea o imposto temporal de solidariedade das grandes fortunas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 478, do 05.04.2023



4.6 52953 (11/PNP-004382)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Balseiro Orol, José Manuel e seis deputados/as máis**

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que arranxe o firme das autoestradas A-6 e A-52 e para que estableza un plan de conservación das estradas da súa competencia en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 486, do 26.04.2023

Punto 5. Interpelacións**5.1 41335 (11/INT-002014)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e dous deputados/as máis**

Sobre o desenvolvemento dun plan para favorecer o uso da lingua galega

Publicación da iniciativa, BOPG nº 386, do 27.09.2022

5.2 51154 (11/INT-002448)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Otero Rodríguez, Patricia**

Sobre a reversión da titularidade de terreos portuarios de uso urbano aos concellos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 467, do 15.03.2023

5.3 52572 (11/INT-002528)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre a vivenda pública e protexida

Publicación da iniciativa, BOPG nº 483, do 19.04.2023

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia**6.1 53289 (11/POPX-000105)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre as previsións de mellora da colaboración da Xunta de Galicia cos concellos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 489, do 03.05.2023

6.2 53290 (11/POPX-000106)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana**

Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para impulsar unha rexeneración democrática

Publicación da iniciativa, BOPG nº 489, do 03.05.2023



Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 52962 (11/POP-008159)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e dous deputados/as máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da situación do termalismo na cidade de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 486, do 26.04.2023

7.2 53261 (11/PUP-000332)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante a conduta do presidente da Deputación de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 489, do 03.05.2023

7.3 53277 (11/PUP-000334)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre o presunto delito contra a seguridade viaria cometido polo presidente da Deputación de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 489, do 03.05.2023

7.4 52830 (11/POP-008152)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Freire Vázquez, María Begoña e seis deputados/as máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa futura lei estatal de vivenda, despois do desbloqueo da súa tramitación anunciado por ERC e Bildu

Publicación da iniciativa, BOPG nº 483, do 19.04.2023

7.5 48933 (11/POP-007541)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e dous deputados/as máis

Sobre a licitación da construción do novo centro de saúde de Noia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 450, do 08.02.2023

7.6 50710 (11/POP-007881)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Suárez Sarmiento, María Elena e seis deputados/as máis

Sobre as iniciativas impulsadas polo Goberno galego co obxecto de mellorar a atención primaria en Vilagarcía de Arousa e sobre a valoración que fai da implantación desas medidas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 465, do 08.03.2023

7.7 52069 (11/POP-008045)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e dous deputados/as máis

Sobre as previsións do Goberno galego para cubrir as ausencias do persoal sanitario nos centros de saúde da comarca da Barbanza

Publicación da iniciativa, BOPG nº 478, do 05.04.2023



7.8 52583 (11/POP-008109)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e seis deputados/as máis**

Sobre os investimentos en reformas e en equipamentos efectuados por parte da Xunta de Galicia nos últimos anos, para incrementar a capacidade asistencial e diagnóstica dos centros de atención primaria de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 483, do 19.04.2023

7.9 52826 (11/POP-008140)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Castro García, Daniel e dous deputados/as máis**

Sobre a falta de persoal facultativo que afecta o Hospital da Mariña, en Burela

Publicación da iniciativa, BOPG nº 486, do 26.04.2023



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa popular, sobre medidas urxentes para recuperar e fortalecer a atención primaria. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: *Sra. representante da Comisión Promotora (Viquendi Fernández).* (Páx. 10.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sr. Torrado Quintela (S)* (Páx. 14.), *Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 17.) e *Sr. Pazos Couñago (P)* (Páx. 20.).

Rolda de réplica: *Sra. representante da Comisión Promotora (Viquendi Fernández).* (Páx. 24.)

Votación do texto lexislativo

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa popular, sobre medidas urxentes para recuperar e fortalecer a atención primaria: *rexeitada por 33 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 26.)

Comparecencia da Sra. conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, por petición propia, para informar sobre o balance e a presentación do Plan de acción en materia de emprego para 2023. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sra. conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza).* (Páx. 26.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sra. Rodríguez Dacosta (S)* (Páx. 39.), *Sr. Pérez López (BNG)* (Páx. 42.) e *Sra. Pérez López (P)* (Páx. 46.).

Réplica do Goberno: *Sra. conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza).* (Páx. 49.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 56.) *Nesta rolda interveñen a señora Rodríguez Dacosta (S)* (Páx. 56.), *o señor Pérez López (BNG)* (Páx. 58.), *a señora Pérez López (P)* (Páx. 61.) e *a señora conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade (Lorenzana Somoza)* (Páx. 62.).



Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Paulo Ríos Santomé, sobre o transporte público por estrada. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: Sr. Ríos Santomé (BNG). (Páx. 65.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sra. Otero Rodríguez (S) (Páx. 68.) e Sr. Balseiro Orol (P) (Páx. 71.).

Nova intervención do señor Ríos Santomé (BNG). (Páx. 74.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños, sobre a participación pública no sector eólico. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 76.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sra. Rodríguez Rumbo (S) (Páx. 79.) e Sra. Nóvoa Iglesias (P) (Páx. 83.).

Nova intervención da señora Presas Bergantiños (BNG). (Páx. 86.)

Suspéndese a sesión ás dúas e cincuenta e un minutos da tarde e retómase ás catro e dous minutos.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre a política do Goberno galego en relación coa ampliación da Rede Natura 2000 en Galicia. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica que existe unha autoemenda do grupo autor da proposición non de lei. (Páx. 88.)

Intervención do grupo autor da moción: Sr. Bará Torres (BNG). (Páx. 88.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sr. Arangüena Fernández (S) (Páx. 91.) e Sra. Freire Vázquez (P) (Páx. 94.).

Nova intervención do señor Bará Torres (BNG). (Páx. 97.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre a política do Goberno galego respecto da actualización do Pacto local galego. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 99.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Rodríguez Rumbo (S). (Páx. 99.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG). (Páx. 103.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: Sra. Prado del Río (P). (Páx. 106.)

A señora Rodríguez Rumbo (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 109.)



Votación das mocións

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Paulo Ríos Santomé, sobre o transporte público por estrada: *rexeitada por 34 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 112.)

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Prezas Bergantiños, sobre a participación pública no sector eólico: *rexeitada por 19 votos a favor, 39 votos en contra e 14 abstencións.* (Páx. 112.)

Votación do texto autoemendado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre a política do Goberno galego en relación coa ampliación da Rede Natura 2000 en Galicia: *rexeitado por 33 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 112.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre a política do Goberno galego respecto da actualización do Pacto local galego: *rexeitada por 33 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 113.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Sandra Vázquez Domínguez e seis deputados/as máis, sobre o posicionamento do Parlamento de Galicia en relación co modelo lingüístico de Galicia. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 113.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Ferro Iglesias (P). (Páx. 114.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Díaz Varela (S) (Páx. 116.) e Sr. Castro García (BNG) (Páx. 120.).

O señor Ferro Iglesias (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 126.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e dous deputados/as máis, sobre as xestións que debe realizar a Xunta de Galicia para a reversión ao sistema público da prestación do servizo de transporte sanitario terrestre

A señora presidenta (Candia López) comunica que existe unha autoemenda do grupo autor da proposición non de lei. (Páx. 125.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Prado Cores (BNG). (Páx. 126.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sr. Torrado Quintela (S) (Páx. 129.) e Sra. Amigo Díaz (P) (Páx. 133.).

Nova intervención da señora Prado Cores (BNG). (Páx. 137.)

Suspéndese a sesión ás seis e cincuenta e cinco minutos da tarde.



Ábrese a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura e non se xustificaron inasistencias.

Entramos, polo tanto, xa na orde do día.

O primeiro punto é un texto lexislativo.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa popular, sobre medidas urxentes para recuperar e fortalecer a atención primaria

O señor PRESIDENTE: Para a presentación da proposición de lei ten a palabra a persoa designada pola comisión promotora, dona Vanessa Viquendi Fernández, por un tempo de quince minutos, a quen lle rogo se achegue á tribuna de oradores.

Cando queira.

A señora REPRESENTANTE DA COMISIÓN PROMOTORA (Viquendi Fernández): Bos días a todas e a todos os aquí presentes hoxe.

Hoxe veño falar, como ben dixo o presidente da Mesa, da Proposición de lei, de iniciativa lexislativa popular, sobre medidas urxentes para recuperar e fortalecer a atención primaria.

Antes de nada, quixera dicir que esta iniciativa foi a máis apoiada da historia de Galicia, con cinco veces máis sinaturas das que eran precisas para levala a cabo.

Quero empezar dicindo que isto é un movemento cidadán que se fai porque empezamos a ver que hai carencias na sanidade pública. Entón, vou empezar enumerando un pouco ese tipo de carencias, e despois dicindo un pouco que é o que defende a iniciativa.

Como cidadáns do sistema público de saúde, vemos, cando imos ao centro de saúde, que non temos pediatra —de feito, máis da metade dos concellos de Galicia non teñen pediatra— e que os concellos que non teñen pediatra —e non é casualidade— son, na maior parte, os concellos que están no rural galego. Despois vemos que nos sitios nos que si hai pediatra non se cobren habitualmente nin as baixas nin as vacacións e que se superan os cupos por pediatra, porque, claro, evidentemente, se hai menos pediatras do número que tiña que haber e hai que atender o mesmo número de nenos, pois supéranse os cupos. Hai municipios —moitísimos— sen pediatra polas tardes, o que obriga a nais e pais a levar os fillos e fillas aos PAC, onde é habitual, por outro lado, que non haxa pediatra tampouco.

Non é mellor a situación no tema dos médicos de familia —médicos de cabeceira, como os coñecemos comunmente— porque hai consultas pechadas pola tarde tamén e novamente non se cobren baixas, non se cobren vacacións, e están as ratios superadísimas. De feito, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sentenciou que se vulneran os dereitos dos traballadores.



Non se cobren o 90 por cento das xubilacións e amortízanse as prazas; isto quere dicir que de cada dez médicos que se xubilan só se cobre unha praza. Convócanse menos prazas MIR que as recomendadas polo Ministerio, e os profesionais formados en Galicia non quedan en Galicia a exercer polas malas condicións laborais, porque outras comunidades autónomas aplican outro tipo de medidas e levan os nosos profesionais, ou outros países europeos, con mellores soldos e condicións, levan os nosos profesionais. É unha fuga de cerebros en toda regra.

Despois hai listas de espera interminables, e isto fai que se agraven as enfermidades. Se unha persoa está interminablemente nunha lista de espera, como é lóxico, a enfermidade que ten non é tratada a tempo e, por exemplo, no caso dun cancro, agrávase. Causan, polo tanto, mortes evitables; de feito, xa foi condenado o Sergas pola morte dunha muller cun cancro sen diagnosticar, precisamente por estas listas de espera interminables. E, por outro lado, os centros de saúde en si, como locais, funciona sen apenas persoal. Onde había cinco médicos de familia, agora hai un ou dous, novamente —repito— non hai pediatras e tampouco hai matronas, e isto é algo importante porque se perden, para empezar porque a matrona asiste a muller, e a muller temos un sistema reprodutivo diferente ao do home. Entón, non asistírnos integralmente significa facer aquí un sesgo de xénero. E soamente se computan tamén as mulleres dende os 14 anos —que están fóra da idade pediátrica— aos 65. A media de idade nas mulleres está agora mesmo en 80-85 anos. Polo tanto, entendemos que as mulleres de máis de 65 non se computan á hora de entender que teñen que ter atención dunha matrona tamén.

Moitos centros de saúde cerraron pola despoboación. Xustamente neses lugares é onde actualmente queda xente maior dependente, xente maior que non ten facilidade para desprazarse en transporte a outros centros de saúde. Están tamén os PAC pechados. En moitos casos hai algúns PAC que cerraron e outros que están atendidos por enfermeiras. De feito, houbo un caso dunha enfermeira á que lle deu un ataque de ansiedade cando chegou ao PAC e viu que non había facultativa e que tiña que atender ela a toda a xente que estaba alí fóra. E non é que a enfermeira non estea formada, pero non ten a formación dun médico, como é lóxico; se non, sería médico e non enfermeira.

O número de ambulancias tamén é insuficiente. Respecto da asistencia prestada polo 061, os medios son manifestamente insuficientes en toda Galicia, en parte polo sobrecusto que supón ter, unha vez máis, o servizo público privatizado. O 061 completa de forma habitual asistencia de ambulancias de soporte vital básico co persoal de atención primaria dos centros de saúde PAC, que xa están baixo mínimos, como dixeran antes. Polo tanto, o feito de contar con algúns PAC cun único equipo que a miúdo se atopa atendendo emerxencias fóra do centro sanitario provoca desasistencia sistemática de pacientes, que non contan con persoal de medicina ou enfermería nestes centros de saúde durante moito tempo. Evidentemente, se saen na ambulancia, non están no centro de saúde; non son omnipresentes nin poden estar nos dous sitios á vez, lóxicamente.

O 061 oculta de forma constante información sobre os datos de asistencia, e mesmo chega a falsear os tempos de espera por unha ambulancia, negando ás galegas e galegos a oportunidade de sobrevivir, como é o caso dunha muller de Sanxenxo —que creo que todos os



que estamos aquí presentes sabemos do caso polos medios de comunicación—, que, por certo, está sendo investigado. Cando digo isto, falo dos tempos de espera. Creo que se entende que se eu chamo ao 061 porque necesito unha ambulancia, o tempo que estou esperando ata que encontran ambulancia non se computa; só se computa o tempo que a ambulancia tarda desde que a localizaron e está libre ata que chega ao meu domicilio. Polo tanto, eu podo estar colgada 50 minutos ao teléfono, que non van constar eses 50 minutos; só van constar os 10 ou 20 que tarda a ambulancia en chegar á miña casa —dende que quedou libre e puido ir cara á miña casa—.

¿Que fai a Xunta ao respecto? ¿Ou que vemos a cidadanía que fai a Xunta ao respecto? Que utiliza médicos de familia con ou sen curso de puericultura para atender a menores de 14 anos, en lugar de pediatras, cos riscos que iso implica para os nenos e nenas, porque isto retrasa en moitas ocasións o calendario de vacinación. De feito, ía traer hoxe o da miña filla, pero esqueceume na casa. Todos os que tedes fillos saberedes —e os que non, xa volo explico— que cando é un bebé, ten que dar a vacina cando nace —a que lle dan no hospital—; e hai unha aos 15 días, outra ao mes e outra aos dous meses. Polo tanto, nunha nena ou neno xa maior, non pasa nada, pero nunha nena ou neno pequeno prorrogar a vacinación dous meses é grave, realmente, porque están pautadas por un motivo.

Tamén medicar de forma incorrecta a menores de 2 anos. Grazas a Deus, os médicos son profesionais e xa procuran non meterse onde non saben, pero é verdade que moitos nenos están recibindo medicación de persoas que non están especializadas en nenos e nenas; polo tanto, isto conleva un risco tamén.

Outra das cousas que nos contesta a Xunta é que nos di que non podemos pretender ter pediatras en todos os centros de saúde. Non sei por que. Eu non teño unha casilla na renda que me diga: «se non ten pediatra, *marque la casilla de la renta*». Iso, ademais, discrimina principalmente o rural. ¿Por que? Porque non se aplican medidas de discriminación positiva. Entendemos que non hai o mesmo número de nenos no rural que no urbano, pero entendemos tamén que os nenos teñen o mesmo dereito no rural que no urbano, nin máis nin menos.

Por outro lado, temos profesionais encadeando contratos por días ou semanas, feito que foi condenado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que sentenciou en decembro do ano pasado —e quedou plenamente acreditado— que a Consellería de Sanidade e o Sergas vulneran os dereitos dos médicos de atención primaria e pediatras en materia de integridade física e saúde e que incumpren coas súas obrigacións en materia de prevención de riscos laborais, de valoración de carga de traballo no devandito colectivo e na avaliación dos riscos dos seus postos de traballo. E isto non o digo eu, dío o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Despois, outra das cousas que se fixo foi aplicar a Lei 5/2022, do 21 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público de Galicia. Ben, isto vouno dicir con palabras moi claras para que me entenda todo o mundo. Europa dálle á Xunta un tirón de orellas e dille que non pode ter tanto o persoal eventual, que ten que ofertar prazas. Por outro lado, é unha lei a custo cero; ou sexa, que supón un pan para hoxe e unha fame para mañá. Non está ofertando novos postos de traballo, o que está facendo é que está mo-



vendo a xente; ou sexa, eu traballo en precario eventualmente, por exemplo, no Hospital da Coruña e, de repente, hai unha praza para Fisterra —as que lle chaman de difícil cobertura— e, entón, eu digo: ¡home!, é un concurso de méritos, non teño que pasar unha oposición, pois veña, vou, porque en dous anos podo, en concurso de traslados, volver para A Coruña. Pero, ¿que pasa coa praza da Coruña? A praza da Coruña queda sen ocupar, e eu estaba cumprindo un traballo nela. Esta lei rompe a igualdade e a equidade do sistema de acceso a prazas públicas. Non resolve, dende logo, a carga de traballo do persoal facultativo nin da cidadanía, porque novamente, por un lado, vai para aí e cobre unha praza, pero outra queda descuberta.

Outra das medidas da Xunta tamén é premiar os facultativos que compaxinan sanidade pública e privada, chegando a acordos para o cobro do complemento de exclusividade. Entón, ¿con que nos encontramos? Con que hai facultativos que traballan na pública pola mañá e que traballan na privada pola tarde. O primeiro é que para a cidadanía iso non ten beneficio ningún, porque ese facultativo está aínda máis canso que se fixese simplemente unha xornada; entón, para a cidadanía, beneficio cero. Pero para a Administración é máis investimento; investimento que hai que dicir que pagamos todos e todas as galegas, porque a Xunta non é propietaria dos cartos, é unha xestora. Polo tanto, pagámolo todos.

No caso das ambulancias, o que fai a Xunta tamén é que contratar fóra de concurso público con empresas privadas de ambulancias, co pretexto da excepcionalidade, e fai da excepcionalidade a norma. A excepcionalidade —a propia palabra indícao— é excepción; non pode ser algo continuado no tempo, como adoita ser. E son ambulancias que non están acondicionadas para prestar asistencia sanitaria en ruta, dotadas dun só condutor, ás que tan só se lles exige que teñan un desfibrilador e que o empresario asine un certificado de responsabilidade para poder cubrir en precario as urxencias da Rede de transporte sanitario actual e incapaz de atender. Esperemos que teña máis responsabilidade que quen o contrata, tamén o digo. Mais a novidade actual consiste en notificar por medio de mensaxes o aviso de que a Rede de transporte sanitario urxente está colapsada, presionando o persoal sanitario para que realice o seu traballo máis axiña, indicándolles que hai emerxencias en espera de asistencia. E isto non é un invento, teño aquí esas mensaxes, que, se queren, poden ver. *(A señora Viquendi Fernández mostra un documento.)*

Para ir finalizando un pouquiño —teño medo a excederme do tempo, xa que é a primeira vez que estou aquí—, quero dicir que se fixésemos unha foto do antes e do despois da sanidade pública galega —todos sabemos que agora, coas redes sociais, hai foto do antes e do despois—, normalmente, claro, no despois é cando un está mellor. Bueno, pois a sanidade pública galega está peor que antes, e isto non hai *photoshop* que o corrixa; isto é así. Por iso, é necesario que se aprobe aquí hoxe esta iniciativa lexislativa popular e que se poña en funcionamento xa, porque hai que empezar a tomar medidas xa.

¿Que propón, entre moitas outras cousas —que non as vou ler aquí todas porque, entón, me excedería do tempo—, a iniciativa? Adecuar as plantillas de persoal ás necesidades da poboación; establecer un mínimo de matronas por muller; garantir a estabilidade laboral nunhas condicións de traballo adecuadas; o mesmo dereito de acceso á atención primaria; adecuar o servizo de ambulancias ás necesidades e demandas do traslado urxente de pacientes, sen discriminación, e acabar, evidentemente, coas listas de espera.



Entendo que todos os aquí presentes están de acordo en que é preciso aprobar hoxe aquí esta iniciativa, porque, non facelo, significaría negarlle a toda a poboación que asinou —e á que non asinou tamén— a posibilidade de mellorar a situación da atención primaria, ser cómplices e responsables da destrución da sanidade pública galega —que tanto custou chegar ata aquí— e, bueno, ser persoas carentes de humildade e valentía para recoñecer os erros, porque, humildemente, todos temos que recoñecer os erros. Se eu hoxe me confundín aquí en algo, xa de antemán lles pido perdón a todos.

Polo tanto, esta iniciativa lexislativa popular non é en contra de ninguén, é a favor de toda a cidadanía galega, incluídos todos os aquí presentes, porque, como dixeran antes, non son os donos dos cartos, son os xestores, pero, como cidadáns, son igual de donos deses cartos públicos do que son eu. Polo tanto, esta iniciativa lexislativa popular é a favor de todos os galegos e galegas.

Penso que xa rematei o tempo. Así que moitísimas grazas por escoitarme, e, xa digo, desculpas se en algo me confundín. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Viquendi.

Coméntolles aos invitados que hoxe temos aquí no pleno —porque, ao mellor, non os informaron— que non se poden manifestar nin a favor nin en contra, que non se pode aplaudir. É unha norma que existe. Polo tanto, prégoles por favor que, se poden, a cumbran. É a norma.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Bo día a todas e todos.

Bo día a toda esta tribuna, plagada de xente, vellos amigos —que non amigos vellos, é unha diferenza importante—. Vanessa, moitas grazas pola túa exposición.

É un debate hoxe que ten dúas características moi importantes, dende o noso punto de vista. A primeira é que hoxe é un debate no que sabemos o resultado dunha votación, sabemos de antemán que esta lei perderá unha votación, pero tamén sabemos de antemán que esta lei gañou un debate. É a lei máis apoiada da historia de Galicia por este mecanismo, e apóiase diariamente nas rúas; hai un clamor popular que defende que necesitamos mover o noso sistema sanitario, que necesitamos sacudilo. E, por iso, este debate xa está gañado.

E hai unha segunda curiosidade, e é que —permítanme a expresión, e sei que me van entender— non debatemos unha lei, debatemos un sentimento. É o hastío cidadán, é a desesperación dos profesionais e é, en conxunto, a sostibilidade do noso sistema sanitario, porque isto é do que estamos falando. En numerosas ocasións temos proposto aquí e debatido sobre este



tema, dende os distintos grupos da oposición, esta lexislatura, a anterior e a anterior, e de maneira continuada. Os cidadáns demándano a través das plataformas cidadáns, das manifestacións, dos plenos dos concellos, onde decenas e decenas de concelleiros votan a favor de iniciativas como esta, e tamén concelleiros do Partido Popular, porque non teñen a distancia suficiente que lle permite ao Partido Popular no Parlamento poder votar en contra de cousas, senón ter que defendelas despois, porque os concelleiros a pé de concellos si que apoian estas iniciativas en moitísimos lugares. Por tanto, debatemos unha cuestión de sentimento.

É certo que, ante estas tres cuestións —o hastío cidadán, a desesperación dos profesionais e a sostibilidade do sistema—, nunha afirmación un pouco bíblica, negarán tres veces. E é certo, pero seguiremos, porque a cuestión está aquí. Vivimos un problema dobre en xeral no sistema, no que corresponde ao modelo asistencial do sistema, a como concibimos o noso sistema sanitario, especialmente en atención primaria, e no persoal. En termos de modelo, este foi un sistema fabuloso, especialmente cando se creou, nos anos oitenta, a partir da Lei xeral de sanidade —á que o Partido Popular, obviamente, votou en contra—. A partir desa lei, este sistema era brillante, probablemente nalgún momento o mellor sistema do mundo, pero é un modelo dos anos oitenta ou dos anos noventa, que empezou a ter algunha greta ao inicio deste século, pero que hoxe non vale especialmente en atención primaria. Non podemos seguir funcionando cunha idea dun modelo asistencial médico-enfermeira, que ademais historicamente era así: médico home, xefe da muller, enfermeira. Esta era a relación natural que naquel momento se entendía así e que funcionaba, pero que hoxe non ten sentido. Hoxe nin sequera ten sentido falar da atención primaria como a porta de entrada. A min paréceme que estamos todos entendendo que este xa non é o sistema que necesitamos. Seguro que os máis clásicos falarán de Alma Ata, si, pero hoxe necesitamos outro modelo, incluso para ir máis alá, un modelo onde o médico non sexa o embude, porque hoxe, nun centro de saúde, todo pasa polos médicos; é absolutamente «medicocentrista» o sistema, e non pode ser.

Necesitamos a verdadeira multidisciplinidade e unha concepción moitísimo máis global do sistema sanitario, pero para iso fai falta persoal. E permítanme que lles dea algunhas ideas sobre o problema do persoal, non só dos médicos —que tamén—, porque o sistema sanitario —e insisto para os que cren que o sistema son os médicos— non son unicamente médicos; son fundamentalmente, pero non unicamente. Necesitamos ter moitísimos profesionais, empecemos polos médicos e médicas.

Eu habitualmente escoito que o problema está unicamente —nun regate moderno e actual— en que o Goberno de España —¡malísimo!— non dá prazas MIR. Ese parece ser o único problema do sistema. Este ano en Galicia, que ten a maior convocatoria MIR para médicos de familia da súa historia, con motivo dos últimos cinco anos dende o cambio do Goberno, e cando os profesionais elixen libremente as súas prazas MIR, van quedar libres, sen escoller —porque os profesionais non queren as prazas en Galicia— máis prazas MIR de familia que o ano pasado en toda España. Non se trata de máis prazas, senón de mellores prazas. *(Aplausos.)* Porque tampouco van quedar en todas as áreas por igual; algunhas cúmprense enteiras.

Polo tanto, podemos discutir o que queiran, pero dende a racionalidade, dende calquera persoa que saiba analizar datos e un sistema, se os datos non se reparten igualmente —que non



se reparten, porque quedan baleiras algunhas comunidades autónomas e nalgúns áreas sanitarias—, hai problemas, hai feitos diferenciais, e Galicia é un deles. ¿Hai un problema xeral? Hai, pero Galicia ten un problema moito maior que outras comunidades onde se cobren. E dentro de Galicia tamén temos diferenzas, porque hai áreas onde non se cobren e áreas onde si. Polo tanto, necesitamos saber que hai prazas que os profesionais, podendo elixir, non queren, porque non teñen —e non é unha cuestión de salarios— os recursos, nin a proxección, nin a capacidade formativa suficiente que demandan e que, por certo, merecen.

Temos un problema de persoal porque, ademais deste problema formativo, vimos dunha década de recortes; si, dunha década de recortes, claro. Co Goberno Rajoy podíamos repoñer nalgún momento o 10 por cento dos xubilados, un de cada dez. Hoxe, a taxa de reposición multiplica por 12. E é certo que debería poder eliminarse, e isto é algo que nós defendemos co Goberno do PP e co Goberno do Partido Socialista en Madrid, que en sanidade debería eliminarse —o PP deféndeo en función de quen goberna—; debería eliminarse. Pero hoxe pódese contactar doce veces máis. ¿Por que non podemos? Porque están aínda revertendo algunha parte pequena dos recortes anteriores, que é intentar darlles algúns contratos aos que se presentan ás convocatorias, que son os que xa están no sistema, porque persoas novas entran moi poucas no sistema, unicamente están cambiando de contratos —algo explicou aquí a señora Viquendi—, duns para outros, porque estamos repoñendo os problemas dos recortes; aqueles recortes aos que vostedes aplaudían enfervorizadamente e dos que eran os campións, hoxe trouxéronnos aquí.

Pero hai máis, porque hai feitos diferenciais. Galicia non cobre o 20 por cento das prazas de pediatría en atención primaria, pero é que Asturias cobre o 95 por cento; na Rioxa cobren o 98 por cento; e en Castela-León cobren máis do noventa por cento, e goberna o Partido Popular —algo tamén fan ben—. Non é unha cuestión de cor, é unha cuestión de que este goberno é cicatero.

Pero é que hai máis, é que temos en Galicia a segunda peor ratio de profesionais de enfermería por habitante de toda España e a primeira —é dicir, a peor— ratio de matronas por habitante de toda España, é que estivemos sete anos sen contratar fisioterapeutas, sen convocar, porque dende que se convocan ata que se contratan aínda hai tempo. ¡Sete anos sen convocar!... Porque hai comunidades autónomas incorporando en atención primaria podólogos, que poden liberar traballo aos médicos e ás médicas, porque hai profesionais de administración que poden liberar ese traballo que os médicos fan moitas veces na consulta, que dedican o 25 ou o 30 por cento do tempo a atender o ordenador. Estaríamos liberando o 25 ou o 30 por cento do tempo dos nosos médicos. Que si, que necesitamos máis, pero podemos ter tempo, porque hai modelos, hai propostas de vincular a saúde mental á atención primaria, incluso en Galicia; hai experiencias piloto fabulosas, como existiron na provincia de Ourense en 2007 e 2008. Pero era outro goberno, era outro concepto, era outro modelo. No 2009 *llegó el comandante y mandó parar*.

Estas cuestións que ocorreron pódense seguir mellorando, pero hai algún dato máis, permítanme darlles algún dato máis. Falamos hoxe de atención primaria. Se collemos o orzamento de atención primaria e o comparamos co conxunto do orzamento sanitario, vemos que hai tres comunidades en España que son as que van no ránking por detrás, ao final: Madrid, Ga-



licia e Murcia. É política. Vostedes saen aquí dicir que non se faga política; e é política. Madrid, Galicia e Murcia son as que menos invisten en atención primaria de toda España.

Por tanto, claro que temos un problema. Temos o problema de que estamos aquí porque alguén deseñou liñas políticas para estar aquí, e este é o problema, e o sistema segue funcionando grazas aos profesionais, a pesar —moi a pesar— dos seus dirixentes. Necesitamos, por tanto, debater e abrir debates sobre un modelo, sobre un sistema que utilice as tecnoloxías como instrumento, non como substituto, e a mellor tecnoloxía segue sendo un profesional sempre.

Vivimos nun mundo competitivo e debemos ser un sistema competitivo. Hoxe un mozo ou unha moza formada como médico e que sexa de Vigo ten máis cerca Londres que Burela. Se lle damos unha oferta na que en Londres vai cobrar máis do dobre, vai ter máis recursos, vai traballar menos, vai ter menos pacientes e vai poder dedicarlle máis tempo aos seus pacientes, ¿a onde vai ir? E cando marche, con 32, 33 ou 35 anos, e nesa idade coñeza a alguén, decida formar unha parella, ou non, ou unha familia, ou non, ¿quen o trae de volta despois? Ninguén. Este ano Galicia vai formar menos profesionais de primaria que o ano pasado. Nunca pasou, ¡nunca pasou! E, por tanto, o que imos atender esta vez é se estamos a tempo de resolver este sistema. Estamos a tempo; cada vez queda menos, pero estamos a tempo.

Señores e señoras do Partido Popular, nós comprendemos que vostedes voten en contra desta lei; non o compartimos pero comprendémolo. Pero que sirva este debate para que entendan que necesitamos cambiar de rumbo. Se é así, benvido sexa o debate e benvido sexa o voso traballo. Se non é así, seguiremos tendo un grave problema. Xa non é unha cuestión da votación; é unha cuestión de sentimento, que é basicamente o que move a nosa cidadanía a sentirse identificada cun dos maiores logros da política e da vida social do noso país, que é o sistema sanitario. E a iso apelamos hoxe, ao sentimento de vinculación dunha sociedade, dun país, cun sistema que está a piques de ter un gravísimo problema irreversible. ¡Estamos a tempo!

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señoría.

Señorías, presidente.

Quero darlle, en primeiro lugar, a benvida a todas as persoas que nos acompañan hoxe neste hemiciclo, agradecerlles todo o traballo que ten feito SOS Sanidade Pública en defensa da saúde deste país e darlle tamén os parabéns e a benvida a Vanessa pola súa defensa desta iniciativa, e, sobre todo, por vir aquí dar a cara e defender algo tan importante como é a saúde, porque, evidentemente, a saúde ten que ser e é unha prioridade das persoas.



E ante esa prioridade absoluta, que é defender a saúde, o que nos tranquilizaba era saber que contabamos cun sistema sanitario que nos protexía e que nos coidaba ante a enfermidade. É, desde logo, un gran logro social que custou moitísimo conseguir. Pero hoxe temos unha sanidade pública que está gravemente ferida, despois de catorce anos de recortes e privatizacións do Partido Popular, e isto leva a que hoxe no noso país haxa moitas persoas que se senten vulnerables, eu mesmo diría que senten medo; medo mentres esperan por un diagnóstico que non chega; medo ante unha operación que tarda moito —demasiado—; medo a ter lista de espera no teu centro de saúde ou medo a que a túa filla se poña enferma e teñas que ir unha hora en coche para que a poida atender un pediatra. E teño que dicirlles que non é decente un goberno que provoca medo ante a enfermidade. *(Aplausos.)*

Non é decente un goberno do Partido Popular que pon a tarxeta de crédito por riba da tarxeta sanitaria; un goberno que recorta na sanidade pública para facilitar o negocio da privada; non é decente un goberno convertido nun perigo para a saúde das persoas, porque, señorías do Partido Popular, mentres a sanidade pública salva vidas, os seus recortes matan. É así de duro, pero é así de real. *(Aplausos.)*

Precisamente esta ILP o que quere é poñer freo aos recortes e reclamar unha sanidade pública forte. E, fíxense, esta é a ILP que máis apoios recada da historia deste Parlamento. Non creo que sexa casualidade, é un exemplo da preocupación social que hai sobre este tema. Esta iniciativa, evidentemente, vai ter o apoio do BNG, porque estamos completamente de acordo co seu contido e coas súas propostas.

E cando falamos de atención primaria, falamos do corazón do noso sistema sanitario. Son os médicos e as médicas nos centros de saúde os que fan un labor imprescindible e extraordinario para coidar da nosa saúde, sobre todo nunha Galiza que ten cada vez máis unha poboación máis avellentada e que necesita unha atención constante e continuada. ¿Saben, señorías do Partido Popular, o que significa, precisamente, para unha persoa maior, que cada vez que vai a unha cita a atenda un médico ou unha médica diferente? ¿Saben como repercuten eses cambios na atención que reciben? ¿Saben por que está pasando isto en moitos centros de saúde? Pois a razón son 2.339 millóns de euros menos en atención primaria desde que goberna o PP. Calculen cantos médicos e médicas poderían ter contratado, cantos pediatras e canto persoal de enfermería. Con todo, o que temos é unha atención primaria na UCI e un persoal maltratado e esgotado, e isto non é que o diga o BNG —que tamén—, é que llelo di o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, que condenou o Sergas por vulnerar os dereitos do persoal médico de primaria.

Escoitamos en moitas ocasións dicirnos aquí e dicir tamén ante a opinión pública que o problema é que faltan médicos, pero o que non nos conta o Partido Popular é por que durante catorce anos non fixo a programación necesaria do persoal médico que se necesitaba, porque saben cada ano cantos médicos e médicas se xubilan.

O Goberno do PP tampouco nos conta que fixo dos recortes e da precariedade unha constante no noso sistema sanitario. E o certo é que levaron tan ao límite a atención primaria que hoxe estamos vendo como non son nin sequera capaces de cubrir as prazas MIR que se ofertan nesta especialidade; na última convocatoria, 39 prazas sen cubrir. E temos tamén outro dato



que nos di con claridade cousas que están pasando na sanidade pública: o ano pasado, 109 médicos e médicas solicitaron o permiso para ir traballar fóra de Galiza. Está claro, señorías, que ao mellor faltan médicos e médicas, pero temos moitos fuxindo da precariedade que impuxo o Partido Popular. Esa é a realidade. *(Aplausos.)*

A realidade é que Galiza está á cola en investimento en atención primaria, e aí están os datos do último informe do Ministerio de Sanidade: Galiza é a segunda comunidade con menor investimento en primaria, un 11,8 por cento fronte ao 14,2 por cento da media estatal; e, desde logo, moi lonxe do que nos recomenda a Organización Mundial da Saúde. E agardo que hoxe non volvan aquí dicir que este dato é falso, porque vostedes computan o gasto farmacéutico, e o que non poden é contarlle trolas á cidadanía.

E si, só hai unha comunidade que está peor que Galiza no seu investimento en atención primaria. ¿Saben cal é? É Madrid. Ese é o modelo do Partido Popular. Con todo, os recortes do Goberno do PP, lamentablemente, tamén nos deixan Galiza á cola noutros indicadores: estamos na cola en gasto de persoal sanitario por habitante e tamén estamos na cola na porcentaxe de orzamento en sanidade con respecto ao PIB. O PP converteu en norma a precariedade e o maltrato do persoal sanitario. Hoxe é habitual a prolongación da xornada para que un profesional faga o traballo de dous, igual que é habitual non cubrir nin baixas nin vacacións. Así que, señorías do Partido Popular, está claro que non é que nos falten médicos e médicas, é que están fuxindo da precariedade que impuxo o Partido Popular. Repito, 2.339 millóns de euros menos en atención primaria.

E quero recordarlles que significan catorce anos de recortes do Partido Popular. Significan ter PACs sen médicos, e iso que pecharon 94 durante a pandemia e moitos non volveron abrir. Que llo pregunten, se non, á veciñanza de Moaña, que leva 75 semanas manifestándose sen renderse porque queren as súas Urgencias en primaria. *(Aplausos.)* Significa ter miles de nenos e nenas sen pediatra nin ningún outro médico asignado; 194 concellos galegos, o 61 por cento, non teñen servizo de pediatría. E non son máis porque a veciñanza se rebela e loita, que tamén o vimos ultimamente con «Verín non se pecha», que logrou impedir máis recortes en pediatría. *(Aplausos.)*

Os recortes do Partido Popular tamén significan que, se estás ao límite e queres ter unha atención psicolóxica, vas ter que esperar durante meses e meses; ou, se tes cartos, pagala. O 30 por cento das consultas teñen que ver coa saúde mental, pero é que é case imposible ter a atención necesaria no público. ¿Cal é a consecuencia de todo isto? Pois a consecuencia é que Galiza está liderando o consumo de psicofármacos. E, desde logo, temos que dicirlles, señorías, que non é decente un goberno que deixa miles de galegos e galegas sen máis axudas que unha caixa de Lorazepam. *(Aplausos.)*

Os recortes do Partido Popular tamén significan que por primeira vez temos lista de espera para poder ir ao médico ou á médica de cabeceira, un logro da boa xestión do Partido Popular. E, por suposto, aí temos tamén esa continua e constante saturación das Urgencias hospitalarias, que gardan unha relación directa cos recortes que se producen en primaria.

E nós, no BNG, temos claro que todo isto que está pasando non é froito da casualidade e que estamos ante unha voadura programada da sanidade pública para facilitar o negocio da pri-



vada, porque ese é o modelo do Partido Popular: un modelo retrógrado e insolidario que lle di á xente que o tamaño da súa carteira importa máis que a súa saúde; un modelo que provoca incertezas nas persoas, porque non sabemos cando imos necesitar axuda, atención, coidados, un psicólogo, unha oncóloga ou unha pediatra para as nosas fillas e fillos.

Señorías, a sanidade pública é unha conquista social que non podemos perder, unha conquista que nos fai iguais ante a enfermidade, porque sabemos que ninguén se salva só e que necesitamos un sistema público forte, libre de recortes e que nos protexa e nos dea tranquilidade ante as nosas vidas. E fronte a este modelo insolidario do Partido Popular que abandona as persoas, hoxe temos aquí unha cidadanía que se está organizando e que está dicindo alto e claro que non vai permitir que lle rouben a súa saúde. E niso coincidimos no BNG. Cremos que hai que poñer cartos e recursos humanos no que máis importa, en avanzar en dereitos e nunca en retroceder, cando se trata da sanidade pública. Porque, se queremos construír un mundo mellor, temos que facer todo o posible por ter unha sanidade que nos coide e unha sociedade onde as persoas sexan iguais ante a enfermidade.

Isto é, en definitiva, o que hoxe reclama esta iniciativa lexislativa popular e é o que está reclamando a cidadanía desde hai moitos anos tamén nas rúas, que lles está dicindo que non soporta máis recortes.

Eu pídolle ao presidente —ausente— que por unha vez escoite o que lle está dicindo a maioría social deste país, incluído tamén o persoal sanitario, que o deu todo para coidarnos da pandemia e que o segue dando todo, a pesar dos recortes e da precariedade. O BNG vai estar sempre, sempre coa sanidade pública e ao lado desta maioría social que defende con uñas e dentes o máis importante, que é a saúde, e o único que nolo garante é unha sanidade pública forte.

Hoxe seguramente o Partido Popular vai votar non a esta iniciativa, pero eu tamén lles digo que a cidadanía, en canto poida, vai votar si, vai dicir un «si» rotundo á defensa da sanidade pública.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Pazos Couñago.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, presidente.

Permítanme saudar, en primeiro lugar, os promoventes e a señora Viquendi —benvida a este Parlamento—, e pedir desculpas por interromper o marabilloso mitin que nos estaba a dar a señora Pontón.

Eu quero comezar manifestando o máximo respecto do meu grupo por todos os galegos que tomaron a molestia de asinar esta iniciativa lexislativa, probablemente no convencemento de que talvez podería axudar a mellorar a sanidade pública. Ese respecto levounos a modificar a Lei da iniciativa lexislativa popular para que este Parlamento tivese a obriga de de-



bater estas propostas nos dous plenos seguintes a completar a súa tramitación. Así que hoxe se debate esta iniciativa porque o Partido Popular de Galicia, en solitario, mudou a lei para que non se puidese manter unha ILP agochada dous anos nun caixón, como ocurría no Bipartito. Creo que é un avance significativo para a democracia galega. *(Aplausos.)*

Pero tamén lles digo que, precisamente polo respecto que lles temos aos galegos e ás galegas, non podemos apoiar un texto que, en contra do que asegura pretender, non contén —ao noso entender— ningunha solución aos problemas que sofren os servizos de atención primaria de toda España. E, de feito, no texto óbvíase calquera mención ao problema fundamental da atención primaria, que é a falla de profesionais desta especialidade. Por certo, que non marchan a ningún lado, o 90 por cento dos MIR formados en Galicia continúan en Galicia. E, por certo tamén, señor Torrado, é absolutamente falso o que vostede dixo, non se van formar menos prazas este ano que o ano pasado. O ano pasado quedaron en Galicia 9 prazas vacantes, ¡9!; este ano, en España, 200. E vostede dixo que quedaron máis o ano pasado en Galicia que este ano en toda España. Pero, ¡de verdade, é un disparate! ¡É un disparate!

Mire, esta ILP non está redactada para salvar nin a atención primaria nin a sanidade pública, o único que pretende salvar é o falso relato da esquerda galega sobre a sanidade. *(Murmurios.)* E teño que dicirlle, señora Pontón, que o único indecente que houbo hoxe neste Parlamento foi o seu discurso, e a única que meteu medo sobre a sanidade foi vostede na súa intervención. *(Aplausos.)* ¡A única! *(Aplausos.)*

Polo tanto, señorías, señora Viquendi, eu agradezo que veña ao Parlamento debater esta iniciativa, pero non vou aceptar que disfracemos de movemento cidadán o que non é máis que unha sucursal política do Bipartito. «SOS Sanidade pública» é unha plataforma que non pretende alcanzar ningún acordo con este goberno, simplemente busca substituílo por un goberno afín. E non o escoden, acusan o Partido Popular de Galicia de buscar intencionadamente o empeoramento da sanidade pública: «*Imos conseguir que a Xunta se vexa obrigada a recuperar o eliminado pola intencionadamente desastrosa xestión do PP durante anos*». Afírmano vostedes na súa páxina web, non noutro sitio. O seu propio voceiro manifestou publicamente esta intención: «*Somos conscientes de que non pode existir o cambio se non hai un goberno diferente á hexemonía do PP*». E onte mesmo vostede e o seu voceiro anunciaron a desaparición, entre cinco e dez anos, da sanidade pública en Galicia se non se aproba esta ILP.

Sinceramente, o partidismo é tan evidente que a eficacia de calquera medida non se analiza en función do seu contido, senón de cal é a forza política que a adopta; e non faltan exemplos desta dobre vara de medir. Acúsannos de privatizar aos que rebaixamos os concertos e, iso si, apoian a PSOE e BNG, que os aumentaron un 50 por cento en catro anos. Aquí (*O señor Pazos Couñago sinala co dedo nun gráfico que mostra á Cámara.*) estaban os concertos nos tempos que gobernaban os que vostedes apoian, e aquí están agora. Non é porcentual, é gasto real, sen deflactar, señorías. Pero vostedes seguen dicindo exactamente o contrario.

Acúsannos de fomentar a sanidade privada á comunidade que ocupa o décimo quinto posto en penetración de seguro privado, e, iso si, defenden o Goberno bipartito, que nos levou a ser a sexta comunidade autónoma de toda España con máis seguro privado.



Acúsannos de traballar para as farmacéuticas a quen aforramos 1.790 millóns de euros en gasto de farmacia nestes catorce anos, tamén sen deflactar. Iso si, apoian os que computan este aforro como un recorte; por certo, o 76,5 por cento dese falso recorte é un aforro en gasto farmacéutico.

E incluso nos acusan —hoxe tamén o fixeron— de expulsar profesionais por precarizar as condicións de traballo a quen impulsou os contratos de tres anos para novos profesionais, as prazas fixas de concurso de méritos, que permitiron adxudicar ao ano 106 prazas de Medicina Familiar, incluídas media ducia delas na Costa da Morte. E, este ano, 418 prazas, entre elas, 72 de Medicina Familiar e 60 de Pediatría. Pero defenden os que tiñan contratados 6.500 menos profesionais na sanidade pública que hoxe, a quen votou en contra da estabilización desas prazas e a quen aprobou, por certo, o maior recorte salarial da historia da sanidade galega e nacional. No capítulo I, en só un ano en Galicia, 57 millóns de euros de recorte salarial nun só ano, que se mantivo durante todos estes anos, porque xamais se recuperou.

E, ¿sabe o que dicía a súa plataforma daquel recorte? «Non se vai fomentar o éxodo de médicos e enfermeiras a outros países en busca de maiores retribucións nin tampouco á sanidade privada. A crise afecta a todos os países e sectores por igual, e dicir que os médicos se van ir de España porque se lles reduciu un 5 por cento o soldo non é sensato nin responsable». Isto dicían. Porque hai recortes de primeira e recortes de segunda. Cando os fai o Partido Socialista non só non os critican, senón que, ademais, os aplauden e os defenden.

E, por certo, incluso os picos de gripe teñen cor política. Son culpa da falla de persoal e da saturación da atención primaria cando goberna o PP, pero cando gobernan outros —se gobernan— eses picos explícanse pola actitude «dalgúns médicos» —e así o manifestaban publicamente os responsables do propio Bipartito—. E segundo declaracións do voceiro da súa plataforma, a saturación de Urxencias co Bipartito explicábase pola «falta de información e educación sanitaria». «Moita xente non sabe que a gripe é un virus que se supera cun tratamento sintomático, que só hai que beber moita auga e medícase para baixar a febre, pero as persoas maiores pensan que van morrer e van a Urxencias para maior seguridade». ¡Caramba, caramba, caramba! (*Murmurios.*)

Chegou a tal extremo o sesgo partidista que, ante as críticas xeneralizadas pola falla de medidas de prevención ao principio da pandemia, a súa federación non dubidou en saír ao auxilio do Goberno do Partido Socialista e de Podemos: «É previsible que non provoque maior problema que a gripe estacional». Chegaron a afirmar —abro comiñas— «que existen moitos intereses en magnificar o perigo do coronavirus e en que este tratamento alarmista consegue substanciais rendementos económicos». Aínda ninguén pediu perdón por estas declaracións, pero resulta evidente —e, por certo, moi triste— que o partidismo político pode chegar a nubrar o bo xuízo de certos profesionais.

A iniciativa lexislativa que hoxe someten á consideración desta Cámara vanme permitir dicir que está absolutamente trufada dese partidismo, e por iso ignora —ao meu entender intencionadamente— o principal problema da sanidade española: a falla de profesionais de atención primaria e de pediatría; esa falla de profesionais que provocou mobilizacións en dezaseis



das dezasete comunidades autónomas de España, a onde marchan eses profesionais. Na única onde non provocou mobilizacións foi en Baleares, porque firmaron un acordo dicindo que ían contratar máis; acordo que agora está sendo denunciado polos propios sindicatos, porque unha cousa é dicilo e outra cousa é poder facelo. Non atopan profesionais.

Pero, claro, se vostedes recoñecen isto, teñen que apoiar o incremento extraordinario de prazas MIR, ou a creación da especialidade de Urxencias, que foron propostas, por exemplo, por todas as comunidades autónomas, agás as gobernadas polo Partido Socialista.

Vostedes presentan un texto con escaso rigor técnico-xurídico, baseado en presupostos erróneos (*Murmurios.*) —gustárame non ser interrompido; eu non interrompín a ningún, e créanme que non escoitei menos barbaridades eu—, no que se ignoran as medidas organizativas que xa foron tomadas nos últimos meses (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —insisto, se queren, debaten vostedes sós, pero iso creo que é mellor fóra da Cámara—, e nalgún apartado, por certo, con tics claramente antidemocráticos. Talvez —talvez— por iso lle dedicou vostede só dez segundos a falar do contido da iniciativa lexislativa.

Nas carencias técnicas non vou entrar en detalles. Sinceramente, un consello: eu non lle pagaría a quen lle fixo o asesoramento xurídico, e dígoo de corazón; non lle pagaría.

Segundo, para rematar coas listas de espera de atención primaria solicitan que as persoas que rexeiten ser atendidas en centros privados concertados non sexan pospostas na lista de espera. ¿Pero de verdade vostedes coñecen un só caso de derivación a centros concertados en atención primaria?, ¿un só caso en Galicia? Non existe. ¡Non existe!, dígollelo taxativamente. (*Murmurios.*) Miren, ignoran as medidas xa tomadas, e, por certo, previamente negociadas con todos os actores da sanidade pública: a limitación de axendas, a prolongación voluntaria da xornada para ampliar esas axendas, as ofertas de contratos por tres anos, as prazas de propiedade por concurso... É que todo iso foi negociado cos profesionais.

E incluso chegan vostedes a plantexar que as plantillas dos centros de saúde as decida unha comisión formada por sindicatos, organizacións médico-científicas, traballadores de todas as categorías do centro de saúde e organizacións veciñais. Nin un só representante do Sergas, ¡nin un só! Danlles vostedes máis importancia ás eleccións sindicais ou das asociacións de veciños que ás propias eleccións galegas. A esquerda, sinceramente, ten o convencemento de que a sanidade pública é súa e que só vostedes teñen dereito a xestionala. Simplemente, para calquera que se chame demócrata, é inaceptable, señorías, ¡totalmente inaceptable!

E, por último —e teño que dicírllelo—, pintan vostedes un retrato da sanidade pública galega que non se corresponde coa realidade. Claro que existen dificultades, pero é que nin sequera se corresponde ese relato cos seus propios datos. Non é razoable que na súa defensa incondicional dos partidos que deixaron a sanidade galega no décimo quinto posto do seu ránking de calidade sanitaria —do seu, da súa organización, non do PP, non da Xunta, non do Ministerio; da súa organización— estean criticando a quen a situou, segundo o seu propio ránking, o seu propio informe, como a sexta mellor sanidade de España. (*Aplausos.*) ¡¿Pero que están dicindo?! ¡¿Pero que están dicindo?!



Polo tanto, sobran motivos, señorías, para non apoiar esta iniciativa.

Eu ao que os invito —e invítoos sinceramente— é a que deixen de lado o partidismo sanitario e tamén a que empecen a facer propostas de política sanitaria, porque aí, nas propostas, na acción construtiva, na mellora real da sanidade pública das condicións dos seus profesionais e, sobre todo, da atención aos pacientes galegos, sempre van atopar a man tendida deste partido, que traballou, traballa e seguirá traballando por facilitar a mellor sanidade posible para todos os galegos e galegas. (*Murmurios.*)

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Antes da quenda da señora Viquendi, imos saudar os alumnos de 5º de primaria do centro Julia Becerra Malvar, de Ribadumia, que hoxe nos acompañan, tamén os seus profesores e tamén, por suposto, a todos os invitados que se atopan hoxe na tribuna.

Agora si ten a palabra, para o turno de réplica, a señora Vanessa Viquendi Fernández, por un tempo de cinco minutos.

A señora VIQUENDI FERNÁNDEZ: Ben, como teño só cinco minutos, vou ser breve.

Primeiro, quería dicirlle ao señor Pazos, por alusións —como se suele dicir nestes casos—, que eu non milito en ningún partido político, por se lle queda algún tipo de dúbida. Teño as miñas ideas políticas, como todo o mundo, pero non milito. Se quere investigar, investigue. Non milito en ningún partido político. Son a presidenta de Pediatras e Matronas Xa, de feito.

Con referencia a que vostedes están aí cando nos fai falta, desculpe, señor Comesaña, pero cando intentamos contactar con vostede, díxonos que nos daba cita, pero non nola deu, e levamos máis de dous anos esperando. Xente do seu propio partido falou con vostede para que nos recibise e non nos recibiu tampouco. (*Aplausos.*)

Con respecto a se está mal redactado, síntoo moito. Redactouno un avogado, pero, fíxese, é que aquí, nas plataformas, facemos todo de forma altruísta, e non nos cobrou nada. Nós non temos cartos para pagarlle iso; igual que cando recollemos sinaturas pola calle, non estamos cobrando por facelo. Pero vostedes si que están cobrando por facer un traballo que deberían facer. (*Aplausos.*)

Recórdolle que teñen competencia propia en materia de sanidade. Vostede fálame de datos, datos, datos, datos e datos, de España non sei que e non sei canto... Vale. Teñen competencia propia en materia de sanidade, teñen que exercela, e cando me dá datos, eu non lle veño falar de datos, eu veño falar de persoas. Eu vivo en Galicia, e eu isto non mo invento. Cando vou á pediatra da miña filla e non teño pediatra, non a teño, digan vostedes o que digan. Cando vou ao concello veciño e non hai pediatra tampouco, pois non a hai. E cando en épocas estivais, de verán, os médicos —os médicos de cabeceira, os médicos de familia— collen vacacións, e resulta que onde había dous ou tres, hai un só e teño que esperar quince ou vinte días por unha cita, síntoo moito pero non estou inventando nada. Non lle darei datos,



é verdade que non teño acceso a eles —de feito, hai moitos que non están publicados—, pero non estou inventando nada.

E quería facer unha mención especial —porque se me olvidou antes, e isto si que non quero que quede—. Vostedes saben que hai nenos e nenas con necesidades especiais. Pois vou poñer un exemplo deses nenos e nenas con necesidades especiais. Para os nenos e nenas que teñen autismo, que de cada vez os atenda un profesional distinto supón un estrés, porque xa o supón para a miña filla, que, por sorte, non ten necesidades especiais. Porque a primeira vez que a atendeu un puericultor, e non a súa pediatra —que a estaba atendendo dende o nacemento—, preguntoume por que. ¿E que lle respondo eu á miña filla? ¿Que lle digo? Bueno, pois non sei, preguntalle ao señor Pazos, ao señor Comesaña, ao señor Rueda... Pois non sei, porque son vostedes os que nos están facendo esta xestión.

Por outro lado, si que é verdade —e síntoo, Julio, non coincido contigo, nin coincido tampouco con Ana; perdoade— que non entendo que isto non se aprobe hoxe aquí, non o entendo; ou sexa, non estamos faltando ao respecto a ninguén, simplemente estamos evidenciando unhas carencias.

Entón, o feito de non aprobalo, desde o meu punto de vista, é un *alter ego* que teñen vostedes, porque non queren recoñecer erros, porque, segundo o que acaba de falar vostede, está todo estupendo e marabilloso, e non é real que todo estea ben.

Cando me di se lle comento algún caso de derivación á privada, voulle dicir que hai un home de Carnota —que, ademais, conseguiu a Unidade de Diálise para o Hospital Comarcal de Cee, que non a tiña— que si que se negou a que o derivasen para unha consulta, nunha especialidade que tiña, á privada. El é unha persoa que ten necesidades especiais tamén. Entón... (O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.) ¿Perdón?, ¿que é primaria?

O señor PRESIDENTE: Non dialoguen.

A señora VIQUENDI FERNÁNDEZ: Ah, perdón, vale, non sabía. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Perdón, perdón, eu tampouco o sabía, a verdade (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Entón, este home... Si, aquí estamos falando de primaria, é verdade, pero tamén estamos falando de hospitais, etcétera, e da sanidade galega, e a este home si o derivaron, e dixo que non quería ir á privada; polo tanto, tivo que esperar unha lista de espera máis grande.

Bueno, eu volvo repetir —como dixeran ao principio— que isto non é en contra de ninguén, senón a favor de todos. Se na forma non somos extremadamente correctos, é porque somos cidadáns e xente de a pé, non lle podemos pagar un superequipo de letrados para que nos fagan unha superlei —seguramente vostedes si— e, ademais, é que non é o noso traballo. O traballo de facer ben as cousas é de quen goberna, non de quen está exixindo un dereito; porque os dereitos non se piden, os dereitos exíxense, e o dereito á sanidade é un dereito de todos os galegos e todas as galegas.

Moitas grazas. (Aplausos.)



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Votación do texto lexislativo

O señor PRESIDENTE: Sometemos, unha vez finalizado o debate, a votación a toma en consideración da proposición de lei, de iniciativa popular, sobre medidas urxentes para recuperar e fortalecer a atención primaria.

Votamos.

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa popular, sobre medidas urxentes para recuperar e fortalecer a atención primaria.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a toma en consideración desta proposición de lei.

O señor PRESIDENTE: E continuamos co punto segundo da orde do día, comparecencias.

Comparecencia da Sra. conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, por petición propia, para informar sobre o balance e a presentación do Plan de acción en materia de emprego para 2023

O señor PRESIDENTE: Para realizar esta intervención ten a palabra a conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, dona María Jesús Lorenzana Somoza.

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Comparezo, efectivamente, por petición propia, para dar conta do feito na área de emprego dentro da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade. En concreto pretendemos con esta comparecencia reiterar o noso compromiso con Galicia neste eido, tamén explicar a situación do mercado de traballo, dar conta, por suposto, das políticas neste ámbito e trasladar á sociedade, como non podería ser doutra maneira, que temos un plan de acción; un plan de acción concibido para acompañar todos os galegos e as galegas no eido do emprego, e máis no momento actual, no contexto actual, tan marcado pola incerteza económica e social.

En termos estritamente económicos, cómpre sinalar que, en primeiro lugar, no cuarto trimestre de 2022 a economía galega foi quen de recuperar a riqueza prepandémica e fíxoo con varios trimestres de antelación con respecto á española, que aínda hoxe non recuperou o PIB previo á crise sanitaria; é dicir, en 2022 a economía galega foi quen de crecer un 3,8 por cento, e, como resultado, o PIB per cápita en Galicia mantén a súa senda de converxencia,



acadando xa o noventa e dous por cento do conxunto do Estado. Galicia pechou o ano 2022 coa ratio de débeda máis baixa dende hai unha década, en relación co PIB: o 17,2 por cento, que son 6,7 puntos menos que a media das comunidades autónomas; polo tanto, se todas as comunidades autónomas tivesen un comportamento semellante ao galego, España tería hoxe 88.000 millóns de euros menos de endebedamento.

Neste contexto económico, no ámbito laboral os datos tamén amosan unha evolución positiva. Galicia iniciou o primeiro trimestre, segundo os datos da última EPA, con menos paro, con máis emprego e de maior calidade, e con máis activos. En concreto aumentamos a ocupación en 12.300 persoas respecto hai un ano; o desemprego baixou en 5.900 persoas e tamén subimos a poboación activa en 6.300 persoas, en concreto, co cal estamos en disposición de afirmar que Galicia continúa recuperando poboación activa; pero, o que é máis importante, esa poboación activa é poboación que traballa, que está ocupada. Esta afirmación corrobórase coas taxas que temos actualmente, en concreto, cunha taxa de paro dun 10,9 por cento, cando saben que España actualmente xa supera a taxa de paro do 13 por cento.

Respecto ao paro rexistrado, coñecemos a pasada semana os últimos datos de paro rexistrado en abril e vemos que son semellantes ou son coherentes cos datos da EPA. En concreto a cifra de desemprego foi a máis baixa de toda a serie histórica: temos actualmente 139.343 persoas en paro, o que supón 11.259 menos que o ano pasado; o desemprego é baixo nas catro provincias e nas sete cidades; o desemprego baixou en todos os sectores, tendo unha baixada máis acusada, en primeiro lugar, no sector primario, seguido da industria; e baixou xa tamén, sendo a cifra máis baixa de paro, en menores de trinta anos e tamén en mulleres, dende que temos rexistros.

Respecto das afiliacións, superamos de novo ese millón de cotizantes. Hai 1.050.315 cotizantes, co cal temos actualmente 16.318 cotizantes máis que hai un ano. Polo tanto, cómpre mencionar de novo a importancia a respecto destes datos, da coherencia entre a saída das persoas desempregadas do paro e o aumento do número de cotizantes. É fundamental —penso eu— pararse aquí, no feito de que saíron do paro máis de 11.000 persoas; pero é que temos máis de 16.000 novos cotizantes, co cal penso que a importancia destes datos é que as persoas que saen do paro non é que saian de Galicia, non é que deixen de estar en búsqueda activa de emprego, senón que atopan un emprego na nosa comunidade. E, sen embargo, tendo estes datos, que como vemos son uns datos de recuperación continuada dende que rematou a pandemia, en Galicia, así como no resto do país e en toda Europa, atopámonos cunha situación atípica, e é que aínda existen postos de traballo sen cubrir na meirande parte dos sectores, cando —como dicía antes— temos máis de 139.000 persoas que están agora mesmo anotadas como desempregadas nos nosos servizos de emprego; polo tanto, ante esta situación atípica, dende logo, temos tamén que implementar, como o estamos facendo, accións extraordinarias. Estas accións forman parte da estratexia da Xunta en emprego, Xempre, parte das cales, por suposto, xa coñecen, e das que xa falamos nalgunha ocasión, pero vou dar conta agora mesmo da situación na que están cada unha destas medidas e tamén de medidas novas, que no marco desta estratexia, están agora mesmo en marcha.

¿Que pretende esta estratexia? Penso que xa o recalcamos en numerosas ocasións: pretendemos mellorar, en primeiro lugar, a cualificación profesional das persoas traballadoras e



desempregadas ao longo de toda a vida; queremos facer máis accesibles, máis próximos, máis dinámicos os servizos de emprego; queremos apoiar e estar nun constante diálogo co tecido empresarial; queremos traballar pola igualdade das mulleres e dos homes, con especial incidencia no que fan as medidas dentro da contorna laboral; queremos mellorar as condicións de traballo, apostando pola sostibilidade empresarial e social; e queremos fomentar tamén o emprendemento, un emprendemento ligado ao territorio, cunhas políticas de apoio ás persoas traballadoras autónomas e tamén á economía social.

Ben, comezarei falando, polo tanto, da formación. Dentro da formación, a clave ou a base da estratexia Xempre está na Axenda galega de capacidades para o emprego. Xa me oíron en ocasións falar desta axenda; é unha iniciativa pioneira en España que está inspirada na Axenda europea de capacidades. É inspirada, polo tanto, nesa axenda europea, que é un plan a cinco anos, con obxectivos marcados dende o ano 2020 —no que Europa aproba esta axenda— ata o ano 2025, para axudar as persoas e as empresas a desenvolver máis e mellores capacidades e, por suposto, para axudar a poñelas en práctica, mediante o reforzo á competitividade sostible, tal como establece o Pacto verde europeo, e tamén á garantía da equidade social, apostando por facer efectivo ese principio do pilar europeo de dereitos sociais, que é a educación, a formación e a aprendizaxe permanente —da que antes falaba— para todas as persoas, en calquera lugar da Unión Europea. Europa, polo tanto, aposta polas competencias. Isto é indiscutible neste ano 2023, que é, en concreto, o Ano Europeo das Capacidades. Hoxe mesmo estase celebrando o inicio oficial deste ano, cun acto simbólico con todos os actores e con todos os protagonistas empresariais, persoas traballadoras, interlocutores sociais... en Bruxelas.

Esta axenda —como dixen— estámola desenvolvendo aquí, en Galicia. Puxemos en marcha un diálogo, a través do contacto entre todos os axentes implicados; é un gran pacto trilateral entre a Administración, o tecido empresarial e o tecido social. E constituímos, como saben, nove mesas de traballo que contaron coa participación das principais entidades representativas dos sectores estratéxicos e dos principais clústeres galegos. Aproximadamente o sesenta por cento do PIB da comunidade autónoma estivo presente nestas mesas, e de aí saíron á luz unha serie de necesidades de persoal e de cualificacións do tecido produtivo galego. Ante esta evidencia, o que fixemos foi adaptar a oferta formativa e tamén os programas de formación que necesitan as nosas empresas e, por suposto, tamén os nosos traballadores; tivemos en conta os resultados destas mesas, tamén os resultados extraídos do propio Observatorio de Prospectiva do Mercado Laboral, que depende da propia consellería; e, así mesmo, complementamos esta información cun estudo que foi elaborado polo GAME, que é o Grupo de Análise e Modelización Económica da Universidade de Santiago.

Con todo isto definiuse, durante o ano 2022 e agora mesmo, xa no ano 2023, o Plan galego de formación para o emprego; dentro deste plan galego hai, por suposto, actuacións consolidadas e que continuamos levando a cabo, adaptando a tipoloxía das cualificacións ás necesidades que saen desta interlocución, da que lles estou falando, e tamén hai programas novos porque entendemos que é necesario flexibilizar a formación a respecto dos certificados de profesionalidade e das especialidades formativas que agora mesmo están nos catálogos oficiais. Ben, con isto, este ano, por primeira vez, aprobamos dúas convocatorias que subvencionarán bonos de formación, bonos de formación para empresas e bonos de formación



para persoas traballadoras desempregadas. Son accións formativas que non teñen encaixe —como dixer— nos actuais catálogos de formación, tanto do Ministerio de Traballo como o do Ministerio de Educación, que —como saben e tamén teño mencionado en numerosas ocasións—, son catálogos pouco flexibles e que están no día de hoxe obsoletos con respecto ás necesidades e á axilidade que require o mercado laboral actual. En segundo lugar, xa o ano pasado puxemos en marcha, e continuamos nesa liña este ano, os convenios de colaboración para realizar accións formativas de cualificación e de recualificación que necesitan os traballadores, de acordo coas necesidades que trasladan os clústeres e as asociacións empresariais, tanto para persoas traballadoras ocupadas que precisen procedementos de reciclaxe profesional, como para persoas desempregadas, para cubrir as vacantes que as distintas asociacións e clústeres empresariais teñen agora mesmo ou van ter nun curto ou medio prazo.

Entre o ano 2022 e o ano 2023 mobilizamos 9 millóns de euros. No ano 2022, doulles conta xa de que se finalizaron 809 accións formativas; nestas participaron 12.405 alumnos. Para o ano 2023, prevemos chegar a outras —ou a máis de— 7.500 persoas, a través de 457 accións. No día de onte, 8 de maio, xa participaron 7.528 persoas e xa constan como formadas 3.091. Continuamos, en terceiro lugar, con unidades formativas en empresas —que saben—, que é unha formación que inclúe un compromiso de contratación dun mínimo dun corenta por cento dos participantes. A Administración financia a formación que desean as empresas e, con esta iniciativa e financiando ese cento por cento da formación, pensamos chegar a uns 2.500 participantes, dos que dixer que o corenta por cento terán que ser contratados polas empresas.

Con base nos resultados deste proceso de diálogo, adaptamos tamén todo o que é a oferta formativa, as accións formativas para desempregados e tamén a formación para ocupados, que se convocan a través de ordes de subvencións, tradicionalmente como política activa de emprego da consellería. Con base nisto, afinamos as accións formativas e os certificados de profesionalidade por comarcas, tendo en conta o desemprego e tamén as oportunidades laborais en cada comarca. Así contamos con poder formar uns 20.000 alumnos ocupados na formación para ocupados; xa se puxeron en marcha estas axudas. E acabamos de aprobar no Consello da Xunta da semana pasada a formación e as axudas para a formación de desocupados, que son 70 millóns de euros, cos que contamos chegar a 23.126 persoas desocupadas.

Xunto con isto, antes de rematar o bloque de formación, gustárame destacar que continuamos apostando tamén por programas específicos para determinado tipo de colectivos que necesitan ou que teñen determinadas necesidades de formación. Refírome con isto, por exemplo, ao Programa de capacitación integral para a consecución dun emprego de persoas en risco de exclusión e tamén ao Programa de intermediación avanzado para as persoas con discapacidade. Respecto das persoas con discapacidade, contamos beneficiar 1.310 persoas e respecto das persoas en risco de exclusión social, 192 persoas neste ano 2023. Tamén, facendo incidencia —como dixer— en colectivos específicos, continuamos co traballo de mellora das capacidades dixitais das mulleres rurais; en concreto contamos con chegar a máis de 10.000 mulleres.

E, por último, quero referirme ao estado actual dunha cuestión que foi xa nos orzamentos e que foi comunicada nos orzamentos da consellería, que é o centro de formación na Cidade



das TIC do que —como digo— xa falei. Xa lles podo dicir que estamos en disposición de proceder á firma do acordo que se fará entre a Universidade da Coruña e a consellería para a súa creación; e aquí recórdolles que se tratará dun centro de formación especializada nas novas ocupacións profesionais que saen desta axenda, pero, fundamentalmente, nas derivadas da transición verde e dixital. Non soamente traballamos a través dos resultados desta axenda na adaptación, aos nosos tempos, da formación para o emprego, pero tendo en conta esta situación anómala da que falaba, da que partimos en toda esta estratexia, sen dúbida, é preciso para optimizar a ligazón entre a oferta e a demanda de emprego e para ofrecer un mercado laboral que sexa forte, que sexa atractivo.

Esa renovación integral do Servizo Público de Emprego de Galicia, que saben que comezamos tamén como unha estratexia de lexislatura no ano 2020, por suposto, continúa, como non pode ser doutro xeito, dende a perspectiva material, reacondicionando as infraestruturas, mellorando as oficinas de emprego e adquirindo tamén, cando é necesario, novas oficinas; pero, sobre todo, saben que o punto forte ou a innovación supón a dixitalización do Servizo Público de Emprego.

Ben, neste mesmo mes de maio comezou xa como en tres oficinas iniciais ou en tres oficinas piloto o despregamento da ferramenta tecnolóxica de intelixencia artificial. Esta ferramenta chamarase, ou chámase, Emprego intelixente (Emi) e comezou en tres oficinas neste mes de maio, que son as oficinas de Pontevedra, de Ordes e de Cambados. As primeiras funcionalidades que van estar á disposición das oficinas e que se irán instalando e aplicando ao longo do ano en todas as oficinas —isto é, nas cincuenta e catro oficinas do Servizo de emprego—, serán funcionalidades á disposición, en primeiro lugar, dos orientadores; en concreto serán tres funcionalidades clave: un navegador competencial, un emulador de ocupacións e un recomendador de formación. A través do navegador competencial os orientadores poderán obter información das competencias asociadas a cada ocupación deseñada. Farán, polo tanto, unha aproximación ao perfilado competencial do demandante, e co emulador de ocupacións o que se fará será traducir a competencias as ocupacións máis relevantes da vida laboral da persoa demandante, para, a partir precisamente desta identificación, buscar a ocupación idónea para esa persoa, pero tamén avaliar ocupacións alternativas e brechas competenciais en relación coa ocupación deseñada pola persoa traballadora. E para isto contamos —como digo— con esa terceira funcionalidade, que é o recomendador de formación; é dicir, consiste en identificar os recursos formativos dos catálogos de formación para o emprego que sexan idóneos para reforzar ou para superar a brecha competencial que ten a persoa, e, polo tanto, para cubrir esa brecha para que poida acceder á ocupación desexada.

Esta ferramenta Emi tamén contará con funcionalidades para as empresas porque necesitamos facer atractiva a ferramenta para que as empresas, cada vez máis, trasladen máis datos de vacantes ao sistema, de maneira que, polo tanto, a intelixencia artificial se poida nutrir e poida funcionar cada vez mellor e ser máis eficiente. Así, as empresas que trasladen as súas vacantes ao noso servizo o farán de forma múltiple e simultánea, cunha ferramenta *multiposting*, de xeito que, de modo gratuíto, a Xunta de Galicia publicará tamén noutros portais de emprego a súa oferta de traballo para multiplicar así as posibilidades de cruzar a oferta e a demanda e para obter un maior número de candidatos.



Dentro desta reformulación do Servizo Público de Emprego, no ano 2022 saben que implantamos o distrito único de ofertas e demandas de emprego. Continuamos, por suposto, no ano 2023 cun servizo para que as persoas se poidan inscribir e poidan realizar todos os trámites en calquera oficina —en calquera desas cincuenta e catro oficinas—, en toda Galicia, para —como digo— cada vez facer máis fáciles e máis accesibles os servizos á cidadanía; e, por suposto, tamén para as empresas que queiran presentar as súas ofertas. E como elemento fundamental dentro da reformulación está o capital humano. Acabamos de implantar 136 novas prazas de orientadores laborais que se crearon nos orzamentos. Esas persoas, eses orientadores laborais están xa agora mesmo nas cincuenta e catro oficinas de toda Galicia; como media, cada oficina ten dous orientadores, co cal as oficinas máis grandes chegan a cinco orientadores laborais, e, como mínimo, as máis pequenas teñen todas un orientador laboral. Esta é a maior incorporación de persoal ás oficinas de emprego dende que se fixeron as transferencias das competencias nos anos noventa á Comunidade.

Xunto con esta incorporación de capital humano —que é clave para poder desenvolver a ferramenta e, por suposto, todos os programas que estamos implantando— hai un Plan de formación permanente do persoal traballador do Servizo Público de Emprego de Galicia. Este plan creouse no ano 2022, co lanzamento de diversos cursos para formarse en materias específicas, no ámbito das oficinas de emprego; e no ano 2023 continuamos, por suposto, con esa segunda edición que estamos a piques de aprobar. Neste ano ofreceremos seiscentas cincuenta prazas; a oferta formativa é do máis diversa, partindo, por suposto, da normativa do dereito do traballo, de políticas activas de emprego, pero tamén de utilización de novos recursos: de redes sociais, da procura de emprego, do uso do *coaching* en orientación etc. Pretendemos facer esta formación durante o mes de xuño, e, en todo caso, debería estar rematada no mes de outubro deste ano. Xunto con isto, hai un plan formativo específico para eses 136 orientadores laborais que se acabaron de incorporar; xa recibiron unha microformación de vinte e catro horas previa á súa incorporación para que tivesen un coñecemento xeral da metodoloxía e do funcionamento das oficinas de emprego. E agora recibirán, no mes de xuño, un curso de especialización en materia de orientación laboral e de prospección do mercado de traballo, porque estas figuras teñen, as dúas, funcións de orientación, pero tamén de prospección do mercado de traballo, no ámbito da súa oficina.

Para que todo este programa prospere —como dicíaantes—, para que a ferramenta Emi poida ir, pouco a pouco, gañando información, precisamos da colaboración das empresas, e, por suposto, tamén de ir, pouco a pouco, perfilando, cada vez máis, os currículos, as competencias e a formación das persoas demandantes de emprego. De aí a importancia de ir, pouco a pouco, asinando convenios de colaboración coas distintas asociacións empresariais e coas confederacións de empresarios porque entendemos que elas teñen tamén a posibilidade de trasladar ás súas empresas asociadas, aos autónomos, a posibilidade que existe agora mesmo con esta nova ferramenta; ata o momento xa asinamos seis convenios de colaboración —como digo— entre asociacións de xoves empresarios, cámaras de comercio —por exemplo, a da Coruña—, a Confederación de Empresarios de Galicia, asociacións de empresarios territoriais —por exemplo, a de Redondela—, a Asociación Parque Empresarial Tella de Ponteceso... Bueno, levamos seis convenios, ata o momento, e pensamos continuar, tratando de achegarnos ao tecido produtivo, tanto a nivel sectorial como a nivel territorial, para que eles vaian trasladando ás empresas a existencia deste novo proxecto.



Como dicía, o Servizo Público de Emprego ten que ter os datos actualizados das vacantes; para iso, necesitamos as empresas e os datos actualizados das persoas que están en situación de desemprego. Non é viable que atopemos un traballo adecuado para unha persoa se temos os seus datos desactualizados: se, por exemplo, esa persoa non actualiza a súa formación; se esa persoa cambiou o seu lugar de residencia ou ampliou mesmo o ámbito xeográfico para o que busca o seu traballo... Por esa razón, saben que o ano pasado o Consello da Xunta autorizou a posta en marcha dun programa de seguimento intensivo e de apoio personalizado para as persoas desempregadas demandantes de emprego. Este programa vaise levar a cabo con estes 136 orientadores laborais novos que van analizar cada caso polo miúdo, para ver cales son os problemas que están dificultando que esas persoas non atopen postos de traballo, e, sobre todo, para actualizar os seus perfís, e, por suposto, tamén para ir, pouco a pouco, a través desa ferramenta, mellorando as posibilidades de ocupación coa formación que temos agora mesmo en marcha.

¿En que casos se vai realizar ese seguimento ou ese acompañamento intensivo dos orientadores? Vimos priorizando uns colectivos que consideramos que agora mesmo son máis febles dentro do mercado laboral; para iso comezaremos cos demandantes de emprego que rexeitasen unha oferta de emprego ou abandonasen unha formación sen xustificación, isto é, todos aqueles que temos inscritos dende hai cinco anos, ou máis, no Servizo de emprego e que non teñen un plan personalizado de emprego nin tampouco accederon, en todos estes anos, a un emprego; tamén os casos de persoas que non confirmasen a súa dispoñibilidade para tres ofertas laborais nun ano ou que non se presentasen ás citas de orientación laboral. Ben, con estes colectivos —como digo— empezarán a traballar os orientadores laborais con citas, por suposto, para facer, primeiro, unha revisión personalizada da súa situación e coa idea de continuar un seguimento mínimo durante un período de seis meses ata que a persoa logre inserirse e integrarse no mercado laboral. Entra aquí, dende logo, e fago tamén aquí un chamamento á receptividade e á voluntariedade das persoas desempregadas para que, por favor, acudan a estas citas dos orientadores laborais, que son persoas —como dicimos— que están preparadas e para as que temos os mecanismos e as ferramentas para lograr mellorar a súa formación e para cruzar a oferta e a demanda de emprego, porque agora mesmo —como estamos vendo— hai vacantes no noso tecido produtivo, e, polo tanto, esas persoas poden ter unha oportunidade laboral real en Galicia.

Para mellorar o mercado laboral nesta situación na que nos atopamos, por suposto que o Goberno ten que ter unha ferramenta adecuada; por suposto que ten que ter persoal formado; por suposto que os desempregados e tamén as persoas traballadoras teñen que formarse, teñen que acudir e ser receptivos á nosa formación; pero tamén temos que fomentar, e as empresas teñen que ser receptivas a facer un auténtico cambio empresarial e social que teña o benestar laboral no centro, para así atraer o talento. Agora mesmo as empresas galegas están competindo coas empresas de todo o mundo por moitísimos perfís profesionais; polo tanto —eu non me canso tamén de dicilo nas reunións que temos cos empresarios, cos autónomos—, as empresas non poden olvidar que para atraer e para reter ese talento teñen, dende logo, que pagar ben, que pagar bos salarios; e teñen, dende logo, que ter en conta a sostibilidade social e a sostibilidade no seu goberno, as medidas de igualdade, as medidas de benestar laboral, que son as que farán, sen dúbida, que as persoas traballadoras queden na empresa. Por iso nesta estratexia, Xempre, de emprego damos moitísima



importancia —e é un elemento fundamental— a promover a sostibilidade nas empresas, a sostibilidade social, a avanzar respecto dos conceptos de responsabilidade social e empresarial tradicional e a avanzar cara a esa sustentabilidade, que implica satisfacer as necesidades que temos as xeracións de hoxe, pero sen comprometer as necesidades das xeracións de mañá. É unha transformación urxente, é un cambio de paradigma que teñen que facer as empresas, ademais de poñer en práctica accións que benefician toda a comunidade, buscando un equilibrio entre o crecemento económico e o respecto ao medio ambiente, por suposto, e ao benestar social, enfocando a sustentabilidade empresarial e corporativa no respecto aos dereitos humanos, na promoción da diversidade, na consecución da igualdade e na verdadeira inclusión.

Reunir talentos, crear equipos multidisciplinares, favorecer ese benestar laboral son, dende logo, cuestións de xustiza social; pero, sen dúbida —e isto ten que entrar na cabeza das empresas—, mellora a súa produtividade, aumenta os resultados e consegue —como dicía antes— atraer e reter ese talento de todo o potencial das persoas traballadoras posibles porque fai máis atractivos os empregos.

Na Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade somos superconscientes deste cambio de paradigma, e, por iso, estamos intentando responder a esta transformación, impulsando accións que promovan precisamente o benestar laboral nas empresas, por suposto, a conciliación, a racionalización dos horarios e, en resumo —como digo—, a sostibilidade social e empresarial. Saben que xa puxemos en marcha moitísimas medidas e que continuamos incidindo e insistindo nelas: axudas para compensar a redución de xornada laboral e fomentar a corresponsabilidade; axudas para a conciliación das persoas traballadoras autónomas, para que as persoas que precisen contratar outra persoa e favorecer a súa conciliación persoal e familiar poidan facelo e así tamén consolidar os seus proxectos empresariais —contamos con chegar a noventa autónomos este ano—; axudas para fomentar os acordos laborais de flexibilidade horaria e de teletraballo que fagan as empresas, tanto polos acordos —os que leven as empresas cos traballadores— como tamén axudas para adquirir elementos tecnolóxicos que posibiliten a implantación efectiva do traballo en remoto; axudas para a formación en igualdade.

Os responsables de Recursos Humanos das empresas teñen que estar formados en igualdade. A igualdade non é unha entelequia nin algo do que sabe todo o mundo, senón unha cuestión técnica que precisa de coñecemento das persoas responsables de Recursos Humanos nas empresas; e, polo tanto, ofrecemos, a través dese campus virtual de formación en igualdade laboral e relacións laborais, accións gratuítas enmarcadas en distintos ámbitos, como poden ser a conciliación, a corresponsabilidade, o fomento do teletraballo, o rexistro retributivo, a loita contra o acoso laboral... Formamos no ano 2022 máis de tres mil persoas en vinte accións formativas e, en febreiro do 2023, iniciamos xa os cursos; en total, imos realizar corenta e unha accións formativas este ano, e pensamos duplicar as persoas ás que cheguemos. A previsión que temos é chegar a máis de seis mil setecentas persoas este ano. Continuamos, por suposto, dando axudas de formación dirixidas á capacitación das persoas que desenvolven funcións relacionadas coa negociación colectiva e co diálogo social, para poñer en marcha gabinetes técnicos en materia de igualdade laboral nas empresas; e tamén axudas para elaborar e para implantar plans de igualdade nas empresas.



E, por suposto, no marco desta sostibilidade social e deste benestar laboral, está tamén a responsabilidade social empresarial. Continuamos dando axudas para a certificación en responsabilidade social empresarial, e tamén, en xeral, para actuacións que van dirixidas á promoción e ao fomento desta responsabilidade social empresarial. Saben que temos en marcha xa a terceira edición do programa Responsabilízate, que precisamente pretende —o que estamos falando nas empresas— facer un seguimento con elas para lograr esa verdadeira transformación competitiva nas pemes galegas, para que apliquen realmente as cuestións sociais, ambientais e de goberno nas súas organizacións.

No marco de toda esta actuación en materia de sostibilidade e de benestar laboral, saben que aprobamos as dúas estratexias que están vinculadas con este tema, tanto a Estratexia de responsabilidade social empresarial 2023-2024 —esa nova ferramenta que quintuplica a dotación económica da anterior, ata chegar aos 174,7 millóns de euros, e que ten vinte e cinco accións concretas dirixidas ás empresas, aos traballadores autónomos, ás administracións públicas e, por suposto, á cidadanía, en xeral—, e que se complementa co segundo Plan de benestar laboral, conciliación e corresponsabilidade 2022-2025, que conta con cinco áreas estratéxicas, corenta e dúas medidas e máis de 1.100 millóns de euros para o período. É un orzamento que pretende promover o compromiso das organizacións co benestar laboral das persoas traballadoras, o recoñecemento social e profesional do valor dos coidados e a súa dignificación, incorporando, ademais, dous principios básicos que son a ruralidade e a discapacidade. É dicir, ambas as estratexias están en consonancia con esa sostibilidade social da que lles falo; en consonancia coa nova directiva europea publicada a finais do pasado ano en materia de sostibilidade; e tamén pretenden, dende logo, fomentar unhas boas condicións de traballo e unha conciliación da vida persoal, familiar e laboral, nesa tripla perspectiva de sostibilidade medioambiental, social e de goberno. O que pretendemos é contribuír a impulsar dende o Goberno a transformación cultural, social e empresarial que se precisa, humanizando tamén as empresas sen que en ningún caso perdan a súa produtividade. Neste cambio e nesta transformación, sen dúbida, hai un elemento esencial que forma parte tamén desa sustentabilidade, que é a seguridade e a saúde no traballo.

Somos conscientes de que temos aínda moito que mellorar na loita contra a sinistralidade laboral. Os datos mostran que isto é aínda un gran problema na nosa sociedade. Soamente no ano 2022 se rexistraron 25.732 accidentes en xornada laboral; e aínda que é certo que o 98,2 por cento foron accidentes leves, tamén houbo accidentes graves e mortais. Analizando os datos dispoñibles, no que vai de 2023, aínda que os accidentes baixaron un 14,6 por cento respecto do mesmo período no ano pasado, seguimos tendo moitísimos accidentes e moitísimos máis dos desexados. Son, agora mesmo, 3.369 accidentes con baixa en xornada laboral; polo tanto, non temos agora mesmo os datos que deberíamos ter e os resultados que todos desexariamos en materia de sinistralidade laboral, co cal temos que continuar traballando. O que si podó dicir é que existe unha política intensiva, unha política coordinada e focalizada en materia de seguridade e de saúde no traballo, e, polo tanto, temos que seguir insistindo e temos que seguir mellorando neste eido.

Saben que aprobamos, como non podía ser doutro xeito, o Plan de actuación do Issga para este 2023, que ten sete eixos estratéxicos. Eu destacaría a participación técnica que imos ter en trinta e nove grupos de traballo, a nivel tanto autonómico como nacional, en materias



como seguridade viaria laboral, investigación de accidentes ou enfermidades profesionais e as actuacións que se van levar a cabo de comprobación do material, de condicións de seguridade e de saúde nos centros de traballo, a través do persoal técnico habilitado. Contamos con poder realizar cincocentas actuacións dentro do ano 2023. Tamén este ano imos deseñar programas de redución de sinistralidade e de mellora da xestión preventiva, nos que se realiza —como saben— actuacións de asesoramento, de información e de sensibilización destinadas a determinados sectores, actividades e colectivos, tendo en conta precisamente os datos que temos de maior sinistralidade nestes sectores, nestas actividades e nestes colectivos. Ten especial relevancia, por suposto, a promoción da saúde no traballo para reducir os accidentes laborais que teñen como causas patoloxías non traumáticas, porque precisamente estas teñen un alto peso na sinistralidade laboral mortal. E canto á Estratexia galega de seguridade e saúde no traballo, como saben, comprometeramos que, unha vez que estivesen aprobadas a estratexia europea e a estratexia española, comezaríamos a desenvolver, con base nas mesmas, a estratexia galega. Recentemente acaba de ser aprobada a estratexia española e, cumprindo co prometido, o 31 de marzo deste ano o Consello Galego de Seguridade Laboral, como órgano de participación institucional nesta materia, creou xa, na súa reunión dese día, un grupo de traballo co mandato de elaborar precisamente esa nova Estratexia galega de seguridade e saúde laboral que ha de chegar ata o ano 2027.

Cambiando ou avanzando un pouco máis e deixando un pouco de lado esa sustentabilidade da que falaba, ese benestar laboral e esa seguridade e saúde laboral e esa responsabilidade social empresarial, paso agora a dar conta dun programa específico —que seguro que xa coñecen— que forma parte da estratexia Retorna, da Xunta de Galicia, e que é precisamente o programa de Retorna Emprego, que ten distintas actuacións. Quero destacar que, nesta estratexia de Galicia Retorna, cando se presentou este ano, lle demos moitísima importancia ás medidas laborais; tanta importancia, que constitúen o corenta por cento de toda esta estratexia; por iso quero dar conta tamén aquí do que supón e en que consiste o programa de Retorna Emprego. En primeiro lugar, unha parte fundamental deste programa —diría eu— é a parte do programa Retorna Emprego que se denomina «Retorna Cualifica Emprego», que son 3,7 millóns de euros cos que pretendemos traer a Galicia persoas galegas, fillos de galegos ou netos de galegos; en concreto, o número que estimamos son catrocentas persoas do exterior que poidan volver a Galicia cun contrato de traballo indefinido. Dende a súa posta en marcha, e agora mesmo, saben que é un programa chave en man, por medio do que as empresas trasladan as vacantes que teñen aquí, en Galicia, e, despois de ver, por suposto, que non existen perfís profesionais adecuados a esas vacantes na comunidade autónoma e como requisito sine qua non, é cando se fai a busca de persoas galegas no exterior. Agora mesmo temos xa medio centenar de ofertas de traballo dispoñibles e estanse buscando os candidatos no exterior, algunhas poucas persoas porque a estratexia acaba de comezar, pero xa están agora mesmo na Comunidade Autónoma de Galicia.

Dende aquí, quero facer tamén un chamamento ás empresas galegas e aos autónomos galegos que están agora mesmo buscando persoas para traballar nas súas organizacións para que se sumen a esta iniciativa, pois cremos que non é soamente unha iniciativa de xustiza, de volta a Galicia das persoas galegas, senón que vai axudar o tecido empresarial nun momento de singular falta de man de obra xeneralizada —como dicimos— en case todos os sectores produtivos. Estamos tamén asinando protocolos que ofrecen aos clústeres e ás aso-



ciacións empresariais a posibilidade de adherirse ao programa e de adherirse ao documento, para, despois, trasladar ás súas empresas asociadas o programa en cuestión. Agora mesmo, xa existen doce clústeres, ou doce asociacións empresariais, que están adheridos ao programa. Son estes: a Fundación Laboral da Construción, a Fundación Galega do Comercio, a Cámara Mineira, a Asime, o clúster TIC, o Club Ergal, a Aclunaga, o Ceaga, a Asociación do Hidróxeno Verde, a Asociación de Empresarios de Ponteceso e está a piques de asinarse a colaboración con Unións Agrarias.

Proximamente poremos en marcha —digamos— a segunda pata deste programa Retorna Emprego, que é a parte relativa ao emprendemento. Para o emprendemento, pretendemos axudar precisamente os emprendedores e os emigrantes retornados a través dunha aceleradora de emprendemento, que consta de dúas fases: unha preaceleración, que se fará no país de orixe, para acompañala e titorizala dende a orixe, en formato *online*; e, despois, unha segunda aceleración dos proxectos que vexamos que sexan viables, que se fará na comunidade autónoma. Por suposto, isto vai acompañado dunha liña específica de axudas económicas: temos unha reserva orzamentaria dun millón de euros para que os proxectos que vexamos que poden ter éxito poidan ter ese apoio económico; e, ademais, temos axudas que son compatibles cos restantes programas de apoio, da propia consellería e tamén da Secretaría Xeral de Emigración.

E falando de emprendemento, evidentemente, esta política de emprendemento que facemos para os emigrantes retornados forma parte de toda a política ou da estratexia de emprendemento que ten a Xunta de Galicia. Consideramos que o emprendemento é un dos piares do mercado laboral galego, e, por iso, esa estratexia sempre ten unha parte moi importante dedicada tanto ao emprendemento como á política de autónomos e de economía social. O noventa e sete por cento do noso tecido produtivo son microempresas, son persoas traballadoras autónomas, e, polo tanto, temos que dedicar unha boa parte dos nosos programas e dos nosos recursos, sen dúbida ningunha, aos mesmos. Os datos do mes de abril, respecto do colectivo de persoas traballadoras autónomas, revelan a importancia que teñen os autónomos e as autónomas na nosa comunidade: o 17,32 por cento das persoas activas en Galicia son autónomas e representan o 20,43 por cento do total das afiliacións; é dicir, Galicia é a primeira comunidade con maior peso de autónomos sobre o total de afiliacións: 4,19 puntos por riba da media estatal.

¿Que estamos facendo ou que forma parte desa estratexia en materia de emprendemento? Coñecen xa a Rede de polos de emprendemento de apoio ao emprego, cuxa posta en marcha comezamos no verán do ano pasado. É unha rede que está concibida precisamente para avaliar as potencialidades de negocio da actividade empresarial, pero vinculada a cada territorio na comunidade autónoma, para, con isto, poder dar unha resposta axeitada aos emprendedores e ás emprendedoras galegos. Contará con quince polos activos, pois, agora mesmo, aínda non está despregada na súa totalidade. Xa estamos, por suposto, atendendo o cen por cento da xeografía galega nos oito polos que están agora mesmo en funcionamento. Contamos con poder chegar, se non a todos, ao noventa e moitos por cento dos polos abertos, neste ano 2023.

En canto á situación dos proxectos nos polos que están activos, doulles conta que apoiamos xa trescentas vinte e sete persoas emprendedoras. Chama a atención a porcentaxe de mu-



lles. Axudamos cento noventa e tres mulleres e cento trinta e catro homes a través de novecentas sesenta e oito sesións de titorización. Os proxectos destas persoas son trescentos sete e un setenta e nove por cento deles xa está activo, en concreto, douscentos corenta e tres proxectos.

O traballo dos polos desenvólvese tamén grazas a unha ferramenta de intelixencia territorial, que é a ferramenta SIE, que, ademais, xa a teñen todas as persoas galegas á súa disposición na páxina web. Esta ferramenta ten un valor porque ofrece información sobre os detalles do mercado e a estrutura produtiva do territorio no que van querer emprender; ten información sobre o sector económico no que van desenvolver a súa actividade; e tamén sobre as oportunidades de desenvolvemento empresarial que se presentan con base precisamente nas necesidades que ten, en concreto, ese territorio da comunidade.

No marco da rede, ademais deste apoio e dese asesoramento constante que ofrecemos nas oficinas dos polos, ofrécese, ou estamos a piques de finalizar, un programa de microcréditos, que está ao dispor dos emprendedores; uns préstamos dirixidos aos emprendedores para que poñan en marcha as súas iniciativas a través dos polos de emprendemento, cunha asignación de 2,5 millóns de euros, a través de convenios con entidades bancarias sobre os que lles daremos oportuna conta. Contamos con que neste verán estean activos eses microcréditos. E tamén o programa de axudas específico para emprendedores. Saben que xa puxemos en marcha un en concreto no ano 2022, que chegou a 1.146 persoas emprendedoras. Foron máis de dez millóns de euros e cubrimos a totalidade da demanda. Eran emprendedores de máis de douscentos concellos galegos. Continuarémolo no ano 2023-2024. Temos reservados 12,9 millóns de euros para dúas ordes de axudas que se van poñer inmediatamente en marcha e que pretenden financiar tanto o investimento como tamén, nalgún caso, a creación de emprego para dous tipos de emprendedores: unha orde, para emprendedores de antigüidade máxima de ata vinte e catro meses, e, outra orde, para emprendedores de antigüidade máxima de ata corenta e dous meses.

Esta política do emprendemento, dende logo, non se entendería —como dicía antes— sen a política de traballo autónomo. Precisamente por iso, porque entendemos que o traballo autónomo merece, sen dúbida, un apoio significativo do Goberno, é polo que as medidas tradicionais —diría— ou consolidadas no orzamento a respecto das persoas traballadoras autónomas se puxeron inmediatamente en marcha no primeiro trimestre do ano. Agora mesmo, máis do 90 por cento do orzamento, en concreto o 94,45 por cento do orzamento, dedicado a este colectivo específico está xa en marcha con programas á súa disposición.

Quero dar conta do programa Impacto autónomo —que coñecen—, que comezou con 30 millóns e logo se incrementaron outros 5 millóns pola alta demanda. Deses 35 millóns de euros temos xa abonados e ingresados nas contas dos autónomos, agora mesmo e no día de onte, cando o prazo de solicitudes finalizou o 9 de febreiro, 28.125.500 euros, cos cales contamos con poder rematar o pagamento da totalidade do programa ao longo deste mes. E, por outra banda —como dicía, e sen ánimo de estenderme—, están en marcha as medidas consolidadas a favor dos autónomos, tanto o Bono autónomo —que saben—, que pretende dar axudas para o investimento e para a consolidación dos negocios, como o Xempre autónomo, que é para as novas altas e para promocionar o emprego autónomo; a axuda é de ata dez mil euros



para ese inicio de actividade da persoa desempregada. Pretendemos beneficiar este ano 3.500 persoas novas autónomas na comunidade; en concreto, no ano 2022 chegamos a 3.621 autónomos. E continuamos tamén coas axudas á contratación do primeiro, do segundo e do terceiro traballador por parte das persoas traballadoras autónomas, e tamén con ese programa de Nova oportunidade para as persoas traballadoras autónomas que queiran volver iniciar a súa actividade.

No mesmo sentido, temos programas semellantes a estes, pero na economía social. Entendemos ou tratamos a economía social dende —digamos— tres fronteiras ou dende tres liñas de actuación fundamentais: unha, na que estamos insistindo moito, que é a visibilización da economía social, isto é, que se vexan e que se coñezan, entre os xoves e as persoas emprendedoras, as oportunidades que ofrece a economía social. Ademais, como Goberno, entendemos que é unha política que temos que fomentar porque as empresas de economía social quedan vinculadas ao territorio, non se deslocalizan, e, polo tanto, ofrecen un traballo seguro dentro da nosa comunidade. Segue en marcha a Rede Eusumo, pero saben que puxemos en marcha o programa Es-Próxima, que continúa neste ano 2023, e que, o que pretende é definir un selo de economía social e poñer en valor e estimular esta fórmula de crear empresa.

Por outra banda, están os programas que —como dicía— son semellantes ao que estamos facendo co traballo autónomo, é dicir, crear e consolidar estas empresas de economía social a través de apoios directos ao novo emprego en cooperativas e en sociedades laborais. Temos o programa Aprod-Economía Social; esperamos incorporar aquí douscentas oitenta e tres persoas socias e beneficiar cento trinta e seis entidades. Temos o bono Consolida para a economía social, que pretende o mesmo, isto é, consolidar e apoiar a transformación dixital, a mellora da eficiencia enerxética das entidades da economía social e, en definitiva, a súa competitividade; contamos con chegar a noventa entidades. E temos o programa Es-Transforma, co que pretendemos recuperar negocios en relevo xeracional ou ben negocios que teñen outra forma xurídica, e que probablemente poidan continuar a súa vida a través destas fórmulas de cooperativas de sociedades laborais.

E a terceira liña de actuación, por suposto, é promover o emprego inclusivo na comunidade. Mantemos e brindamos as axudas para a creación e o mantemento do emprego, tanto en empresas de inserción como, por suposto, en centros especiais de emprego. É moi importante o programa que comezou como piloto e que xa imos renovar e consolidar, que é o Programa de formación dual para as persoas con discapacidade intelectual; engadimos agora no novo programa tamén as persoas con problemas de saúde mental. Temos unha reserva este ano de medio millón de euros para o programa; en total tres millóns de euros, e, previsiblemente, contamos con chegar a cen persoas.

Ben, non me quero estender moito máis nesta primeira intervención. Temos que entender —eu creo que isto é cousa de todos e todas os do Goberno, dende logo, pero tamén de todos os grupos políticos, das empresas e dos traballadores— que o noso mercado laboral vive unha situación absolutamente singular. Por primeira vez na nosa historia, empresas de múltiples sectores están atopando dificultades serias para atopar persoal cualificado e especializado, para atopar eses perfís profesionais que demandan a súa produción e os servizos que



están prestando, e, polo tanto, hai unha certa desconexión entre as necesidades que teñen estas empresas e as capacidades profesionais que temos as persoas traballadoras, non só en Galicia, por suposto; estase dando a nivel global. Este é un dos grandes retos que temos todas as sociedades por diante para manter a competitividade do noso tecido produtivo, pero tamén para facer medrar económica e socialmente, no noso caso, Galicia.

Cremos que os gobernos nos temos que anticipar a esta cuestión; non podemos ir por detrás, temos que ir por diante para promover o cambio e para axudar as persoas e as empresas. É un dos grandes desafíos —como digo— do século XXI en materia non só laboral, senón tamén económica e social, e, dende logo, ten que estar na axenda de todos esa adaptación e esa actualización das capacidades á realidade actual; a necesaria ligazón da demanda coa oferta; a aposta polo benestar organizacional e polo impulso da sustentabilidade empresarial como fórmula de retención de talento e de acadar tamén comunidades máis igualitarias e máis inclusivas.

E simplemente quero destacar e agradecer —porque creo que o teño que facer— o diálogo e o consenso que existe nesta comunidade, que —creo— é fundamental para ter o piar dunhas boas relacións laborais, tanto, por suposto, por parte do diálogo social, por parte dos empresarios como por parte dos sindicatos e tamén por parte de todas as reunións da Mesa do Traballo Autónomo e dos distintos órganos e reunións informais que estamos tendo e que —como digo— nos están axudando a facer ese traballo en equipo que —creo— é a única fórmula para avanzar nas políticas laborais e no emprego de calidade na comunidade.

Polo momento, nada máis. Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Bos días a todos e a todas.

Conselleira, sempre é positivo que compareza e que dea conta no Parlamento das políticas que está a levar a cabo a Xunta de Galicia en materia de emprego. Vostede faino hoxe, segundo está na orde do día da sesión, para presentar o plan de acción do seu departamento para o ano 2023 e dar un balance a un mes de entrar no segundo semestre do ano, se ben este grupo parlamentario a interpelamos no pleno de marzo, preguntándolle sobre a situación do emprego en Galicia e polo deseño das políticas de emprego. *(A señora Rodríguez Dacosta carraspea e bebe un pouco de auga.)*

Os socialistas insistimos, señora conselleira, en recordarlle a obriga da Xunta de Galicia de garantir a participación dos interlocutores sociais e empresariais máis representativos de Galicia, así como a participación das diferentes administracións locais —porque entendo



que é importante— dos concellos no deseño e control das políticas de emprego, co fin de reforzalas e co obxectivo de dotar dunha maior solidez, estabilidade e sostibilidade o tecido laboral, en xeral, e as traballadoras e traballadores, en particular. Un canal —que vostede sabe— que sería unha posta en común das necesidades e oportunidades de Galicia en materia de emprego —como sinalaba o propio Goberno galego no momento da constitución do Consello Autonómico dos Consellos Provinciais de Emprego—, co fin de que participasen, ademais da UGT, das Comisións e da CIG, tamén a patronal, o Servizo de emprego estatal, a Inspección de Traballo e o Instituto da Mariña. Pero o que é máis grave, señoría, é que vostede non cumpriu coa obriga legal de constituír os dezaseis comités territoriais, porque ao Goberno galego —reitero— non lle interesa que os concellos galegos teñan voz na planificación e no control dos programas que levan a cabo nos territorios.

E hoxe falaba dos problemas que ten o mercado laboral galego, da falta de profesionais para determinadas profesións, cuestións que tamén temos abordado neste grupo parlamentario en distintas ocasións, neste plenario, no que o Partido Popular que sustenta o Goberno votaba en contra de medidas que entendiamos que tiñan que estar postas xa enriba da mesa, e os concellos serían un axente importante para que o Goberno galego coñecese a situación territorial.

Para falar do plan de acción que xa puxo en marcha este ano 2023, é imprescindible falar dos orzamentos que dedica a tal fin. E, como primeiro apuntamento, cómpre aclarar, para situarnos, que, entre investimentos reais e transferencias, o Goberno do Estado, presidido por Pedro Sánchez, achegou aos orzamentos para o seu departamento a cantidade de 251 millóns dos 381 millóns consignados, mentres que a Xunta aportou só 85 millóns de euros, e, é importante tamén reseñalo porque é practicamente a metade do orzamento que no ano 2009 deixaba o Bipartito, xa que só para a área de políticas de emprego asignaba 155 millóns de euros.

Anunciaban vostede e o señor Rueda a contratación de cento trinta e seis orientadores que neste momento están formándose, para realizar traballos de orientación e de prospección laboral nas oficinas de emprego. É unha noticia que claro que aplaude este grupo parlamentario, porque esta que lles fala ten insistido moitísimo nesta cuestión, na necesidade de orientadores e de técnicos que levarán a cabo esta necesaria intermediación laboral, que ata o de agora era totalmente insuficiente. E —como dicía— saía aos medios o presidente Rueda, anunciando que dedicaba 5 millóns de euros para a contratación destes profesionais. Pero eu tamén quero aclarar certas cousas. A orde (*A señora Rodríguez Dacosta mostra un documento ao resto da Cámara.*) —que vostede coñece perfectamente— 441/2022, do 17 de maio, publicada o 19 de maio do ano pasado, é pola que se distribuían territorialmente, para o exercicio económico do ano 2022, para a súa xestión polas comunidades autónomas con competencias asumidas, créditos do ámbito laboral financiados con cargo aos presupostos xerais do Estado e non financiados cos mecanismos de recuperación e resiliencia.

Falaba de distribución de créditos conforme a nova Estratexia española de emprego 2021–2024. E moitas das medidas que hoxe vostede está aquí a vender —a vender no bo sentido da palabra— veñen desta estratexia europea; e veñen establecidas, porque a estratexia entende que o apoio activo e a formación para o emprego teñen que ser obxectivos fundamentais nas políticas



activas. E tamén este plan, esta estratexia contén servizos e programas que cada comunidade, tamén Galicia, ten que levar, si ou si, a cabo. Para iso se crea un servizo destinado a reforzar a Rede de persoal dedicado a labores de orientación profesional para o emprego e a prospección do mercado de traballo. Concretamente, no anexo 6 —vostede sábeo perfectamente— viñan asignados para Galicia 5.481.000 euros. Esta é unha transferencia que fixo o Estado a Galicia para esa contratación, como foi o programa dirixido a xoves desempregados menores de trinta anos, cuxa etapa formativa estivese completa e acreditada para realizar a súa primeira experiencia laboral na Administración; foi un investimento de máis de seis millóns de euros —seis millóns e case douscentos mil euros—. E pregúntolle: ¿cantos mozos e mozas contratou a Xunta de Galicia para realizar labores de orientación laboral —que hoxe reivindica e eu aplaudo— na Fundación Galega para o Traballo? Sei que están traballando orientadores laborais alí —non sei o número exacto, pero vostede si—.

O que non entendín é por que a Xunta de Galicia, ao contrario doutras administracións, non deu a oportunidade neste programa para que os xoves que traballaban na Administración pública puidesen traballar nos municipios galegos; dende logo, non o puiden entender. Quizais fose porque a maioría dos concellos que ía recibir máis xoves era do Partido Socialista; é a única resposta que podo encontrar a esta cuestión.

Conselleira, coincidimos en que a orientación é unha ferramenta imprescindible e esencial para conseguir a inserción laboral dos parados e das paradas no mercado laboral. Pero hai un problema cando os programas de actuación que realizan estes profesionais para un parado non se levan a cabo porque —sabe tanto vostede coma min— parados que estaban anotados —porque se anotaban eles a demanda, e tampouco debería ser así—, por exemplo, para a rama forestal, despois eran chamados para facer un curso de administrativo. E iso é no que coincido con vostede, en que non pode volver acontecer.

Agora resulta que temos 134.000 parados e 15.000 ofertas sen cubrir, pero ¿é culpa deles? Obviamente, non. Porén, das declaracións que fixeron vostedes —tanto o presidente como vostede—, parece deducirse que a culpa deses 139.000 parados e 15.000 ofertas, que non están cubertas, é do parado e non da falta de políticas de emprego que levamos reivindicando neste grupo de maneira positiva, conselleira, sempre de maneira positiva.

Non entendemos por que cando chegaron vostedes ao Goberno, con 155 millóns de euros que tiñan para executar, o que fixesen fose botar por terra as políticas que emprendera e que puxera en marcha o Bipartito. É certo que vostedes teñen que facer a súa política e é certo que se algunha cousa entenden que non está ben, pódena mellorar e teñen o deber de melloralala. Pero cando suprimen os pactos territoriais, que xa algúns tiñan a análise DAFO do territorio, acaban con toda esa proxección, e ata o de agora non se deron conta de que o servizo público de Galicia non funcionaba, pois, ¡home, benvidos!, pero a verdade é que parece que chegan un pouco tarde para algunha xente que leva moitos anos en paro —eses que di que levan cinco anos sen atopar unha oferta de emprego—. Eu creo que si, señoría, que o Partido Popular miraba cara a outro lado.

Nun momento conxuntural, no que a crise económica está a afectar as mulleres —vostede falaba de mulleres—, as contas da Xunta para o ano 2023 tamén son totalmente insuficien-



tes. Por exemplo, no Programa 313B, de accións para a igualdade, protección e promoción da muller, baixaron de 4.300.000 euros a 3.900.000 euros; pero no Programa de apoio a mulleres vítimas, a partida dirixida a institucións sen fins de lucro para a inserción laboral de vítimas de violencia —porque son medidas de emprego— suprínese en 2023; e a partida de axudas a familiares e a entidades para promover a formación e a creación activa de emprego, no marco da violencia de xénero, pasaba de 335.000 a 283.000. ¡Vamos!, un millón de euros menos da Secretaría Xeral da Igualdade para partidas que teñen que ver co emprego das mulleres. Por iso os datos da EPA reflicten un dato preocupante ao perderse emprego feminino —que iso non o dixo— e ao crearse emprego masculino, pero non feminino. En concreto, houbo 3.400 novos empregos ocupados por homes, mentres que as mulleres perderon 4.300 postos de traballo durante os tres primeiros meses do ano.

E en Galicia, señoría, hai 93.877 persoas paradas sen protección por desemprego; soamente o 30,8 por cento das persoas paradas está protexida: menos de unha de cada tres, e este é un dato que nos debe preocupar. E se analizamos os datos dos parados de longa duración —eu creo que concordará comigo—, naqueles que levan máis dun ano nesta situación a protección de paro é para menos de unha de cada catro: só o 23,5 por cento. Esta é unha situación alarmante, e ten o deber de corrixila —non soamente vostede—, obviamente, porque falamos dunha política transversal que ten que aplicar todo o Goberno galego.

En relación cos mozos e coas mozas, señoría, entre o ano 2008 e o ano 2022, tivemos en Galicia 126.823 persoas menos, de entre dezaseis e vinte e nove anos; unha perda do 28,3 por cento, que denota esa falta de políticas de emprego para a mocidade. Se ben é certo que non só se pode achacar —como dicía— ao seu departamento...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: ¿Perdón?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor, cando poida.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Si, un segundoño.

Ben —insisto—, falaba de datos —eu non teño agora tempo; falarei na segunda intervención—. O que non di é que moitos destes datos de estabilidade na contratación veñen das políticas que emprende o Goberno de Pedro Sánchez en Madrid, e a redución da temporalidade e a creación de contratos indefinidos tamén teñen moito que ver, e teño datos que podo dar despois, na segunda intervención, para corroboralo.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Dacosta.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Pérez López.

O señor PÉREZ LÓPEZ: Presidente.



Bos días a todos e a todas.

Voulle ser sincero, señora conselleira —e creo que vostede xa vai sabendo que o son—. ¡Quen me dera poder subir aquí arriba e aplaudirlle a súa intervención ata que me sangrasen as mans!; máis ou menos como fixeron as señorías do Partido Popular que están presentes, que non son moitas. Pero, desgraciadamente, non podo. ¡Quen me dera que houbera motivos, dende logo, para facelo!, porque iso suporía que as políticas implementadas pola Xunta, dentro das súas competencias en formación e colocación, surtiron efectos e que a situación do mercado laboral galego mudou radicalmente nos últimos anos; porque iso suporía que o emprego acadou na Galiza a estabilidade que tanto desexamos; porque iso suporía que as variacións mensuais dos indicadores de desemprego xa non se deberon á estacionalidade; porque iso suporía que a taxa de desemprego, que a taxa de ocupación e que a taxa de actividades femininas se igualaron coas dos homes; porque iso suporía que as mozas e os mozos deste país xa non desempeñaron maiormente traballos precarizados, marcados pola temporalidade e pola parcialidade, principalmente no sector servizos, e, que unha vez formados, non tiveron que emigrar a outros países, con mellores condicións laborais, para que fose neses países onde xerasen a riqueza en lugar de facelo na Galiza, onde se formaron; porque iso tamén suporía que os salarios e as pensións galegas xa non foron das máis baixas do Estado. Pero, desgraciadamente, esa non é a situación, e, polo tanto, non hai nada que celebrar nin que aplaudir.

Unha vez máis —e xa van unhas cantas—, a súa intervención adoeceu de algo fundamental, isto é, de autocrítica, e, sobre todo, dunha lectura honesta dos diferentes indicadores do emprego do noso país. Lendo o motivo da petición da comparecencia, efectivamente, comparecía vostede para informar sobre o balance e sobre a presentación do plan de acción en materia de emprego para o ano 2023. Xa non vou entrar en que a presentación dun plan de acción para o emprego para o ano 2023, feita case a mediados de ano, me parece que vai cun pouco de atraso; non se pode dicir que apurasen moito coa presentación deste plan na Cámara, onde reside o poder popular. Vese que, para outras cousas, son vostedes máis de pisar o acelerador a tope e poñerse a douscentos por hora. Neste caso, dende logo, non.

Volverei sobre o Plan de acción despois, pero quería centrarme agora no que tamén aparece na orde do día da sesión, que é o balance que anunciou que ía facer na súa comparecencia, porque «balance» é, na acepción cuarta do termo e segundo a Real Academia Galega, «a valoración do positivo e do negativo». Como dixen, na súa intervención, moita autocrítica, dende logo, non houbo. Pero non se preocupe, xa que no BNG, ademais de ser propositivos —aínda que despois non nos fagan nin caso— tamén somos críticos por responsabilidade, e, por iso, ao facer balance, ademais do positivo, temos en conta o negativo.

No seu balance, vostede fixo referencia aos datos de desemprego, loxicamente, do mes de abril; un mes que —se o comparamos co abril doutros anos— é certo que foi moi positivo en determinados indicadores. O problema está en que, segundo vostede mesma dixo hai catro días, estes datos sitúan a Galiza na senda da recuperación, pero esqueceuse vostede de facer referencia a determinadas cuestións que —creo— son moi relevantes. En primeiro lugar, independentemente de que o descenso do desemprego en calquera mes sexa sempre unha boa nova —só faltaría!—, o descenso do desemprego na Galiza en abril foi o terceiro



máis baixo por comunidades autónomas, e, ese descenso ten relación directa, neste caso, coa contratación durante a Semana Santa; polo tanto, isto conecta con outra das eivas fundamentais do noso mercado de traballo, que é a estacionalidade. En segundo lugar, vostede indicou que o paro descende no que vostedes definen como colectivos prioritarios, e que nós tamén os consideramos así, que son: os menores de trinta anos, as mulleres e os parados de longa duración; que descenda aí o paro é unha boa nova —claro que si—, pero como o balance tamén exige facer unha análise en perspectiva temporal, é importante saber de que situación vimos para poder, dalgunha maneira, dimensionar de xeito correcto e honesto o descenso do paro en abril neses colectivos prioritarios. Por exemplo, é conveniente saber que a poboación ocupada, de entre dezaseis e trinta e catro anos, diminuíu en 135.000 persoas dende o ano 2009 ata o ano pasado; ou que o Consello Económico e Social explicitaba, no seu informe do período que vai do ano 2008 ao ano 2021, «O pouco éxito de calquera iniciativa de política activa destinada á empregabilidade dos mozos e das mozas» —estou lendo unha literalidade—; ou que o desemprego aumenta dentro dos menores de trinta anos a medida que imos baixando de idade. E advertía, ademais, ese informe do CES, do envellecemento dos cadros de persoal e dos problemas de remuda xeracional.

Leva catorce anos gobernando o PP. Leva catorce anos sen resolver ningún dos problemas das mulleres e dos mozos no noso mercado de traballo; polo tanto, estes problemas poden definirse como estruturais. Faranos falta moito máis que un mes de datos positivos, no relativo ao desemprego, para poder dicirlles ás persoas traballadoras galegas que estamos no camiño da recuperación, señora conselleira.

E permítame que me pare tamén en algo, porque non teño tempo para moito —vostede ten moito máis tempo e eu non—, no anuncio dese programa pioneiro —como definían dende a Xunta— de seguimento e de apoio personalizado para persoas desempregadas, para facilitarlles —segundo vostede— a súa incorporación ao mercado de traballo; un programa que está pensado, en palabras do presidente Rueda, para —abro comiñas—: «Previr disfuncións ou intentos de fraude no caso de detectar persoas inscritas como demandantes de emprego, pero que non cobren ofertas de traballo de forma voluntaria. O obxectivo...» —sigo nas comiñas— «...é axustar a demanda do mercado laboral, os postos de traballo nos que hai vacantes, coa dispoñibilidade de persoas desempregadas. Hai uns 15.000 postos de traballo sen cubrir, mentres o Servizo Público de Emprego conta con 139.000 inscritos.» —cerro comiñas—. Estas son —como digo— palabras literais sacadas da nota de prensa de Presidencia. E vostedes non dan unha puntada sen fío —iso témolo clarísimo—, e esas palabras tiñan un obxectivo claro: ante a falta de man de obra en determinados sectores están sinalando directamente co dedo acusador persoas que teñen a desgraza de estar en desemprego e que teñen moitísimos problemas para acceder a un posto de traballo; e iso, sinto moito dicilo, pero é mesquiño. Vostede, na hora de expoñer este programa, foi un pouco —digamos— máis cautelosa que o señor Rueda coas súas declaracións, pero realmente o que están facendo, tanto o señor Rueda como vostede, é desviar a atención de xeito premeditado das verdadeiras razóns das vacantes en determinados sectores.

Hai xa case dous anos que tratamos neste Parlamento unha iniciativa, neste caso do Partido Socialista, na cal se pretendía unha modificación do funcionamento dos servizos públicos de emprego. Dende o BNG falabamos da necesidade de crear a categoría dese orientador, xa



na Xunta de Galiza, para que eses orientadores tivesen unha formación e uns coñecementos específicos en materia de orientación laboral; denunciabamos, tamén dende o BNG, que os programas de orientación laboral, en colaboración coas entidades, reveláranse como moi pouco efectivos, dado que os orientadores desas entidades traballan moitas veces en precario, polas condicións salariais e pola inestabilidade laboral, e tampouco contan cos recursos necesarios; falabamos tamén da escasa efectividade deses programas, corroborada polos baixísimos números de colocación, e diso era, dende logo, consciente a Xunta porque levaban, hai dous anos, os dez anos anteriores falando da necesidade de introducir modificacións e de actualizar este funcionamento; falabamos tamén de itinerarios personalizados de inserción porque o feito de acceder simplemente a un curso non soluciona o problema —para nada, ademais, e vostede sábeo—. Pero un dos problemas máis sangrantes —e aí creo que tamén coincidimos— é a desconexión do mercado laboral e os servizos de emprego. As empresas non acreditan no Servizo Público de Emprego porque cando recorren a el, na maioría dos casos, os candidatos non teñen o perfil axeitado e requirido pola empresa. A propia rigidez do sistema provoca que un simple dato mal recollido impida que se crucen datos de modo efectivo.

O PP vetou en sede parlamentaria esa iniciativa que o BNG apoiou. Estamos falando de case dous anos, é dicir, que xa pasaron case dous anos. E agora veñen vostedes falar —aínda agora— dunha nova ferramenta; veñen falar de novos programas. Levan tres anos facendo anuncios. E, dende logo, dada a situación actual, máis que anuncios, o que necesitamos son feitos, e tempo tiveron para facelo, porque os problemas de funcionamento persisten. Pero non contentos con iso, agora a consellería intenta culpabilizar e criminalizar as persoas desempregadas que están a percibir, por exemplo, algún tipo de subsidio. E iso non é xusto. Pode haber —e seguro que hai— unha porcentaxe pequena de desempregados que rexeitan de xeito indebido as ofertas de traballo dos servizos de colocación, pero non é, dende logo, o caso da maioría.

O feito de que existan empregos vacantes non se debe a que, por exemplo, os maiores de cincuenta e dous anos que esgotaron a prestación de desemprego e cobran pouco máis de catrocentos euros ao mes estean nesa situación porque sexa cómodo, xa que, dende logo, catrocentos euros non dan para vivir. O problema da falta de man de obra que hai en determinados sectores é multicausal —e vostede tamén o sabe—. Na maior parte dos casos, está directamente relacionada —e iso hai que dicilo— coas condicións laborais e cos baixos salarios, é dicir, coa precariedade; isto pode ser o caso do sector servizos ou da atención sociosanitaria. Noutros casos, as persoas demandantes de emprego non teñen directamente o perfil requirido polas empresas: unhas veces, porque os demandantes de emprego son moi xoves e carecen da experiencia que requiren as empresas; outras veces, o problema para a colocación dun parado é directamente o contrario, é dicir, a idade do demandante de emprego e a falta de reciclaxe despois de ser expulsado do sector, no que seguramente traballou a maior parte da súa vida laboral. E o xénero tamén inflúe porque moitas destas persoas paradas de longa duración ou deses desempregados que rexeitan unha oferta son mulleres dedicadas ao traballo non remunerado dos coidados de maiores ou de dependentes, ou ao coidado das crianzas, co cal sofren, ademais, unha desconexión do mundo do traballo que fai moi difícil volver engancharse. Daquela, ¿son elas realmente as culpables de estar nesa situación ou terá que ver tamén que a consellería foi incapaz de desprezar as políticas efec-



tivas de conciliación e de corresponsabilidade? ¿Que falla, daquela, nestes casos? En todos estes casos o que falla —voulo dicir eu— é a consellería e a Dirección Xeral de Emprego, Colocación e Formación para o Emprego; así que déixese, dunha vez por todas, de botar balóns fóra. Levan tres anos anunciando mudanzas que nunca chegan, e xa non cola. Recoñezan a realidade e os problemas estruturais do noso mercado de traballo e o fracaso das políticas implementadas nos catorce anos de Goberno do Partido Popular. Do contrario, calquera plan de emprego que poidan anunciar —e digo anunciar— será papel mollado.

Continuarei na segunda quenda. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Agora dámoslles o noso saúdo aos alumnos de quinto de primaria do centro Rosalía de Castro, do Grove. Benvidos ao Parlamento e tamén á súa profesora, que é a que os acompaña.

E agora continuamos co debate.

Ten agora a palabra, polo Grupo Parlamentario Popular, dona Noelia Pérez López.

A señora PÉREZ LÓPEZ: Bo día.

Grazas, presidente.

Grazas, señora Lorenzana, por comparecer hoxe para falar dun dos problemas que máis preocupa aos cidadáns: o emprego.

Eu, se teño que resumir as dúas intervencións dos meus compañeiros, diría que se facemos porque facemos e se non facemos porque non facemos. Ao final, o resumo acaba sempre sendo o mesmo.

Eu dáballes as grazas por facilitarnos datos obxectivos da situación económica e laboral, sen euforia e sen triunfalismos, aínda que o comportamento do mercado laboral corrobora que levamos anos de evolución positiva en Galicia, tamén neste 2023, no que os indicadores innegablemente seguen a ser bos. E isto é positivo, non para o Partido Popular de Galicia; isto é positivo para as galegas e para os galegos, e é positivo para Galicia. De feito, daba vostede un dato importante: dicía que no cuarto trimestre do ano 2022 a economía galega xa recuperara a riqueza prepandemia; España aínda non recuperou, hoxe, o PIB previo á covid.

Eu quería facer fincapé neste dato e vouno seguir facendo todas as veces que poida, aínda que sei que á oposición non lle gusta escoitalo, porque nun contexto que non era sinxelo —a pandemia non foi sinxela—, se en Galicia afortunadamente recuperamos o PIB prepandemia foi grazas á boa xestión do Goberno galego. E iso, conxuntamente coas cifras que vostede deu da EPA e dos primeiros meses deste ano —períodos nos que a conxuntura segue a ser complicada—, marca unha tendencia e significa que o Goberno galego está a traballar, está a acertar e en Galicia as cousas se están a facer ben.



Mire, fixo vostede unha exposición pormenorizada e ampla. Eu voume centrar en dúas ou tres cuestións porque o tempo, ao igual que o dos meus compañeiros, é limitado.

Cando falamos de emprego temos que ser ambiciosos. O Goberno galego éo e reconece, en todo momento, que existe marxe de mellora; por suposto que existe. Temos un mercado laboral cambiante; temos grandes retos e desafíos por diante en materia de empregabilidade e en materia de facer efectivo o dereito subxectivo ao traballo das galegas e dos galegos, ou a diferentes e a cambiantes necesidades do tecido produtivo. Isto é un reto transcendental que vemos que, dende a súa consellería, identificaron claramente —porque vostede o dixo— e no cal avanzaron e tomaron a iniciativa. Neste senso, falaba vostede, señora conselleira, da situación atípica que se está a vivir, con vacantes existentes e ofertadas polas empresas en moitos sectores do tecido produtivo e, ao mesmo tempo, falaba de que contamos aínda con 135.000 persoas no noso territorio en situación de desemprego. A señora deputada do Partido Socialista quixo retorcer un pouco esta situación que vostede explicou, pero esta é unha realidade non só en Galicia, senón tamén a nivel estatal. No día de hoxe o problema máis importante que ten o mercado laboral non é nin a perda de empregos nin o recorte de dereitos; o maior problema, no día de hoxe, son as dificultades para casar a oferta e a demanda de postos de traballo.

Eu por iso quería felicitala polo Plan de acción en materia de emprego para o ano 2023 que presentou hoxe aquí e que amosa que o Goberno galego ten un modelo racional para dar resposta e solucións en materia laboral ás empresas da nosa comunidade; un modelo racional para mellorar a capacitación e a formación das persoas desempregadas coa finalidade de orientalas —nada de sinalalas— para que poidan ter novas e mellores oportunidades no noso país. É un plan de acción medido e con consignación orzamentaria, fronte á ambigüidade e á inconcreción en materia de políticas de emprego do Goberno do Estado, co señor Sánchez e coa señora Díaz á fronte —que lonxe de baixar e de escoitar os problemas reais que teñen as empresas, que teñen os autónomos e que teñen os traballadores e a poboación activa—, que se dedican a lexislar ininterrompidamente sen ton nin son, sen consultar cos expertos, sen debater e cunha tremenda carga de ideoloxía, producindo leis seguidamente que o tempo amosará que nin son tan eficaces nin son tan eficientes como necesita este país ou como pretenden facernos ver a todos.

E desas lexislacións encontramos por todos os ministerios. Non fai falta máis que recordar a rocambolesca lei do si é si, con «efectos indesexados» —dixeron as señorías do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Socialista—, sobre a que, pese ao dano que fixo a todas as mulleres deste país e ás acusacións vertidas sobre o sistema xudicial, ninguén asumiu ningunha responsabilidade. Pero tamén as temos, non tan rocambolescas, pero si a priori, ineficaces, no ámbito laboral e do emprego. Lexislacións que non mudan os problemas estruturais dos que adoce o mercado de traballo no noso país, senón que teñen o obxectivo único e exclusivo de encaixar con literalidade no compoñente 23, imprescindible para que o Goberno do Estado reciba de Europa os fondos Next Generation. Lexislacións que non consideran nin van mellorar a realidade necesaria para crear un mercado laboral dinámico e exclusivo.

Estamos a ver lexislacións cara á galería, sen contido positivo real; por exemplo, falaba a señora Dacosta da reforma laboral, a lei estrela do señor Sánchez e do Partido Socialista, da



que tanto presume o Partido Socialista de Galicia. Desa lei, señora Dacosta, o Partido Socialista aproveitou o oitenta por cento da lei que fixera o Partido Popular no ano 2012 e que vostedes tanto criticaron. Mire, o único valor engadido do Partido Socialista foi cambiar a denominación dalgún concepto. Por certo, unha reforma laboral que, señorías do Bloque, foi un dos motivos polos que vostedes fixeron presidente do Goberno o señor Sánchez; ía no acordo de investidura entre o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego, que negociou o señor Rego, que asinou a señora Pontón e que, ao final, non apoiaron porque, unha vez máis, se sentiron traizoados polo Partido Socialista.

Mire, ¿sabe canto levan o Bloque Nacionalista Galego e o señor Rego conseguido, para Galicia, en materia de emprego e noutras materias dende que fixeron o señor Sánchez presidente do Estado? Cincuenta e dous agresores sexuais con rebaixa de condena e seis excarcerados. Do resto, do resto das propostas que asinaron (*Murmurios*.) conseguiron cero para Galicia.

¿É unha reforma que asina máis contratos indefinidos? Si, é certo. Pero ¿consegue estabilidade, señora Dacosta? ¿Querennos vender estabilidade, cando en vez de medrar os indefinidos a xornada completa, o que medran, baixo o disface dos fixos-descontinuos, son a temporalidade e a parcialidade? Non me diga que non. Só hai que ler os datos oficiais do ministerio, que foi o que fixen eu para velo; só hai que ler os datos, vén ata a gráfica reflectida.

Iso non é o que queremos para Galicia: nin temporalidade nin parcialidade. O que queremos, dende o Grupo do Partido Popular, o que queremos, dende o Goberno galego, é todo o contrario. Traballamos para que as empresas galegas creen empregos de calidade e non temporalidade nin parcialidade. Podíámolle falar ou poñerlle outro exemplo: a Lei de emprego. É ambigua, con termos abstractos que non obrigan a ningún a nada. ¿Que é emprego decente? ¿Que nos están a vender? ¿Que lles están a vender aos cidadáns? ¿Como vai artellar o Partido Socialista este obxectivo da Axenda 2030? Nada concreto. A única novidade da Lei de emprego é mudar o nome ao actual Servizo Público de Emprego estatal por Axencia estatal de Emprego. ¿Medidas concretas? Ningunha. Dígannos canto vai dedicar o Partido Socialista nos orzamentos do Estado para ter os servizos de emprego que recolle a lei; falan de financiamento suficiente, nada máis.

Mire, nesta materia ninguén sabe nada: todo o que temos son anuncios, falta de transparencia e falta de claridade coas comunidades autónomas, que son as que teñen maioritariamente as competencias en políticas activas de emprego. Por sorte, en Galicia actuamos de forma diferente, ¿non? Actuamos de forma diferente e os cidadáns percíbeno; os únicos que non o perciben son os grupos da oposición desta Cámara.

Acaban vostedes de escoitar a conselleira, que acaba de degrañar todas as actuacións debidamente orzadas que se están a poñer en marcha, neste ano, dende o Goberno galego, para adaptar a formación para o emprego —da que pouco faláron— aos novos tempos e á nova realidade das empresas. Acabamos de saber dos máis de nove millóns de euros que a Xunta de Galicia investirá na renovación integral do Servizo Público de Emprego. Son feitos concretos e non esa Axencia da que non sabemos nada aínda no día de hoxe. Un servizo público de emprego no cal se van reacondicionar as infraestruturas existentes ou adquirir outras



novas; que se vai dixitalizar para sincronizar esa oferta á demanda real; ao cal se van incorporar novos profesionais, novos orientadores; e que está a asinar protocolos con entidades empresariais para fortalecer esa unión entre a demanda e a oferta. Un plan ambicioso —diciálles—, do que nos deu conta hoxe a conselleira e que, sen dúbida, vai dinamizar o mercado laboral en Galicia e vai mellorar —que é moi importante— a empregabilidade dos galegos e das galegas, especialmente, vai facilitar a integración laboral deses colectivos máis vulnerables, porque a mellor política social —vouno dicir hoxe e vouno dicir sempre—, señor Pérez —aquí, en primeiro lugar, ninguén sinala ninguén—, a mellor política social non son as prestacións por moi abundosas que sexan; a mellor política social que pode facer un Goberno é a política que permite xerar emprego porque progresar en materia de emprego é progresar económica e socialmente.

E por iso, a pesar desa Galicia escura que nos queren pintar os grupos da oposición, desa Galicia que nada está a facer en materia de emprego, dende este grupo e dende este Goberno imos seguir apostando polo dinamismo económico e polos acordos da man dos axentes sociais. A realidade obxectiva dos datos, señorías —dígollo honestamente, señor Pérez—, dinos que mellora a ocupación, que as taxas de paro están a ser as máis baixas de toda a serie histórica, que a menor taxa de desemprego xuvenil está en Galicia —é menor ca na media do Estado—; (*Murmurios.*) e a menor taxa de desemprego feminino tamén é menor en Galicia ca no resto do Estado. Polo tanto, algo está a funcionar pese a que a vostedes lles faga graza ou non queiran velo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Hoxe aquí a conselleira deu conta de medidas concretas que se están poñendo en marcha de xeito responsable e que están a dar bos resultados.

Conselleira, eu o único que pido ao Goberno galego é que siga traballando nesta liña.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pérez López.

Para a réplica, a conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade.

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza): Grazas.

Grazas aos tres deputados.

Vou empezar por intentar falar ou resolver un pouco algunhas das cuestións que —creo— foron moi comúns. En primeiro lugar, señora Rodríguez, hai só dúas cousas que —creo— vostede puxo sobre a mesa, que son o tema da participación dos concellos e tamén o dos orientadores laborais, que merecen ser aclarados porque eu teño coñecemento de como están facendo na conferencia sectorial e é interesante que o saiba.

Entón, comezando por iso, efectivamente na Orde de distribución de créditos sae esa partida para os orientadores laborais, pero creo que o primeiro que hai que destacar é que nós, antes



sequera de que estivese confirmado que ían existir fondos para os orientadores laborais, xa anunciamos e comprometemos en Galicia que ían existir eses orientadores. Logo, un elemento que é clave, ou que eu entendo así, é que os orientadores que van existir en Galicia son de estrutura; son empregados públicos. Si, existe o meu compromiso de que esa figura ten que existir —é o compromiso do Goberno—, polo tanto, dentro das oficinas de emprego. Dígoo, porque en consecuencia de que, efectivamente, o Goberno e o Ministerio de Traballo tomasen a decisión de que existan os orientadores, sei doutras comunidades —que non teño por que mencionar aquí— que van externalizar o servizo de orientación. E, ¿por que o fan así? Porque tamén hai que comprendelas; porque a realidade é que tras múltiples peticións de varias comunidades autónomas —entre outras, por suposto, de Galicia— de que se configurase como un servizo estrutural, sempre financiado polos fondos finalistas que se transfiren, o ministerio configurou, de momento, este programa como un programa temporal. Entón, isto si que hai que poñelo sobre a mesa, porque a min si que me parece grave que, a pesar de que esa Lei de emprego —da que falaba a deputada do Partido Popular— establece unha serie de servizos, entre outros, unha carteira de servizos obrigatoria en materia de orientación, se segue configurando nesas ordes de distribución —e así o di a ministra e o secretario de Estado nas conferencias sectoriais— que o programa de orientación é un programa temporal.

Polo tanto, si que creo que en Galicia hai un avance respecto desta cuestión. En Galicia temos claro que a orientación ten que continuar e recórdolles que, ata hai dous anos, existían uns orientadores, que eran persoal interino, que estaban financiados por transferencias finalistas que se cortaron de repente, e, polo tanto, houbo que prescindir destas persoas. É cando, precisamente na consellería, eu tomo a decisión de que si ou si se implementase a oferta de emprego público desas centro trinta e seis persoas; por iso fago énfase —e a fai o presidente da Xunta— porque é unha incorporación estable de persoal nas oficinas.

Respecto da participación nos concellos —e aínda que eu estou segura de que nunca imos coincidir nisto—, señora Rodríguez, si quero que saiba unha cousa e é que na Lei de medidas do ano pasado —dígoo, porque tampouco incidín moito nisto e creo que é interesante— creamos unha rede de axentes colaboradores das oficinas de emprego dos polos de emprendemento, e o que pretendemos é que os seiscentos sesenta e seis efectivos, que agora mesmo están subvencionados pola Xunta de Galicia —entre os orientadores laborais que hai nos concellos e nas entidades (que son douscentos sesenta e oito os orientadores que temos en toda a rede) e tamén os axentes de desenvolvemento local (que son douscentos vinte)—, traballen —digamos— de maneira coordinada coas oficinas de emprego e cos polos de emprendemento. Eu concordo en que, por suposto, ten que haber esa información dende o punto de vista local, pero creo, sen dúbida, que temos estas figuras e que temos que ser capaces de establecer un contacto directo —e por iso creamos a rede como unha rede de colaboración— entre a información, que temos nos polos e que temos nas oficinas, e esas persoas que están agora mesmo nas entidades locais, nos concellos. De feito, estamos xa empezando a facer, e son consciente de que os propios orientadores que están nos concellos están en interrelación cos polos que están funcionando. O que pretendemos é aproveitar todos os recursos que temos e que non funcionen como figuras illadas nin os polos, nin as oficinas, nin o persoal que está facendo labores no eido do traballo dentro dos concellos e das propias entidades sociais, que teñen tamén moitísima importancia nos servizos de in-



mediación e de orientación —e dicíao antes— coas persoas en risco de exclusión, por exemplo, ou coas persoas con discapacidade, porque saben facer, probablemente moito mellor, ese traballo que os propios orientadores máis xerais que temos nós nas oficinas.

E falando un pouco de dúas cuestións que —creo— eran as que poñían de relevo os dous deputados da oposición, unha relativa actualmente á falta de cobertura das vacantes nas empresas galegas e sobre a que nós insinuamos, ou chega a dicir —creo—, señor Pérez, que o presidente Rueda lles bota a culpa nas súas declaracións ás persoas desocupadas. A ver, en primeiro lugar, isto tallantemente non é así; pouco puido dicir o presidente Rueda porque este programa, en concreto, o expliquei despois do consello, e sei perfectamente o que dixen e é o que acabo de dicir agora mesmo. Imos ver, o que temos claro é que —eu creo que expliquei a situación con meridiana claridade— agora mesmo hai un montón de persoas que están en desemprego e un montón de vacantes, e nós, como Goberno, temos a responsabilidade de achegar ou de casar esa oferta con esa demanda, e témolo que facer dende todas as partes; témolo que facer, dende logo, coas empresas.

Eu non deixei á marxe as empresas en ningún momento. Parte das cuestións que vostede dixo creo que as dixen eu. As empresas teñen, primeiro, que pagar ben, se queren atraer e reter o talento; as empresas teñen que adaptar os seus postos de traballo; teñen que racionalizar os horarios, teñen que ter medidas de sostibilidade e de benestar laboral. Iso dende logo. Os poderes públicos temos que adaptar os servizos de emprego —claro que o temos que facer—; temos que traballar para que a formación sexa axeitada, pero tamén temos que traballar cos perfís dos desempregados. Iso é, nin máis nin menos, como eu comecei a comparecencia despois do consello e como a empecei aquí.

Temos que adaptar os perfís das persoas porque consideramos que é terrible que unha persoa... Xa non estamos falando de parados de longa duración —os parados de longa duración saben que son aqueles que non traballaron durante doce meses nun período de dezaioito meses—. Non estamos falando de parados de longa duración —que creo que se dixo—. ¡Non! Falamos dunha situación moito peor que esa, é dicir, de persoas que levan inscritas cinco ou máis anos e, en todo ese tempo, nin atoparon un emprego nin teñen un plan integral de emprego. Cremos realmente que temos que traballar con esas persoas. Non podemos ter un país onde esas persoas están absolutamente inactivas e nós non facemos nada. ¿Porque? Porque, ao final, o que ocorre é que esas persoas viven de subsidios, e nós non queremos un país onde as persoas vivan de subsidios; queremos un país onde as persoas traballen; onde as persoas teñan oportunidades laborais; e onde as persoas sexan libres (*Aplausos.*) porque teñen unha educación e teñen un traballo. O que non podemos é ter un país onde, pouco a pouco, se vai fomentando que as persoas pasen ao lado das prestacións. Temos a responsabilidade como poderes públicos. En ningún momento se botou a culpa ás persoas —e quero que quede moi claro—, ¡en ningún momento! O que temos é que facer dende os poderes públicos, para transitar dende a parte pasiva á parte activa.

Eu teño aquí algúns datos que realmente chaman a atención. Creo que mencionaba tamén a señora Rodríguez o tema da prestación por desemprego; esta é a cuestión menor. A prestación contributiva, por suposto, xa estaba funcionando con normalidade. Cando unha persoa non cumpría as súas obrigas xa se estaban abrindo expedientes. Aquí non se está desvelando nada novo.



Pero hai cuestións —e tamén creo que o dicía a señora Rodríguez— que non dependen só desta Administración e que a nós nos chaman moitísimo a atención. Mire, a finais do ano 2021, en Galicia cobraban o ingreso mínimo vital 16.478 persoas. ¿Saben cantas están cobrando o ingreso mínimo vital en abril deste ano? 30.000 persoas. Temos que traballar con esas persoas. O ingreso mínimo vital ten unha parte de activación como ten calquera renda en calquera país do mundo. Esa parte de activación non a puxo en marcha o Ministerio de Inclusión; é dicir, o Ministerio de Inclusión está incorporando as persoas ao ingreso mínimo vital, pero non está traballando a parte da activación, co cal a bolsa cada vez é maior; cada vez é maior o número de persoas que está desconectada do mercado laboral e que vive dun subsidio.

Entón se o que me preguntan a min, como conselleira, ou ao Partido Popular, é: ¿queremos unha Galicia chea de persoas que soamente cobren un subsidio e que non teñan ningunha oportunidade de medrar, de traballar, de formarse, de prosperar? ¡Radicalmente non! (*Aplausos.*) Queremos unha Galicia onde as persoas traballen e sexan libres. E dígollelo claramente, porque é o que está facendo o Goberno da nación, isto é, comprar os votos cos subsidios. Iso non pode ser. (*Aplausos.*) Non hai ningún país do mundo que prospere comprando os votos. Temos que traballar coas persoas desempregadas. Elas non teñen a culpa, e non xiren o que está dicindo este Goberno. A culpa é de como o Goberno central diseña as políticas. ¡Claramente! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Teño datos de expertos que están falando nas comisións que abriu o Ministerio de Inclusión; expertos economistas internacionais que están asustados, ¡pero asustados!, de que a renda non se abra na súa fase de activación. Estiman que este país non aguenta máis de tres ou catro anos nesta situación.

Entón, se realmente queremos un país onde a xente contribúa, onde a xente vaia prosperando, onde a xente realmente estea formada e onde a xente teña un traballo, cree empresas, traballe por conta allea..., precisamos claramente de políticas que traballen coa xente, que traballen coas capacidades das persoas, que orienten esas persoas. Non podemos deixar as persoas soas e abandonadas, pagándolles unhas rendas. Iso non é facer país. Facer país é traballar coa xente e darlle auténticas oportunidades laborais, e iso é o que temos que facer. (*Aplausos.*) Entón, ¡por favor!, non terxiversen o que estamos facendo nin as palabras do presidente Rueda.

Despois hai outra cuestión da que falaban. Non sei como se compaxina moi ben que, por unha banda, nos digan que chegamos tarde na reforma do Servizo de emprego, pero que, por outra banda, digan que levamos tres anos anunciando reforma. A ver, nós chegamos —cando digo nós, digo eu como conselleira— en setembro do ano 2020 e inmediatamente dixemos que se ían poñer en marcha una serie de cuestións a medio e longo prazo de lexislatura, e é o que estamos facendo. Estou un pouco co que dicía a deputada do Partido Popular: «Se o facemos porque o facemos, se o anunciamos porque o anunciamos e se non o dicimos porque non o dicimos». Evidentemente, unha reforma deste calibre exige, por unha banda, ver moi ben que se vai contratar e, por outra banda, deseñar a ferramenta de intelixencia artificial. Non levamos nin tres anos; levamos dous anos e pico nesta consellería e xa estamos —como lles dicía— en disposición de comezar a funcionar con esas primeiras funcionalidades —valla a



redundancia— da ferramenta, entre as oficinas de tres tamaños distintos, porque o que queremos é que o despregamento sexa, por suposto, pouco a pouco, e que non se produza ningún problema a respecto dos servizos que estamos prestando, co cal, non entendo e, dende logo, non se entende ben, que, por unha banda, levemos tanto tempo anunciando e por outra banda cheguemos tarde.

Despois falan do tema que podemos chamar de «mobilidade laboral», de «fuga de talentos», en xeral, da perda de poboación moza e da emigración de mozos. Eu vou dar datos aquí, xa que creo, de verdade, que hai que parar con ese discurso tan catastrofista que están dando porque non responde á realidade e pódese ver con estes datos que lles vou dar. Entón, eu non discuto —e creo que así o fixen na primeira intervención da comparecencia— que estamos no momento en que hai que atraer e reter o talento —non o discuto—; en que competimos cos países de todo o mundo —non o discuto—; e, en que, por suposto, as empresas se teñen que pór as pilas —por suposto—. Isto é o primeiro. Pero os datos que temos non son malos en Galicia; entón, ¡por favor!, creo que lanzar este discurso ao final o que fai é xerar un estado de opinión que non é correcto e non responde á realidade.

Galicia no ano 2022 —estou falando de datos do SEPE do cuarto trimestre— foi a segunda comunidade autónoma con menor taxa de mobilidade laboral intraautonómica, dentro das dezasete comunidades. A nosa taxa de mobilidade é dun 5,7 por cento, o que supón practicamente a metade da media da taxa nacional, que está en máis dun 10 por cento, nun 10,27 por cento. Se falamos de menores de trinta anos, a taxa de mobilidade galega é dun 6,5 por cento, é dicir, somos a terceira comunidade con menor taxa dentro do conxunto das dezasete comunidades e estamos 3,91 puntos por debaixo da media nacional, da taxa nacional, xa que, para menores de trinta anos a mobilidade está no 10,41 por cento. Despois, canto ás saídas de universitarios galegos cara a outras comunidades autónomas, a taxa ascendeu con respecto a anos anteriores —isto é certo—; tamén é lóxico, tendo en conta o número de universitarios galegos rexistrados, que está aumentando nos últimos anos, pero, a pesar disto, segundo datos do SEPE a respecto da taxa de mobilidade galega do cuarto trimestre do ano 2022 das persoas con titulación universitaria, é a máis baixa de todo o Estado, é dicir, un 8,27 por cento; estamos 4,39 puntos por debaixo da taxa nacional de mobilidade de universitarios, que é de 12,66 por cento. Entón, ademais de que é a taxa máis baixa e de que, por suposto, saen galegos a outras comunidades autónomas —galegos universitarios—, hai que ter en conta tamén o número de universitarios do resto do Estado que entrou a traballar en Galicia que —creo— tamén é un dato importante e que aumentou considerablemente. No ano 2022, os mozos con estudos universitarios do resto do Estado que entraron a traballar en Galicia conformaron a cifra máis elevada dos últimos quince anos, e o crecemento destes traballadores cualificados doutras comunidades autónomas que viñeron a Galicia respecto do ano 2019 —digo o ano 2019 por ir a niveis prepandemia— foi dun 44,72 por cento; e se a comparamos coa do ano 2009, o crecemento foi dun 50,67 por cento.

En canto á mobilidade ao estranxeiro, a última estatística sobre migracións do INE, que é do ano 2021, reflicte que o fluxo migratorio de Galicia cara ao exterior presenta un saldo positivo de 9.110 persoas; é dicir, entraron máis persoas do estranxeiro das que saíron. Galicia foi a sexta comunidade con maior saldo positivo —esas 9.110 persoas—. Eu creo que hai que ter en conta estes datos, e non podemos dar esa imaxe de catastrofismo porque non responde



á realidade nin no saldo en xeral nin tampouco no movemento intracomunidades que existe en España en xeral —nin para menores de trinta anos nin para persoas universitarias—.

Bueno, canto aos datos de emprego, eu só quero destacar unha cousa. Non, non imos concordar —eu xa o sei; é natural—, pero si quero destacar algo para que, por favor, teñan en conta, porque moitísimas veces nos din que baixamos o paro ou que a taxa do paro na EPA é formidable, xa que, ao final é este o argumento do que estabamos falando: a xente sae, sae, de Galicia, sae do mercado, e, entón baixa o paro. Os datos que temos amosan que as persoas non se van de Galicia. Acabo de darlles os datos de mobilidade e, a maiores, temos os datos de cotización á Seguridade Social e os datos da EPA en canto a como medra a poboación activa e a como medra a poboación ocupada. Se nós temos en conta —e díxeno onte— que o desemprego baixou pola EPA en cinco mil novecentas persoas no último ano, pero resulta que aumentou a ocupación en doce mil trescentas, é evidente que hai unha coherencia absoluta; é máis, hai máis xente, que mesmo non estaba anotada no paro, que pasou a estar ocupada. E o mesmo está sucedendo coa parte do desemprego, cos datos das afiliacións ao desemprego: se nós temos no último ano once mil e pico persoas menos no paro e, sen embargo, aumentamos as cotizacións en 16.318, isto quere dicir que os datos son coherentes, e que as persoas saíron do paro para empregarse. Isto creo que é un dato que amosa que, pouco a pouco, nos estamos estabilizando en como evoluciona o emprego. Por suposto —¡claro!—, queda moitísimo por evolucionar —¡moitísimo!—, se non, non teríamos 139.000 persoas que están agora mesmo anotadas no Servizo de emprego.

Eu simplemente quero dar conta agora —xa que non puideron na primeira parte, para non estenderme— de todos os plans que estamos poñendo en marcha para persoas mozas, para mulleres e tamén para persoas discapacitadas en risco de exclusión social, e, ademais tamén, porque creo que a señora Rodríguez mencionaba que eliminamos o Programa de inserción de vítimas de violencia —eu non sei de onde está sacando ese dato—; iso non é así, pero non sei exactamente a partida da que falaba.

Entón, cremos que todas estas actuacións que estamos levando a cabo teñen que conciliarse cun reto importantísimo que é a inclusión laboral —e algo mencionei na primeira intervención—. Temos que impulsar a inclusión no mercado de traballo deses colectivos que, efectivamente, nós denominamos como «desfavorecidos» ou «máis sensibles», que son estes que acabo de mencionar. Aí saben que temos moitos programas: algúns xa veñen de atrás e outros puxémolos en marcha, precisamente, para incentivar o primeiro contrato dos xoves que xa teñan experiencia ou para que as mulleres poidan reenganchar outra vez no mercado laboral.

Basicamente temos o Galicia Emprega, que este ano, nesta edición, son máis de dezasete millóns de euros —17,45 millóns de euros—; con isto esperamos chegar a máis de mil oitocentas persoas, isto é, a 1.910 persoas destes colectivos: unhas setecentas mulleres, uns cincocentos mozos e mozas, unhas trescentas dez persoas con discapacidade e en risco de exclusión social, douscentos parados de longa duración e duascenas persoas emigrantes retornadas. Despois, sacamos o Programa de emprego con apoio para persoas con discapacidade, para impulsar a contratación de corenta persoas, preparadoras laborais, para a inclusión das persoas con discapacidade na empresa ordinaria, porque saben que consideramos



básico ese tránsito do emprego protexido ao emprego ordinario. O programa Investigo, do que xa tivemos unha edición no ano pasado e que continuamos este ano; contamos con chegar a dúascentas noventa persoas mozas e mozos menores de noventa anos: investigadores, tecnólogos, persoal técnico e outros perfís profesionais de I+D+i. Quero destacar, despois, dous novos programas que sacamos este ano para xoves: un programa que vai dirixido a asociacións empresariais e a organismos intermedios para que tamén alí os mozos e as mozas galegos atopen unha primeira oportunidade laboral; este programa xa está funcionando e ten trinta e sete mozos e mozas en vinte e sete asociacións empresariais. E, logo, imos sacar un segundo programa, que é un programa de contratación e de formación da mocidade en dous sectores que consideramos que son clave por moitas razóns, e que, ademais, están moi afectados tanto polas vacantes como pola pandemia, como son, a hostalería e o comercio; con esta iniciativa van poder traballar e formarse: son seis meses de traballo e de formación en empresas deste sector e trescentos oitenta e tres mozos e mozas galegos. Son seis meses os que subvencionamos dende a Xunta, isto é, nove mil euros como máximo. E logo, o Programa de contratación —tamén, por suposto— das persoas perceptoras da Risga; esperamos chegar a setecentas persoas este ano. Continuamos co programa Talento 30, que saben que é emprego para menores de trinta anos, incentivos á contratación cun bono de formación; son máis de nove millóns de euros —9,6 millóns— para chegar a contratar seiscentos menores de trinta anos no ano 2023.

Polo tanto, todas estas actuacións que lles menciono —e algunhas outras que xa non vou mencionar— forman parte deses tres plans de emprego, é dicir, neste caso, os plans Emprega 2023: o plan Emprega Muller, que son 16,1 millóns de euros e co que imos chegar, con todo o que lles acabo de dicir, a 11.943 beneficiarias; o plan Emprega xuventude, con 29,15 millóns de euros, con seis programas —dous deles novos— e con máis de dous mil beneficiarios —2.050 estimamos—; o plan Emprega discapacidade e exclusión social, con 44,48 millóns de euros; e outros programas que prevén chegar a 5.941 persoas. E quero facer un aparte ás vítimas de violencia de xénero porque creo que é un colectivo —especialmente nesta consellería— no que temos que seguir traballando na inserción laboral. Como dicía, señora Rodríguez, non sei moi ben a partida que refire, pero garántolle que os programas de inserción laboral están e se manteñen. Entón, non sei se houbo un cambio, ao mellor, na partida orzamentaria, pero continuamos coas subvencións ao fomento da contratación das mulleres que sofren violencia en entidades locais —temos 2,2 millóns—; este é o programa que comezamos no ano 2019. Despois, no ano 2021 comezamos traballando coa inserción en entidades sen ánimo de lucro, que tamén mantemos este ano, con seiscentos mil euros. Os datos que teño nestes catro anos, dende o ano 2019, son que estas liñas contaron cun investimento de 8,2 millóns de euros e que favorecemos a contratación de catrocentas mulleres vítimas de violencia de xénero. Cremos firmemente neste programa porque o obxectivo, sen dúbida, é conseguir unha maior autonomía a través do emprego das vítimas de violencia de xénero.

Polo tanto, este é o Plan de acción da consellería, con esas medidas estruturais das que falei na primeira intervención, pero tamén quería falar destas medidas que se refiren máis ao mercado laboral inclusivo, con eses plans específicos para esas persoas máis débiles e con máis dificultades. Cremos que é un plan que está, dende logo, aliñado coa situación actual en España e aliñado tamén coas políticas europeas e con conseguir en Galicia un emprego e



un crecemento económico intelixente, sustentable e inclusivo para facer que a sociedade galega sexa máis igualitaria e que estea máis preparada para todas as oportunidades que lle podemos ofrecer. Dende logo, eu pídolles, por favor, que non pensen mal e que pensen con altura de miras —que é como está pensada esta estratexia—, deixando dun lado as diferenzas naturais que, por suposto, pode haber; de verdade que é un plan pensado exclusivamente para estar ao lado, asesorar e traballar coas persoas desempregadas. Os cidadáns teñen ese compromiso: aquí non se vai perseguir ninguén, senón todo o contrario; vaise axudar as persoas para que sexan libres, para que sexan independentes, para que atopen un traballo. E, sobre todo, é tamén un compromiso con todos os nosos autónomos, as nosas autónomas e coas empresas que agora mesmo están reducindo a súa produtividade porque non encontran traballadores.

Polo tanto, buscamos unha Galicia con máis traballo, unha Galicia máis produtiva e tamén unha Galicia máis xusta, máis equitativa, con máis emprego feminino, que traerán, sen dúbida, esas medidas de benestar laboral nas empresas; benestar laboral tamén centrado nos mozos e nas mozas que buscan esas oportunidades laborais en remoto, con flexibilidade horaria e, por suposto, con bos salarios —non me canso de dicilo—. As empresas teñen que pagar ben; iso vai por descontado, ademais de todo isto. E buscamos unha Galicia que cremos que ten posibilidades infinitas con todo o capital humano que temos e ao que nós, como Administración e como Goberno, temos a responsabilidade de axudar para que atope un traballo de calidade.

Máis nada. Grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Turno especial de aclaracións.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Conselleira, hoxe non a recoñezo. Non estamos nun mitin electoral, a campaña comeza o día 12. É un mitin máis propio de VOX que do moderado Feijóo. (A señora Rodríguez Dacosta move os dedos das mans representando o símbolo das aspas cando pronuncia a palabra «moderado».) Eu creo que está aliñándose con Ayuso. (Aplausos.) Esas frases que di de «a xustiza social é un invento da esquerda», e entón, claro, «Pedro Sánchez vén vender subsidios». Non, Pedro Sánchez preocúpase dos que menos teñen, non coma o Partido Popular de Galicia, xa que na declaración da renda se van beneficiar as rendas máis altas. (Aplausos.)

E, ¿sabe?, hoxe non vai encontrar votos —cando a escoiten nas televisións ou a publiquen; bueno, se a publican— dos 139.000 parados que deixou o Partido Popular na cuneta; (Aplausos.) nin vai encontrar votos dos 3.000 autónomos que o ano pasado tiveron que pechar as súas portas; nin vai encontrar os votos, con ese discurso, dos parados e paradas da crise do ano 2008-2009, que quedaron na rúa sen ningún tipo de prestación porque non se acordaron nin os ERTE nin nada. (Aplausos.) ¡Nin os ERTE nin nada! Todo para a burbulla inmo-



biliaria, e uns parados e paradas cunha prestación que non sei como vendía nese caso o Partido Popular.

A verdade é que estou indignada porque o discurso que fixo a oposición —creo— foi totalmente serio e rigoroso, con datos cos que pode non estar de acordo, pero que veña agora aquí facer esta demagogia mitineira non me parece, a verdade, propia de vostede. Nótase que están nerviosos porque —eu son ourensá—, ¡claro!, o caso Baltar hoxe pon nervioso ja todo *Dios!*, (*Aplausos.*) e tamén Jácome, que o pon o Partido Popular. Entón, ¡claro!, chegamos aquí, pómonos nerviosos, e, entón, falamos de que Pedro Sánchez compra votos, cando o que quere é que as persoas que menos teñen teñan un ingreso, obviamente. E en relación cos datos do paro que dá a señora Noelia Pérez, non sei onde miraron os datos porque da última EPA a caída do emprego estivo en oitocentas persoas; é unha cifra superior á do Estado, que é dun 0,08 por cento. Pola contra, en sete comunidades medrou o emprego.

E podía dar outros datos máis, pero non me dá tempo porque, mire, cando fala de que a Xunta aposta por investir máis de setenta millóns de euros —¡bueno, claro!—, ¿vaios executar, señora Lorenzana? ¿Vaios executar? Porque, mire, o Goberno galego dende o ano 2009 ao ano 2022 deixou sen gastar, dos case seis mil euros, 1.954 millóns de euros. ¡Vale!, se anuncian setenta millóns de euros, a ver como os executan —¡ojalá!—. E esta información dáa o conselleiro de Facenda ao Parlamento; se non está de acordo fale con el. Concretamente, en formación deixaba sen executar 656 millóns para parados —656 millóns—. Entón, creo que isto é importante.

E falando de que a Xunta pon agora a lupa nas disfuncións e fraudes na demanda de emprego, mire, no debate electoral celebrado concretamente en novembro do ano 2011, Rubalcaba preguntaba a Rajoy se, se chegase ao Goberno, revisaría o subsidio de desemprego. Rajoy respondeu: «*Le voy a responder con mucho gusto. Usted miente y está dejando caer una insidia*». Douscentos corenta e nove días despois recortou subsidios —especialmente para as mulleres paradas e para as persoas de maior idade—, a renda activa de inserción e a prestación contributiva; e catrocentos noventa e catro días despois do debate electoral eliminouse o carácter persoal e previo do subsidio á xubilación para maiores de cincuenta e cinco anos, co cal os facían depender dos ingresos familiares — cousa que antes non pasaba—. Esa é a política do Partido Popular. (*Aplausos.*) Detrás deses recortes hai un discurso insultante: «Os parados non traballan porque non queren; hai que activalos». (*Aplausos.*) ¿Acórdanse do que berraba Andrea Fabra no Congreso dos Deputados?: «*¡Que se jodan!*» —dicía—. ¡Pois iso! Esta sempre foi a mentalidade da dereita: «Quen non traballa é porque é un vago». Todo o discurso de emprego tradúcese nesta afirmación. É que, ¡claro!, o discurso enfada a unha mesma; unha non é de pedra, ¿eh? Non hai 135.000 parados e paradas que sexan vagos; é que a Xunta de Galicia os deixou abandonados á súa sorte, sen políticas empregadas para que estas persoas se formasen e se reinserisen no mercado laboral. E esta oposición e este Grupo Parlamentario Socialista lévao dicindo dende esta lexislatura, dende a lexislatura pasada e dende a anterior, sen que vostedes fixesen nada para remedialo.

Canto ás fraudes, creo que se demostrou que, cando en Madrid aconteceu a reforma laboral e se fixo un estudo sobre esta situación, a ministra de Emprego encontrou que a fraude era dun 0,03 por cento —¡0,03 por cento!—. Entón, tamén coincido co portavoz do Bloque en



que temos que ver as ofertas que se presentan porque hai moitas empresas —non todas, obviamente—, hai empresas piratas —e vostede sábeo— que presentan unha oferta e, despois, na entrevista, vostede sabe o que realizan: unhas condicións laborais diferentes ás especificadas, menos remuneración, máis horas e tamén a ausencia dun protocolo de instrución sobre a demanda, unha cantidade de veces que unha persoa parada tivo que facer un itinerario personalizado de emprego. E fala dun plan para que non teñan un IP activo nos últimos doce meses. A fraude prodúcese pola propia Administración. Un IP é un acordo entre unha administración, representada por un profesional que o realiza, e unha persoa parada para a realización de determinadas actividades de formación e adquisición de experiencia. A fraude dáse porque a Administración, ata o de agora —se cambia, dende logo, aplaudirémolo—, non oferta estas actuacións.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Ás veces oferta —acabo— e outras, na gran maioría, non oferta ningunha.

Tiña que falar de sinistralidade e de programas de retorno: catrocentas prazas. ¿Pero cantos traballadores e traballadoras emigraron do noso país? Trescentos setenta e cinco mil galegos abandonaron Galicia entre o ano 2009 e o ano 2021.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Dacosta.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Pérez López.

O señor PÉREZ LÓPEZ: Grazas.

Señora conselleira, en relación con este programa, anunciado por vostede e polo señor Rueda, dirixido aos que levan en situación de desemprego moito tempo ou que rexeitaron algunha chamada, o único que falou de fraude foi o señor Rueda, ¿eh? Vostede foi máis pilla e non utilizou ese termo; sen embargo, o señor Rueda utilizouno. Remítome á nota de prensa que aparece na páxina da Consellería de Emprego; polo tanto, iso é algo que non se pode discutir. E —como digo—, con respecto a estas afirmacións, vostedes nunca dan puntada sen fío. Xa é a segunda ou a terceira vez que escoito este argumento do tema das pagas en moi poucos días, o que fai confirmarme, basicamente, que o que está facendo o PP aquí na Galiza e, neste caso, a Xunta da Galiza, é facer un seguidismo absoluto da liña marcada polo Partido Popular en Madrid. Quizais, quizais, só ao mellor, nunha clave electoral; pero bueno, iso o saberán vostedes.

Insisto, vostedes veñen outra vez aquí facer anuncios. Como diría Bunbury: «*Tengo un plan que no puede fallar*». Iso é basicamente o que volven facer.

Realmente non existe un plan de formación acorde coas necesidades concretas do noso país; unhas necesidades que, ademais, non están sistematizadas e que precisarían dun mapa de



necesidades de formación sectorial e territorial —iso creo que o temos todos claro—; unhas necesidades que levamos arrastrando anos, máis de tres, máis dos que vostede leva aquí, máis de tres. E aínda hoxe volven outra vez facer anuncios.

A inexistencia dese plan de formación rigoroso e acaído á nosa realidade vén dada polo feito de que o Goberno galego carece de política industrial e de que nega algo que volveu facer hoxe vostede aquí: a emigración de milleiros de mozas e de mozos galegos para buscar unha mellor situación laboral. E volven negalo outra vez; é que é algo que, de verdade, non me deixa de sorprender. E, dende logo, negar esta situación ten consecuencias, que é que non se saiba para quen se xestiona, o cal constitúe un grave problema a nivel de mercado de traballo na Galiza e en relación coas políticas implementadas polo Partido Popular nos últimos tempos. E iso, si que se pode dicir, señora Pérez, é gobernar para a galería; iso si que é gobernar para a galería.

É certo que hai múltiples eivas na formación; algunhas xeradas polas políticas de recentralización e tamén de privatización que está levando a cabo o Goberno actual en canto ao Servizo Público estatal de Emprego. Pero o problema central do emprego no noso país —e que non nos cansaremos de repetir no BNG— non é a formación, senón que é a precariedade laboral.

A clase traballadora galega, señora conselleira, non quere vivir de axudas; o que quere é un emprego digno e de calidade na súa terra e non vivir de pagas. (*Aplausos.*) É aí onde deberíamos focalizar a nosa actuación política, tanto uns coma outros; isto é, en reverter a situación de precariedade laboral do mercado de traballo galego á que nos abocaron, desgraciadamente, as fallidas políticas implementadas polo Partido Popular nos últimos anos. Isto é unha realidade. A loita por un mercado de traballo que garanta o emprego digno, estable e de calidade é algo ao que, dende logo, no BNG non imos renunciar nunca; vostedes si que o fan.

Esas políticas e programas que vostedes presentan ano tras ano, moitas veces con liñas absolutamente continuístas e moi pouco eficaces, son claramente insuficientes tal e como amosan os datos —insisto— de fontes oficiais ou de entidades, cuxa credibilidade debería estar fóra de toda dúbida, incluso para vostedes. Os datos que están aí son incontestables: vinte mil empregos perdidos na industria dende o ano 2009; ese é un dato que non se pode, nin sequera, discutir.

Mentres a industria languidece, o sector servizos é o que marca que o desemprego aumente ou baixe por meses, segundo as necesidades estacionais; é dicir, dependemos do sector servizos. É tamén un problema de sistema e aquí vostedes non foron capaces de reverter esa situación en catorce anos de goberno. Un sector servizos que, ademais de depender en exceso del, se caracteriza pola precariedade laboral.

Hai unha baixada do poder adquisitivo dos salarios dos traballadores e das traballadoras galegas, dun 6,9 por cento dende o ano 2010, acentuada, ademais, pola crise inflacionista, que medra máis na Galiza que no resto do Estado; e, froito do anterior, as pensións e os salarios galegos son os máis baixos. Estes son datos que non se poden discutir, e, polo tanto, non entendo como sequera se poden poñer en dúbida. Ante esta situación, calquera plan de em-



prego debería pasar por impulsar unha estratexia de emprego máis ambiciosa e pensada en clave de país.

Facía tamén vostede referencia ao emprendemento e ao ecosistema empresarial que temos aquí —e que están directamente relacionados co emprego—, que son, nun noventa por cento, microempresas, pequenas empresas e autónomos; pero é que a taxa de actividade emprendedora —e vostede non fixo referencia a este dato, pero seguro que o coñece—, que mide porcentaxes de persoas activas que deciden emprender, é inferior e foi inferior no ano 2021 ao ano 2020. E o peor é que aínda non recuperamos as porcentaxes da TEA previas á pandemia. Outro indicador que é fundamental é a supervivencia e a permanencia das empresas creadas porque é o que marca, neste caso, a estabilidade do emprego; indicador que permite calibrar a eficacia das políticas de apoio ao emprendemento dun goberno, e o Goberno galego di apostar, efectivamente, por estas empresas, pero isto non deixa de ser campañas de márketing, señora conselleira. Desgraciadamente é así. Está moi ben dicir que se axuda á creación de empresas, pero se esta creación non ten un seguimento e un apoio posterior, o único que teremos son fogos de artifício.

O problema do algodón —como digo— é o dato de supervivencia das empresas. ¿Sabe cal é a taxa de supervivencia das empresas creadas dende o ano 2013 na Galiza? Pois voulla dicir: neste caso, dende o ano 2013 ata o ano 2021, é só do 39,95 por cento. Pero é que no ano 2021 —que é o peor— soamente sobreviviron o cincuenta por cento das empresas creadas, e iso constitúe un problema sobre o que tampouco fixo referencia.

Os datos seguen. Tamén cuantifican a desaparición das empresas nos catro primeiros anos de vida: das empresas creadas no ano 2017 só quedan o 40,38 por cento delas.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PÉREZ LÓPEZ: —Xa remato, presidente—. Agora, xa falando do sector da industria, a Galiza acumula trece anos completos cun saldo negativo na taxa demográfica das empresas do sector da industria, e isto se debe única e exclusivamente á carencia dunha política real do Partido Popular no sector e para o sector industrial.

Son moitos os cambios que precisamos no noso mercado de traballo; cambios que pasan necesariamente por recoñecer a realidade laboral galega. Creo que a súa intervención —e vólvollo dicir— foi autocompracente e, ademais, só de anuncios; un discurso que será amplificado, seguramente mañá, pola maquinaria mediática coa que contan, pero que está moi afastado da situación real do emprego na Galiza. Partindo desa base —e xa remato, presidente—, ten que entender que non nos creamos nin o balance que fai —que foi bastante escueto, por dicilo dalgunha maneira— nin tampouco que o Plan de emprego que anuncia solucione os moitos problemas do noso mercado de traballo. Carecen neste momento de credibilidade, señora conselleira. Por sorte quédalles menos dun ano de goberno.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PÉREZ LÓPEZ: Váíase facendo á idea. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Pérez López.

A señora PÉREZ LÓPEZ: Grazas de novo, presidente.

Vou intentar ir por orde, a ver se son capaz.

Señora Dacosta, sabemos que vostedes, o Partido Socialista, son expertos en atribuírse todo, ou sexa: atribúense a negociación á que chegaron o outro día os sindicatos e a CEOE —atribuírona a si mesmos o venres e, aínda así, pechouse a negociación o domingo—; atribúense os avais para financiar as vivendas da xente moza; pero que hoxe se queiran atribuír os ERTE, ¡bueno ya es de traca, ¿eh?!, porque, mire: *(A señora Pérez López tira un recorte dunha noticia da Radio e Televisión Española, móstrao ao resto da Cámara e comeza a lelo.)* «Reforma laboral do ano 2012: todas as claves». Isto dio a tele gobernamental, ¿eh?, a Radiotelevisión Española e agora mesmo non está o Partido Popular gobernando. *(A señora Pérez López le o recorte da noticia mencionada.)* «La reforma laboral del 2012 facilitó la gestión de los ERTE, que se han utilizado para conservar el empleo en la crisis del coronavirus.». *(Murmurios.)* ¡Señora Dacosta, señora Dacosta!

En todo caso, isto é unha mostra máis dos datos que vostedes intentan retorcer *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* —eu pídolles, por favor, que me escoiten porque eu non abrin a boca mentres vostedes faloron—; dicíalles que é unha mostra máis dos datos que vostedes intentan retorcer. Eu non minto.

Dixen que a taxa de paro era menor en Galicia que no conxunto do Estado e é certo: dous puntos menos; dixen que a taxa de desemprego feminino era menor en Galicia que no conxunto do Estado e é certo: case tres puntos e medio menos. Señor presidente, son datos do INE. Aquí llos deixo. *(A señora Pérez López vírase e entrega ao señor presidente un documento.)* *(Aplausos.)* Eu non minto; simplemente leo os datos oficiais.

Miren, ¿saben a diferenza entre esta bancada e esta bancada? *(A señora Pérez López fai uns xestos coas mans para sinalar cada unha das bancadas referidas.)* Voullo dicir agora, porque a diferenza é abismal. ¿E sabe onde radica a diferenza? Radica na responsabilidade. Acabamos de velo *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* —eu pediríalles, por favor, que estivesen calados. Eu respectéinos. Outra diferenza máis: a do respecto—. Mentres o Goberno galego e o Grupo Popular apostan pola orientación estable —e dicíallo a conselleira hai un momento—, para garantir e para buscar unha mellora da empregabilidade e para que as galegas e os galegos conquiran mellores oportunidades de vida, o Goberno do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego, é dicir, o Goberno do Estado, aposta pola orientación temporal. ¿Para que imos axudar a xente para buscar un emprego? Mentres Galicia aposta por activar as persoas en situación de desemprego, o Goberno do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego, é dicir, o Goberno do Estado, prefere seguir incrementando o número de perceptores do ingreso mínimo vital antes que activar esa parte de busca de emprego, que é un compromiso que adquiren as persoas que o solicitan.

¿Sabe por que non recoñecía a conselleira, señora Dacosta, hai un momento? Dígollo eu, porque dixo a verdade. Falou dunha realidade que a vostedes non lles convén. É que vostedes



non queren que a digamos; ese é o problema, e, por iso, non a recoñecía. Falou de crear oportunidades, todo o contrario do que está a facer o Partido Socialista. Nunha sociedade xusta e libre —interioricen esa palabra: «libre»—, é normal e lóxico que a Administración busque solucións laborais para aquelas persoas que queren traballar. E canto aos recursos públicos, poden ser o trapevistas que queiran, pero os recursos públicos son limitados; polo tanto, tampouco semella moi descabellado que haxa persoas que perciban subsidios para saír dunha situación complicada, pero que a Administración se preocupe por buscar alternativas de emprego para que as persoas non teñan que vivir deses subsidios.

E eu non ía entrar no tema industrial, pero entrou o Bloque Nacionalista Galego. Xa lles gustaría que fose mal a industria en Galicia, pero non é certo. Mire, o índice de confianza empresarial mellora en Galicia máis que na media nacional. O último Informe do Colexio de Economistas de España sobre competitividade empresarial di que o contorno institucional galego é propicio para emprender; algo estamos a facer ben, señor Pérez. A verdade é que escoitar falar o Bloque Nacionalista Galego de política industrial fai que se acendan todas as alertas. Eu poderíalle dar tres ou catro datos que definen a política industrial do Bloque Nacionalista Galego. O primeiro dato, a pancarta —díxollo moi ben un meu compañeiro hai pouco tempo, aquí, nesta tribuna—. Queren unha Galicia industrial, pero sen industrias. Podería poñerlle centenas de exemplos que temos debatido aquí, no Parlamento de Galicia, pero voulle poñer un que —creo— é bastante significativo: o exemplo de Ence. Son cinco mil empregos que o Bloque Nacionalista Galego intentou botar abaixo —non o deu, de momento— e continúa na súa teima de destruír. Esa é a súa política industrial; esa é a política industrial do Bloque Nacionalista Galego. Demonizan as empresas, señorías; demonizan as empresas que están en Galicia ou que queren vir investir a Galicia.

E, por favor, eu pediríalle que analicen a renda anual por habitante alí onde gobernan e que a comparen con outros concellos porque este tamén é un dato importante e os cidadáns tamén teñen que sabelo. E, dende logo, os seus socios, cos que gobernan en Madrid, tampouco están a axudar moito a industria galega. O custo da enerxía triplicouse dende que o señor Sánchez chegou ao Goberno. Segue a apropiarse dos fondos europeos en materia de industria e, inxustificadamente, Galicia segue sen ter resposta ás principais iniciativas que presentou e, sen embargo, estanse a conceder axudas directas a outras economías. Eu non sei se vostedes saben algo de Altri ou de Stellantis; dende logo, as galegas e os galegos non e o Goberno de Galicia tampouco.

Polo tanto, díxallo a conselleira cando iniciéi a miña anterior intervención: «Dá igual o que fagamos e dá igual o que digamos»; vostedes van manter sempre nesta Cámara e nesta tribuna o mesmo discurso: o non polo non.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pérez López.

Peché da comparecencia, a conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade

A señora CONSELLEIRA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE (Lorenzana Somoza):
Moitas grazas.



Señora Rodríguez Dacosta, non nos van votar os 139.000 parados que deixamos na rúa. Eu agradezo de verdade que se preocupe tanto polos nosos votos. Eu pódolle asegurar que estou moi tranquila, pero, bueno, eu agradezo que o Partido Socialista se preocupe tanto polos nosos votos. Pero ¿sabe quen está deixando na rúa eses 139.000 parados e outras moitas persoas que non están anotadas no Servizo de emprego? *(A señora deputada Rodríguez Dacosta: ¡Pedro Sánchez!)* Si, o señor Pedro Sánchez; *(Risos.) (Murmurios.)* ese é o que está deixando na rúa todas esas persoas. *(Aplausos.)*

E o que lle podo dicir é que no Partido Popular nin nos imos render nin nos imos conformar coa situación actual, e non vaia pola parte da prestación contributiva —díxenllo antes— porque iso non é do que estamos falando. Eu do que lle estou falando —e non falo do Ministerio de Traballo nin falo do SEPE, que precisamente non dependen directamente do Partido Socialista— é do Ministerio de Inclusión, de como está concibindo esas prestacións, de modo que nós non somos capaces nin sequera de coñecer os datos, e non somos capaces de axudar esas persoas. Nós, coas persoas que temos inscritas no Servizo de emprego, non nos imos render; imos traballar con elas e non lle dean a volta porque non lla poden dar, porque non estamos falando aquí de ningún tipo de persecución, de nada. Estamos incorporando cento trinta e seis orientadores cun programa moi concreto, con persoas que van traballar con elas. Eu si que creo que non podemos deixar tirada a poboación que agora mesmo está buscando un emprego.

E, por suposto, señor Pérez, hai que traballar tamén coas empresas. Creo que unha gran parte da miña intervención tamén foi por aí. Claro que non soamente podemos traballar coas persoas desempregadas, coas empresas tamén hai que traballar un montón, e díxeno dende o primeiro momento. Estamos falando sempre, neste plan, de ofertas de emprego adecuadas, e iso tamén se vai vixiar; por suposto que se vai vixiar. E as empresas —creo que o dixer e o repito— téñense que poñer moitísimo as pilas, dende o punto de vista non só dos salarios, senón da mobilidade que existe agora mesmo, sobre todo en determinados perfís, como son os tecnolóxicos; e a empresa que non o faga e que non se anticipe será unha empresa que acabe caendo porque non terá o maior elemento ou o elemento máis importante que ten unha empresa, que é o capital humano. E, polo tanto, por iso estamos traballando con elas.

O programa Retorna sobre o que falou, señora Rodríguez Dacosta, e —creo— non puido rematar, pero creo que ía dicir que era pouco ambicioso —entendo—, ¿non?: catrocentas persoas. Estamos comezando. Eu creo que imos superar esa cifra, pero non imos traer todos os emigrantes galegos para Galicia. Imos traballar, en primeiro termo, cuns programas que temos e cos que —estimamos—, como mínimo, poden chegar catrocentas persoas. Eu espero que o programa se consolide e creo, de verdade, que é un programa que ten moitos beneficios, non só dende o punto de vista laboral —que os ten—, pero tamén, por suposto, dende o punto de vista do reto demográfico, e, creo que se poderá asentir en Galicia, pero temos que empezar pouco a pouco. Son datos que demos que —creo— son prudentes, como sempre tentamos facer, e espero que se poida consolidar, aumentar eses datos este ano e, por suposto, seguir no ano 2024.

Gustaríame falar un pouco sobre a formación —e xa remato, de verdade— porque falaba o señor Pérez de que non se adapta a formación e de que non hai un mapa de formación en



Galicia. En Galicia si que hai un mapa da formación que temos que impartir, e hai un mapa que se fixo a través destes tres elementos dos que lles falaba ao principio e, fundamentalmente, do traballo que se fixo a través das mesas da Axenda de capacidades, pero temos un problema real con como está configurada, agora mesmo, a formación. Saben que nós avogamos pola derogación dos certificados de profesionalidade e das especialidades formativas deses catálogos, para xerar unha formación que siga o catálogo ESCO e todo o que está mandando a Unión Europea. Agora mesmo non se pode implantar na súa totalidade en Galicia porque só unha parte deses fondos que se distribúen —dos que ben falaba a señora Rodríguez Dacosta— van libres en canto á formación que se imparte ás persoas traballadoras; os outros deben estar sempre encamiñados para obter certificados de profesionalidade ou de especialidades formativas, segundo veñan os fondos do Ministerio de Educación ou do Ministerio de Traballo, cuestión que aínda dá un paso para atrás. Saben que eu son moi crítica con isto, co Real decreto que desenvolve a Lei orgánica de formación profesional, no que fai á formación para o emprego. Eu espero, de verdade, que ese real decreto se pare e que nunca se aprobe porque sería unha auténtica traxedia a nivel nacional; supón ir en contra totalmente de todo o que está dicindo a Unión Europea e supón precisamente non conseguir adaptar a formación —como ben dicía o señor Pérez— á realidade que agora se necesita. Os certificados de profesionalidade tiveron unha finalidade moi clara nun momento moi claro, pero no día de hoxe é o momento de cambialos, de derogalos e de comezar cunha formación moitísimo máis áxil, moitísimo máis adaptada ás novas tecnoloxías, á transición verde dixital que se está levando a cabo, e, polo tanto, ese paso, máis pronto que tarde, teno que dar, dende, logo o Estado español.

E nada máis. De verdade que non é un anuncio. Este é un plan de acción que xa se leva implementando dende que comezamos no ano 2020, e é sobre o que estou dando conta das accións que agora mesmo xa están postas en marcha; que traballa coas miras postas en casar a oferta e a demanda de emprego —isto é fundamental; hai que acabar con esa distancia entre unha e outra—; que traballa, por suposto, para evitar a fuga de talentos, a fenda de xénero e tamén o reto demográfico en Galicia; que tamén está enfocado neses colectivos máis desfavorecidos que teñen máis dificultades ante as oscilacións do mercado de traballo; e que tamén está apegado ao territorio, coñecendo que Galicia ten as súas diferenzas entre cada comarca e entre cada zona, e, polo tanto, temos que facer políticas que estean adaptadas ao noso territorio —de aí ese despregamento das oficinas e tamén dos polos de emprendemento para que teñamos un coñecemento real da situación socioeconómica en cada zona da comunidade—.

Remato como comecei, tendéndolles a man para que entre todos consigamos sacar adiante esta estratexia. Eu creo que Galicia está chea de oportunidades laborais por parte tanto das nosas empresas como das persoas traballadoras. Temos moitísimo talento aquí, e, polo tanto, quero recordarlle tamén á sociedade que non está soa e que se achegue aos servizos de emprego. Precisamos gañar información de empresas e de traballadores porque por moita intelixencia artificial que volquemos no sistema, a intelixencia precisa de datos, co cal, isto é un chamamento a todas as empresas, a todos os autónomos e ás autónomas e a todas as persoas desempregadas —aínda que non estean dentro deses colectivos prioritarios agora mesmo— para que se acheguen, de verdade, para actualizar os seus datos, para trasladarnos os seus datos porque esta é a única maneira que temos, dende os servizos de emprego, de conseguir avanzar en empregos de maior calidade e en xerar máis emprego.



Nada máis e moitísimas grazas, de verdade, pola súa atención. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Continuamos co punto terceiro da orde do día, isto é, coas mocións.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Paulo Ríos Santomé, sobre o transporte público por estrada

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a moción ten a palabra o señor Ríos Santomé.

O señor RÍOS SANTOMÉ: Grazas, señor presidente.

Antes de nada, quería agradecer as mostras de apoio e de cariño dos grupos parlamentarios deste Parlamento, dos deputados e das deputadas e tamén do propio Parlamento galego nestas últimas semanas; así que, quero agradecervos as palabras e as mostras de cariño. Pero bueno, tamén digo que iso non me vai facer tampouco ser un brando agora, ¿eh? (*Risos.*) Xa volo aviso.

Na cuestión do transporte público neste país, sobre todo no que ten que ver coas irregularidades e cos incumprimentos, non é a primeira vez, nin de lonxe, que debatemos este tema nesta Cámara ou na Comisión 2ª deste Parlamento. Algo que para min é central ou que resume un pouquiño do que vimos falar é que a Xunta de Galiza puxo de forma intencionada todos os ovos no mesmo cesto, coa facilitación e tamén co traballo activo en prol do monopolio do grupo Monbus neste país, no sistema de transporte público. O problema vén cando ese cesto, onde se poñen todos os ovos, fai auga, ou tamén poderíamos dicir que en vez de auga o que cae dese cesto é Vega Sicilia. Pero o que está claro é que o sector non se ve reforzado —todo o contrario—, senón que se ve esnaquizado por esta decisión da Xunta de Galiza, porque non está cumprindo e os usuarios e usuarias tampouco se están a beneficiar desta situación.

Falabamos na anterior interpelación, coa señora conselleira, dos diferentes procesos xudiciais que afrontan no día de hoxe, tanto a Xunta de Galiza como este grupo, por moitas das irregularidades e dos incumprimentos dos que vimos avisando dende vai xa anos: autocares que non cumpren coas idades mínimas nin as cuestións ambientais que deben ter; cambios de liñas e de paradas; eliminación e supresión de moitos itinerarios de forma unilateral e sen aviso; e unha gran falta de servizo xeneralizado en todo o noso país. Podemos ver, en todas as vilas do noso país, como existen un montón de queixas de veciños e veciñas, de usuarios e usuarias, ante o mal estado do servizo de transporte público; moitas desas usuarias e usuarios, moitas desas veciñas e veciños, en moitas desas vilas, o que reclaman concretamente, na súa maioría, é que volvan as concesións anteriores a ese novo plan de transporte que a Xunta de Galiza puxo en marcha vai uns anos. E xa llelo teño dito, un plan de transporte no que o Partido Popular e a Xunta de Galiza quedaron totalmente sós na súa defensa.



Pouco ou nada contestou a conselleira na anterior interpelación, pero houbo unha cousa que si que tivo o atrevemento de comentar. Ela dicíame —comprobando a transcripción—: «Vostede non sabe o que pasa en Aragón». Como fixo esas declaracións na súa réplica e, loxicamente, non tiven quenda despois, respondo agora. Claro que si que sei o que pasa. (*O señor Ríos Santomé mostra un documento ao resto da Cámara.*) De feito, esta é a acta da Mesa de Contratación do Goberno de Aragón. ¿Saben o que pasou en Aragón? Pois que o Goberno de Aragón advertiu de fraude de lei do grupo Monbus ao acceder ás concesións de transporte público. Podería lelo textualmente, pero demoraría demasiado tempo. O que facía o grupo Monbus nestas concesións era despreñar unha rede de empresas que pertencían á propia Monbus para poder acaparar máis cantidade de mercado e saltar as limitacións do número máximo de lotes, que veñen establecidas polos pregos, que pode ter unha concesionaria. Isto é o *modus operandi* do que está pasando neste país con todo este plan de transporte; exactamente o mesmo que fixo ou que tentou facer o grupo Monbus co Goberno de Aragón, a Xunta de Galiza lévallo permitindo moitos anos. Nós falamos, e con criterio, de que o grupo Monbus no día de hoxe ostenta o oitenta por cento do mercado de transporte no noso país, entre transporte regular e transporte escolar —un setenta e cinco e cincuenta, respectivamente, de forma aproximada—. A Xunta de Galiza sostén que é un trinta por cento.

Claro, cando vemos a resolución da Mesa de Contratación do Goberno de Aragón e vemos o *modus operandi* co que a Xunta de Galiza lle permitiu a Monbus gañar contratos, pois vemos realmente onde están as diverxencias. Nós facémoslle máis caso ao Goberno de Aragón, que estaba dicindo que había unha fraude de lei e que todas esas pequenas empresas ao final ían parar ao mesmo destino final, que era no peto do señor Raúl López, o presidente de Monbus. Polo tanto, o seu modelo non se sostén por ningún lado.

Poderíamos volver falar aquí hoxe da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza que di que a Comisión Galega da Competencia arquivou as denuncias por reparto do mercado entre Monbus e Alsa sen sequera iniciar as investigacións pertinentes polos feitos que se denunciaban.

Podemos falar tamén do triste —e xa o dicía cando estaba aquí a conselleira— que é que teñamos que enterarnos non só os deputados e deputadas desta Cámara, senón a sociedade en xeral, de como están as cousas e ter a transparencia suficiente e ter a información suficiente vía xudicial; unicamente vía xudicial. E é que foi a Xustiza quen obrigou a Xunta de Galiza a dar información sobre os vehículos adscritos ás súas concesións, as matrículas e tamén as sancións interpostas ou tramitadas. Isto derivou curiosamente —por algo non o querían dar— na apertura de dilixencias previas contra o seu director xeral de Mobilidade, o señor Maestre.

Eu fixen un par de comprobacións estes días, desde a interpelación pasada ata esta moción, e efectivamente eu tiña razón aquel día: o señor Rubén Arroxo non ten abertas dilixencias previas por prevaricación administrativa, como si que ten o director xeral de Mobilidade. Entón, se queren, o tema Lugo xa podemos sacalo da ecuación.

E ademais outro tema estrela que traía a conselleira cando se lle falaba disto, que era o Goberno de Pontevedra. O Goberno de Pontevedra leva case dous anos esperando unha chamada



da Dirección Xeral de Mobilidade. Porque o Concello de Pontevedra é dos poucos concellos adscritos a esa entelequia que intentou levar a cabo a Xunta de Galiza, que é a Área de transporte de Galiza, que xa tiña que estar implementada hai máis dun ano e medio e da que aínda non se sabe nada. O Concello de Pontevedra o que lle está reclamando é que se fagan as primeiras valoracións deste convenio, que lles collan o teléfono e que isto exista nalgún momento. Iso é Pontevedra e iso é Lugo, en comparación coa súa xestión no transporte público deste país.

E cando se lle pregunta á Xunta de Galiza, ao señor presidente ou á señora conselleira, por todas estas cuestións a resposta é a de sempre: botar balóns fóra; que non é responsabilidade do Goberno galego. O Goberno galego inviste de cartos de todos os galegos e as galegas cento vinte millóns de euros ao ano no sistema de transporte público, entre regular e escolar. Mais non ten absolutamente nada que dicir cando se abren dilixencias previas por prevaricación administrativa, cando o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza o obriga a incoar un expediente á Comisión Galega da Competencia por reparto de mercado entre Monbus e Alsa. Non ten absolutamente nada que dicir e ningunha responsabilidade.

A Xunta de Galiza —como se adoita dicir— fai unha fuxida cara a adiante, cal presidente da Deputación de Ourense en autovía zamorana, e é completamente cego tanto aos sinais de tráfico como tamén ao que está pasando, á verdadeira chapuza e ao verdadeiro chiringuito que é a Administración pública no caso do transporte por estrada.

Podería falarlle de moitísimas outras cousas, pero é que cando vemos que sae certa información e podemos ir unindo pequeniños lazos, pequeniños puntos, vemos que a panorámica, a fotografía se completa un pouquiño máis. Empezamos a ver como saen os vehículos adscritos e como a patronal do transporte público —ou sexa, Monbus nunha gran maioría da súa porcentaxe— lle pide á Xunta de Galiza, por un lado, implementar unha lista única de vehículos adscritos para saltar toda esta cuestión da duplicación de matrículas e outras cuestións polas que xa hai abertas —como dicía antes— dilixencias previas e demais.

Cando vemos despois, coa Memoria económica anual de Abanca, que o grupo Monbus está perdendo ao redor de 3,2 millóns ou 3,5 millóns nos nove primeiros meses do ano 2022, a pesar das axudas extraordinarias por covid e demais que lle deu a Xunta de Galiza, ao redor duns 20 millóns de euros, empezamos a intentar casar un pouquiño as pezas de quen traballa para quen, de quen presiona e de quen sucumbe ante as presións.

Isto é o que non pode ser; que empresas como Abanca ou empresas como Monbus perdan. Xogan a perder porque ademais, por un lado, se lles permiten desde a Administración pública uns contratos e unhas ofertas con baixas temerarias. E agora á metade da partida, no medio do partido —xa que hoxe hai partido e nos imos antes para a casa— cambian as regras de xogo e danlles un montón máis de cartos en compensacións, despois de ter aprobado baixas temerarias neses contratos, e pónenlles outra vez unha alfombra vermella para que sigan facendo o que lles dea a gana. Primeiro cólleenos no allo e, para sortear todo este tipo de cuestións, cambian a normativa a pracer no medio do partido para que estas empresas poidan seguir facendo negocio á custa da Xunta de Galiza, á custa dos galegos e das galegas, á custa dos traballadores do servizo e á custa dos usuarios e usuarias.



A moción que traemos hoxe creo que é ben sinxeliña. A situación é ben coñecida nesta Cámara e neste país tamén. Esperemos que non teñamos que agardar á Xustiza para resolver esta cuestión. A ver que tarda máis, se o Partido Popular en caer da burra, a Xustiza ou as próximas eleccións.

Máis nada. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

(*Aplausos.*)

Quenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia. Ten a palabra dona Patricia Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

Bos días.

Pois é verdade, como dicía o señor Ríos, levamos moitísimo tempo falando neste Parlamento, tanto en pleno como en comisión, das distintas irregularidades e dos distintos incumprimentos que se están a dar neste nefasto plan de transporte público en Galicia. Son numerosas as ocasións nas que temos falado —como dicía— nesta Cámara, pero son tamén numerosísimas as reivindicacións que fan os propios usuarios e as propias usuarias e tamén os concellos afectados polo mal funcionamento deste plan de transporte público e tamén —algo do que tamén se ten falado en numerosas ocasións— esas empresas que foron apartadas á hora de poder licitar estes pregos por parte da Xunta de Galicia.

Son numerosas as ocasións en que temos debatido o mal funcionamento ao longo e ancho de todo o territorio galego; numerosas as ocasións en que temos traído iniciativas do mal funcionamento, por exemplo, na Barbanza, en Santiago, no Val Miñor, en Ferrolterra e en tantos e tantos sitios. Sempre escoitamos por parte da Xunta de Galicia e do Grupo Parlamentario Popular que son casos puntuais. Non, non son casos puntuais, porque casos puntuais sería que se desen nun sitio en concreto e estamos a ver como se dan ao longo de todo o territorio galego.

Son numerosas as ocasións nas que nós, o Grupo Parlamentario do PSdG, temos dito que estes pregos deste Plan de transporte público por estrada de Galicia non cumpren coas necesidades de mobilidade dos galegos e das galegas. Estamos advertindo dese servizo defectuoso con reiterados incumprimentos, con reiteradas irregularidades. E parece que agora non o din só os usuarios e as usuarias, non o din os colectivos en defensa do transporte público por estrada en Galicia, non o din os concellos afectados, senón que tamén o está a dicir a propia Xustiza.

Polo tanto, é o momento xa de que a Xunta de Galicia asuma que hai un grave problema co transporte metropolitano e, dende logo, que dentro das súas competencias intente resolvelo.

Como dicía, para nós, para o PSdG, os pregos de contratación non recollen as necesidades de mobilidade actuais da cidadanía galega. É preciso reformulalos; témolo pedido en moitas



ocasiós. Pero, polo menos, de momento o que pedimos é que se cumpran, como mínimo, os contratos que están asinados.

Vemos como de xeito unilateral, por parte de determinadas empresas, estes contratos son cambiados. De xeito unilateral modifican rutas, de xeito unilateral modifican horarios, modifican servizos sen ser comunicado á cidadanía, en xeral, e aos usuarios e ás usuarias. ¿E que fai a Xunta de Galicia ante estes incumprimentos e ante estas irregularidades? Pois mirar para outro lado, como dicía o voceiro do Bloque Nacionalista Galego. Abdica das súas responsabilidades de inspección, abdica das súas responsabilidades de control e despois atopámonos cos casos que estamos a coñecer recentemente.

Polo tanto, agora —repito— ese mal funcionamento e esas irregularidades, eses incumprimentos xa non son denunciados só polos grupos políticos; xa non son só denunciados polos usuarios e as usuarias e tamén polos colectivos e polos concellos, senón tamén agora pola propia Xustiza.

Eu quero tamén recordar que a Xunta de Galicia, ante esa política de brazos cruzados, de brazos caídos, de deixar que os problemas se resolvan sós, estivemos a punto de vivir unha folga no transporte. Parece que no día de onte chegaron a un acordo entre a patronal e os sindicatos para poder paralizar esa folga que comezaría onte, o luns día 8 de maio. ¿E que fixo a Xunta de Galicia? Ese non é problema noso; ese é un problema entre a patronal e os sindicatos e imos esperar que se resolva só. Polo tanto, nada fixeron tampouco para evitar esa previsible folga que se ía dar e que agora, entre patronal e sindicatos, chegaron a un acordo para que non fose unha realidade esa folga.

Pero, miren, como dicía agora a Xustiza, parece que tamén empeza a dar a razón a esas denuncias que estaban a presentar esas pequenas empresas que quedaron fóra da licitación deses contratos. Tamén é algo que levamos denunciado aquí os grupos parlamentarios da oposición en numerosas ocasións.

O Xulgado número 1 de Santiago acordou incoar dilixencias previas por un delito de prevaricación administrativa a comezos do mes de abril, dilixencias por prevaricación ao director de Mobilidade da Xunta de Galicia. Incoan este expediente por delito de prevaricación polo caso de Monbus e de Alsa. Isto despois de que en marzo deste ano o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia lle dera un novo tirón de orellas ao Goberno galego, xa que ordenaba á Comisión Galega da Competencia que incoase un expediente sancionador a estas empresas —Monbus e Alsa— por indicios claros de poder terse repartido o mercado e de incumprir as normas de libre competencia. Repito, por indicios de terse repartido o mercado.

A Comisión Galega da Competencia —que agora, claro, a Xunta de Galicia está a dicir que é un órgano independente, pero eu quero recalcar aquí que quen nomea os seus membros é a Xunta de Galicia—, ante esa denuncia recibida, arquivou o expediente sen ter proposto nin sequera ou practicado algunha proba. Esta sentenza constitúe ademais un novo tirón de orellas á Xunta e reflicte claramente a política de amiguismo que leva moitos anos practicando o Partido Popular.



Este organismo, a Comisión Galega de Competencia, debería ser esencial para instruír e sancionar as condutas empresariais prohibidas pola Lei de defensa da competencia e que teñen os seus efectos na comunidade autónoma galega. Pola contra, como quedou demostrado, como quedou probado na Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, infrinxiuse a Lei de competencia ao archivar sen incoar expediente sancionador as actuacións desenvolvidas que foron denunciadas. E —repito— sen realizar as comprobacións dos feitos denunciados, cando existían indicios racionais de infracción.

Que agora este organismo deba incoar o expediente, que no seu momento non fixo nada ante a denuncia plantexada, a verdade é que é un pouco sorprendente. A imparcialidade deste organismo xa está no día de hoxe en cuestión.

Polo tanto, o mínimo que debería facer este goberno autonómico sería asumir responsabilidades. Debería renovarse xa a Comisión Galega da Competencia, por quedar acreditada en sentenza a súa parcialidade e o seu facer en contra da Lei de defensa da competencia. Non está capacitada para instruír este expediente despois de facer unha utilización fraudulenta da institución, atopándonos ante unha fraude de lei. Unha conduta moi grave, porque supón un trato de favor a determinadas empresas co fin de que se repartan entre estas o mercado de transportes e prexudiquen as pequenas empresas.

E aquí quero pararme, porque iso de prexudicar as pequenas empresas era algo que estabamos xa a denunciar dende hai moito tempo dende o PSdeG, xa dende o principio da posta en funcionamento deste plan de transporte público por estrada da Xunta de Galicia. E tamén aquí sería aconsellable comprobar se este organismo actuou motu proprio ou seguindo instrucións dalgunha administración.

Polo tanto, nin a Xunta de Galicia nin a Comisión Galega da Competencia nin o Tacgal fixeron nada para evitar que se incumprisen as regras de xogo para garantir a competencia. E, froito desta caída de brazos da Xunta de Galicia, atopámonos con todas estas irregularidades, con todos estes incumprimentos. Dende logo, ese Plan de transporte público de Galicia, que custa moitos cartos de todos e de todas as galegas, non recolle as súas necesidades de mobilidade.

Polo tanto, é o momento xa de que asuman que hai un problema con este plan de transporte. Porque é moi difícil poder resolver un problema se nun primeiro momento non se asume que o hai. É o momento —como digo— de reformulalo, de que os usuarios e as usuarias teñan posibilidades de mobilidade boas dentro da nosa comunidade autónoma.

Tamén é o momento de darlle unha resposta a esas pequenas empresas familiares que quedaron fóra para poder participar nesta licitación. É o momento de que a Xunta de Galicia e o Grupo Parlamentario Popular lles dean tamén explicacións. Porque recórdolles que a propia Xustiza lles está a dar un tirón de orellas; está a dicir que as cousas non se están a facer ben.

Polo tanto, nós imos apoiar a iniciativa que hoxe trae a debate o Bloque Nacionalista Galego para ver se dunha vez por todas se acaba con eses incumprimentos e con esas irregularidades. E tamén porque, sobre todo o segundo punto, vai para que este Parlamento non sexa ninguneado e para se lle facilite tamén toda esa documentación que por parte dos grupos



parlamentarios con representación nesta Cámara se lle pide ao Goberno galego, pero que o Goberno galego non ofrece. E a verdade é que, cando non se dá esa información que se pide, é porque algo gordo teñen que ocultar.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda para o Grupo Parlamentario Popular. Ten a palabra o señor Balseiro Orol.

O señor BALSEIRO OROL: Moitas grazas, señora presidenta.

Como cuestión previa, permítame celebrar o acordo acadado este sábado entre a patronal e os sindicatos do transporte de viaxeiros. Ese preacordo evitou unha folga que non era boa para ninguén; nin para os traballadores nin para as propias concesionarias nin, por suposto, para os usuarios, que serían os principais prexudicados. Polo cal, agardamos que a Mesa de negociación, que continúa aberta, poida avanzar e acadar unha solución de consenso e satisfactoria para as partes.

A Xunta leva facendo, dentro das súas competencias, un esforzo sen precedentes polo transporte. Inverte máis de cento vinte millóns de euros ao ano e realizou unha achega extraordinaria de sesenta millóns de euros en apoio das concesións do transporte público de competencia autonómica ante a suba dos custos e dos combustibles.

Señor Ríos, estábao escoitando a vostede e recórdame a un deputado que estaba nesta Cámara alá polo ano 2010-2011 e que xa non está —non era do seu grupo, era do Partido Socialista— que quería ser o campión de meter máis iniciativas. Entón as preguntas que facía eran: ¿cantas rodas se lle cambiou a todos os coches oficiais? ¿Canto consumiron? Pero preguntaba coche por coche; facía unha pregunta e multiplicábaa. Vostede co transporte público está facendo unha cousa similar nesta Cámara. Cando non é na comisión é no pleno. Eu seille o discurso a vostede de memoria. Eu xa sabía o que ía dicir. Sabía o que ía dicir, porque di sempre o mesmo. Di sempre o mesmo e sabía o que ía dicir.

E ao deputado aquel non lle foi tan mal, era do Partido Socialista. ¡Non vaia pensar! Que hoxe ten un cargo orgánico dentro dese partido importante; é o secretario de organización a nivel de Galicia, jeh! Foi deputado nesta Cámara. Todos sabemos quen era. Hai algún deputado daquela época nesta Cámara que se acorda do que estou a dicir.

Pero os primeiros interesados no correcto funcionamento do bus autonómico somos nós, o Partido Popular, e tamén o Goberno da Xunta de Galicia. E por iso o primeiro que fixemos foi unha renovación integral do servizo público de transporte de Galicia que, aínda que a vostedes os moleste ter que recoñecelo, multiplicou o número de paradas e o número de frecuencias e día a día gaña usuarios.

Polo cal, o BNG persiste nesa visión catastrofista, que é moi dada en vostedes, sobre o Plan de transporte público de Galicia. Cando é un feito que a súa implantación, con todo o esforzo



que ese proceso supuxo, mellorou todos os servizos públicos de mobilidade por autocar de todos os galegos, tanto en cobertura territorial, como no número de liñas e frecuencias, como de prezos e de calidade.

A realidade é ben distinta de como a pinta o Bloque Nacionalista Galego; de como a pintan vostedes. As cifras demostran un contraste tan evidente respecto a cando vostedes gobernaban, que non entendo como non se poñen colorados á hora de facer comparacións.

O Plan de transporte da Xunta, a cuxo mantemento este ano destina noventa millóns de euros, xestiona tres mil quiñentas liñas interurbanas que dan servizo a preto de cincuenta e cinco mil paradas. Polo tanto, falamos de máis de 2,8 millóns de viaxes mensuais neste ano. E, claro que si, prodúcese algunha incidencia. ¡Só faltaría! E hai situacións que hai que corrixir; claro que hai situacións que hai que corrixir. Pero non son xeneralizadas e non cuestionan para nada o bo funcionamento xeral do servizo do bus autonómico.

Vostedes saben coma min que a Xunta fai un chequeo continuo da prestación deste servizo, que está en permanente diálogo coas administracións e atenta ás achegas dos usuarios, así como ás novas necesidades que van xurdindo. E saben que está sempre disposta a valorar os cambios, modificacións ou planificacións de liñas, novos horarios e a aplicar aqueles que resultan posibles para mellorar o servizo. É dicir, que a Xunta está pendente e a Xunta actúa, señor Ríos.

E desde o Bloque Nacionalista Galego e desde o Partido Socialista buscan desprestixiar un servizo público que os feitos e a propia opinión dos usuarios avalan coa súa boa valoración e co seu apoio. Estas non son como as enquisas ás que nos ten acostumados o señor Tezanos; os datos son volcados directamente dos usuarios. E o resumo da valoración xeral —atenda e anote, se é posible— é a seguinte: puntualidade de servizos, un 7 sobre un 10; aspecto do vehículo, un 9,7 sobre un 10; confort e limpeza, un 9... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Perdón, dígame, dígame... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, estou...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ben, era mellor que non dialogasen, como di o presidente. Se non non chega o tempo e...

O señor BALSEIRO OROL: Non, señora presidenta, pensei que quería intervir o deputado. Eu... *(Murmurios.)*

...Confort e limpeza, un 9,5 sobre un 10; seguridade do viaxeiro, un 9,4 sobre un 10. A valoración xeral é dun notable, un 8,4 sobre un 10. Isto é o que din os usuarios. E vostede todos os días neste Parlamento... Ben, supoño que lle encargaron: dedíquese vostede ao transporte público exclusivamente. E vostede todos os días...

Voulle volver repetir o que din os usuarios. Puntualidade do servizo, un 7 sobre un 10; aspecto do vehículo, un 9,7 sobre un 10; confort e limpeza, un 9,5 sobre un 10; seguridade de viaxeiros, un 9,4 sobre un 10; e a valoración xeral dun notable, un 8,4 sobre un 10. E vostede todos os días traendo iniciativas ao Parlamento. Non lle van dar resultado, porque isto é o que din os usuarios. Vostede debe viaxar pouco en autobús autonómico, porque os usuarios



din isto. Pero xa sei que para vostedes canto peor, mellor. É dicir, son máis de mil enquisas as realizadas ao longo do último ano. Vostedes sigan, vostedes sigan.

E, señorías, o Servizo de vixilancia e control do bus, que é competencia da Xunta, funciona en Galicia. As inspeccións son periódicas: 1.676 controis desde o ano 2020. E cando se constata un incumprimento imponse a correspondente sanción.

Pero fíxese ata tal punto o servizo do bus da Xunta funciona razoablemente ben que alí onde vostedes gobernan, como é o concello de Pontevedra, vostedes renuncian, o Bloque Nacionalista Galego, a implantar o bus urbano e prestan este servizo con cargo ao bus interurbano de Xunta de Galicia. Oia, se funciona tan mal en Galicia ¿como na cidade que teñen como exemplo de non sei cantas cousas non son capaces de xestionalo vostedes e ten que xestionalo a Xunta de Galicia?

Segunda mentira na que vostedes persisten: a teima contra Monbus. Monbus non concreta o oitenta por cento das licitacións, como afirmou vostede na tribuna deste Parlamento a pesar de saber que ese é un dato falso. A participación das empresas deste grupo en distintas UTE supón —anote— o 35,5 por cento dos quilómetros de servizo e representa o 37,9 do valor económico das concesións. Deixen vostedes de mentir e corrixa os datos, ¡home! Porque xa llelo dixen outra vez.

Agora, o que resulta aínda máis incomprensible, fíxense ben, señoras deputadas e señores deputados, é que se tan mal lles parece que funciona Monbus... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Señor Carballo, vostede xa se dá conta do que vén aquí, ¿non? Se tan mal lles parece que funciona Monbus, ¿como é que en Lugo, onde o Bloque Nacionalista Galego ten as competencias do transporte urbano e esta empresa é a que presta o servizo, non llo rescinden xa automaticamente?! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Home claro! Empecen a dar vostedes exemplo onde teñen vostedes competencias. (*Aplausos.*) En Lugo, onde as competencias do transporte urbano son do Bloque Nacionalista Galego, ¿por que non lle rescinden o contrato?

Porque, ademais, o señor Arroxo pon como exemplo o transporte de Lugo, ¡eh! O señor Arroxo, o candidato do Bloque Nacionalista Galego á alcaldía de Lugo, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) pon como exemplo o transporte escolar.

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, a min vótanme no meu concello, señora... (*Murmurios.*) (*Risos.*) Vótanme no meu concello. Outros deputados, outros deputados ou deputadas... (*Aplausos.*) Ímolo deixar así... A min vótanme maioritariamente —¡maioritariamente!— no meu concello. Outros non poden dicir iso. Outros ou outras non poden dicir iso. (*Aplausos.*)

Conclúo, señora presidenta. Desde o minuto 1 e desde o primeiro momento vostedes opuxéronse ao novo plan de transportes da Xunta. Vaticinaron todas as desgrazas posibles e ningunha se cumpriu. O transporte público por estrada de competencia da Xunta funciona razoablemente ben.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Termino, señora presidenta. A Xunta está atenta e vixiante ante as achegas da cidadanía, dos concellos e de distintos colectivos.



Termino, señor Ríos. E señora Otero, vostede hoxe comprenderá que non lle fixen demasiado... (*Murmurios.*) Porque simplemente a vostede tocoulle un papelón. Porque simplemente é moito mellor o plan de transporte estatal por bus que o da Xunta de Galicia, onde vostedes queren deixar parte do rural de Galicia sen concesións, sen paradas... O de vostedes é o que debía poñer vostede na tribuna como exemplo...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: ...e así iría todo moi ben.

Nada máis e moitas grazas, señora presidenta. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten novamente a palabra o grupo autor da moción. Por cinco minutos, don Paulo Ríos Santomé.

O señor RÍOS SANTOMÉ: Grazas, señora presidenta.

Señor Balseiro, varias diferenzas entre unha forza política como o BNG e o resto de forzas políticas que hai neste Parlamento ou neste país, en concreto a súa. Descúlpeme, pero eu non teño aspiracións de facer unha carreira política e vivir disto toda a vida. Polo tanto, non se preocupe por min, que non hai problema ningún, que despois de estar aquí volverei ao meu traballo sen ningún problema.

Outra diferenza. Aquí somos moi de transporte público e vostedes moi de coche oficial, señor Balseiro. Viuse estes días tamén. (*Aplausos.*)

Polo tanto, a realidade, señor Balseiro, non se mide polos seus parámetros. Porque eu aquí non lle pinteí unha realidade catastrófica; relateille procesos e sentenzas xudiciais, señor Balseiro. ¿Ou é que tamén a Xustiza xoga a ese xogo do BNG de «canto peor, mellor» con vostedes? ¿É iso? A Xustiza é inxusta deliberadamente con vostedes e pinta un escenario catastrófico para que vostedes queden en peor lugar. Entendo que debe ser iso, ¿non, señor Balseiro? Porque eu aquí falei das sentenzas xudiciais que están abertas e dos procesos xudiciais que están abertos; non falei doutra cousa.

Falamos das enquisas, que ademais non é a primeira vez que falamos disto. Eu xa preguntei por activa e por pasiva quen fai as enquisas e como se recollen as mostras.

Ademais, porque eu si que estou en contacto practicamente a diario con usuarios e usuarias en plataformas e en concellos diferentes. De feito, moitas delas chámanme por teléfono para ver como avanza isto, porque está nunha situación que non se poden aguantar en moitas partes do rural e hai moitas parroquias que non teñen ningún tipo de conexión e que antes do seu plan de transporte si que a tiñan.

E eu tamén lle preguntei nalgunha ocasión na Comisión 2ª: ¿quen fai estas enquisas? ¿Quen fai tamén a memoria anual do plan de transporte que saíu a finais do ano pasado? ¿A mesma empresa consultora á que a Xunta lle dá un montón de cartos e que curiosamente ten ligazóns tamén co grupo Monbus!



Pero é que eu creo que vostede erra e cre que somos iguais ca vostede. Nós non temos unha teima contra Monbus; non é «comigo ou contra min». Se Monbus cumpre en Lugo ¿por que o Concello de Lugo lle vai sacar o contrato? O grande problema é que maioritariamente Monbus non cumpre nos contratos que asina. Se cumpre en Lugo, ¿cal é o problema? ¿Por que lle temos que quitar nós un contrato a unha empresa galega que cumpre? O problema é cando non cumpren; o problema é cando incorren en falsidade documental, cando falsean a capacidade da súa frota coa duplicidade das matrículas. Vostede diso non falou absolutamente nada. Porque por iso é polo que lle abriron as dilixencias previas ao director xeral. Porque por un requirimento xudicial tiveron que enviar a relación de vehículos adscritos das matrículas e das sancións. E saben que incumpren —porque o saben— e ademais con esa documentación tamén o sabemos nós.

Agora estamos nun traballo de ver en cada lote as que están duplicadas, os vehículos que faltan —que son centos de vehículos os que faltan para chegar a cumprir as ofertas que están neses contratos—, as categorías ambientais, a idade máxima dos vehículos, que un vehículo non estea adscrito á liña que vai dende o Grove a Vigo e tamén á que vai de Lugo a Outeiro de Rei, por exemplo. ¿A vostede parécelle normal que haxa o mesmo vehículo coa mesma matrícula en activo en dúas partes do país de forma simultánea? ¿Parécelle normal, señor Balseiro? ¿Parécelle que iso é «razoablemente bo», como me di vostede sempre? ¿Que funciona «razoablemente ben»?

Pero vaíamos ás enquisas. «Aspecto do vehículo»... (*O señor Ríos Santomé ri.*) Hai un xornal dixital que está seguindo moito o tema de Monbus e da Xunta, que é Economía Digital —nada sospeitosos de bolchevismo, supoño—, que ata recolleu as declaracións dos traballadores e traballadoras de Monbus, que din que os obrigan a ir todos os días en autobuses nos que eles non levarían os seus fillos. Que iso é un risco. O meu compañeiro antes, Mon Fernández, esta mesma semana saíu de Ferrol cara á Coruña nun autobús sen ventaniñas. Non tiveron tempo entre a miña réplica é a súa intervención de ir imprimir a fotografía, pero teño fotografías de autobuses con teitos caídos, sen ventaniñas...

¿Vostedes en que realidade viven? Pero, ¿en que realidade viven vostedes? ¿Falan vostedes cos usuarios? ¿Ou encárganlles a empresas enquisas para que lle fagan enquisas a sabe Deus quen para despois poder poñer números moi bonitos nun papel?

Eu vou rematar con dous grandes fitos do Partido Popular que vimos hoxe aquí. Por un lado, vostedes conseguiron coa súa xestión sanitaria recoller a ILP máis numerosa e con máis apoios da historia. Outro grande fito é que me fixeron vir aquí a min defender a libre competencia; iso xa é un fito extraordinario do Partido Popular. (*Risos.*) (*Aplausos.*) Fíxense que botados ao monte están. ¡Que teña que vir eu aquí defender a libre competencia ante vostedes! Fíxense o botados ao monte que están.

Por favor, vivan nesta realidade. Deixen de amparar todo este chiringuiteo, porque se non xa sabe o que tocará: que llo fará facer ou a xustiza ou as urnas o ano que vén.

Máis nada. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.



Seguimos con mocións, neste caso do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños, sobre a participación pública no sector eólico

A señora PRESIDENTA (Candía López): A esta moción non se presentaron emendas.

Para formular a súa exposición ten a palabra, por dez minutos, dona Noa Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señora presidenta.

Bo día a todos e a todas. Máis ben boa tarde, porque xa acabou a mañá.

Acabou a mañá, por certo, sen que o señor Baltar comparecese ante as súas responsabilidades perante a Xustiza. Como era previsible, ademais de ser un perigo público xa recoñecido parece que está facendo puntos para converterse tamén nun prófugo das súas responsabilidades, con todo tipo de subterfuxios. *(Aplausos.)*

Pode igual o Partido Popular buscar consello no partido do señor ao que fixeron alcalde en Ourense, que tamén está protagonizando un importante historial de vergonzas e de evasión hoxe nos medios de comunicación.

Fronte a este modelo de facer un uso privado do público, fronte ao modelo de facer privado o beneficio público, hoxe traemos unha proposta desde o BNG para centrarnos nunha idea moi clara, que é recuperar a participación pública directa na economía por parte da Xunta, en concreto no sector enerxético.

Hoxe imos debater tres propostas, moi concretas, moi claras e moi concisas, nucleadas arredor desta idea. Hoxe é máis necesario ca nunca, porque hai que aproveitar este contexto de crise tripla no económico, no climático e tamén no enerxético para impulsar un novo modelo. E ese novo modelo ten que basearse na participación pública do sector enerxético.

É dicir, que no lugar de mantermos un modelo que practicamente é no seu cen por cento xestión, decisión e tamén beneficio para o privado, para as grandes empresas do IBEX, darlle a volta a ese modelo e facer que o público teña un peso salientable. Porque non pode ser que o cen por cento practicamente, tanto da produción como da comercialización, estea en mans dunhas poucas empresas e non defenda polo tanto os intereses colectivos.

Dar un xiro neste sentido e que a Xunta de Galiza participe directamente da produción do sector enerxético permitiría facer avanzar o noso país en dúas direccións moi necesarias. Por unha banda, avanzar en capacidade de decisión sobre este sector e, por outra banda, avanzar tamén en reter beneficios dos moitos que xeran no ámbito económico.

Hai que recordar, ademais, que o que estamos a pedir hoxe tampouco é ningún invento novo nin ningunha cuestión que non estea absolutamente normalizada noutros contextos, tanto



européos como internacionais. Hai realidades diferentes nas que os gobernos participan de forma directa do sector enerxético: desde Francia, Suecia, o Xapón, Italia, Noruega ou incluso no capitalismo máis salvaxe, en Estados Unidos, hai exemplos de participación pública.

De feito, hai que recordar tamén de onde vimos, porque é que no Estado español a participación pública era algo normalizado. E hai que recordar tamén que foron gobernos centrais do Partido Socialista e do Partido Popular quen privatizaron absolutamente todo o que puideron. Malvendéronse activos enerxéticos e industriais a mans privadas cunha longa historia de fracasos, de Inespal a Endesa, pasando por activos de Repsol ou da propia Red Eléctrica.

Fronte a isto, a conclusión é bastante clara: quen perdeu foi o sistema público. (*A señora Presas Bergantiños móstralles un documento aos membros da Cámara.*) Un só dato nun titular: «Endesa sitúa el beneficio ordinario neto en 2.398 millones de euros en 2022». Un vinte e seis por cento máis. Esta cantidade é practicamente o que recortou de orzamento de atención primaria o Partido Popular desde que goberna Galiza.

O curtopracismo, a infraestimación do valor dos activos e a busca de portas xiratorias para un e outro partido deixaron hoxe un panorama no que son as grandes enerxéticas quen controlan algo sen o que a humanidade non pode vivir: a enerxía. Grandes intereses privados controlan algo que por lei debería estar xa recoñecido como un ben de interese público e non como un obxecto de especulación económica.

Iso ten consecuencias negativas en xeral, porque son estas empresas quen controlan a produción e a súa comercialización, pero ten consecuencias negativas en concreto e de forma moi particular para Galiza. ¿Por que? Porque, sen dúbida, temos un papel e un potencial produtor e renovable que é absolutamente innegable e, polo tanto, deberíamos ter —sería de pura lóxica— un beneficio a cambio.

Cos últimos datos de rede eléctrica de España, en 2022 exportamos o 40,5 por cento da electricidade xerada. E do mix hai unha maioría renovable: o 64,8 por cento do producido foi de orixe renovable, coa eólica liderando. Hai que ter en conta que foi un ano excepcionalmente seco e que, polo tanto, a nosa contribución á hidráulica rebaixouse. Pero nun ano normal un de cada catro megawatts que se xeran no Estado español xerámolo desde Galiza. Polo tanto, se producimos e se lideramos evidentemente deberíamos ter un beneficio a cambio. Deberíamos ter xa beneficios económicos directos a través dunha tarifa eléctrica galega.

Pero, en todo caso, temos tamén marxe para outra planificación. Nesa outra planificación temos debatido moito neste Parlamento —e farémolo tamén nun aparte hoxe á tarde— sobre que a marxe para á planificación débenos dar oportunidades para outro desenvolvemento no territorio, pero tamén para outro desenvolvemento do marco económico da xeración e da produción e para corrixir os erros de quen, desde o minuto 1 do seu goberno, o que fixo foi facer desaparecer as iniciativas de participación pública.

Cómpre corrixir os erros dunha planificación enerxética e económica que é absolutamente deficiente e á que hai quince días non foi quen de responder aquí o señor vicepresidente Conde. O mesmo Partido Popular que vetou no seu día a participación pública directa do sec-



tor eólico hai escasas semanas viamos como intentaba tapar o caos no que está asumido nese boom eólico depredador, que está sendo contestado transversalmente por absolutamente todos os sectores económicos e sociais e medioambientais da sociedade, e volvía caer na improvisación. O que se fai cando non hai un proxecto político para este país, cando se está nervioso pola perda de apoio electoral e cando hai un relevo nun Goberno no que non confían nin eles mesmos.

(A señora Presas Bergantiños móstralles un documento aos membros da Cámara.) No primeiro titular diciannos cousas como que «o Goberno do Partido Popular recúa e ábrese á participación pública na eólica trece anos despois de renegar dela». (A señora Presas Bergantiños móstralles un documento aos membros da Cámara.) Titulares coma este: «Rueda apuesta por una empresa pública capaz de intervenir en los desarrollos energéticos en Galicia».

A verdade é que por un momento de esperanza podíamos pensar que cambiaban de opinión, pero non. Pasou xa máis dun mes e o Partido Popular non amosou nin un só borrador desa presunta lei que quere traer a este Parlamento galego. Por facer, non fixo nin sequera o mínimo, que é a apertura do prazo de consulta pública previa para que a cidadanía poida enviar suxestións. Nin sequera iso fixo o Partido Popular no día de hoxe. ¿Por que? Porque era una manobra de distracción, porque non hai plan, porque non hai proxecto e porque non hai a máis mínima vontade por parte do Goberno galego de furar o máis mínimo nos beneficios das eléctricas. Porque seguen vostedes presos dese abrazo de Iberdrola e presos dese modelo enerxético que o que foi ata o momento é lesivo para este país.

Vostedes seguen sendo o mesmo Partido Popular que vetou neste Parlamento unha e outra vez iniciativas de fomento da participación pública deste grupo parlamentario, ben de forma directa, ben a través das emendas ás iniciativas lexislativas coñecidas no día de hoxe como «leis de depredación 1 e 2» ou ben tamén —seguindo a estela de hoxe á mañá— vetando iniciativas lexislativas populares.

Porque hai que recordar que veu a este Parlamento unha iniciativa lexislativa popular para a constitución dunha empresa pública de enerxía a partir do rescate ás centrais hidráulicas que están a caducar, de Augas de Galiza, e sobre as que o Partido Popular o que fai é impulsar unha e outra vez a dilación da toma de decisións.

Vostedes seguen sendo ese mesmo Partido Popular e basicamente o que fixeron foi unha bomba de fume para tapar o seu fracaso eólico. O fracaso eólico e enerxético dun modelo que é unha chapuza legal, que nestes anos tivo máis de once modificacións lexislativas que supoñen máis de cincuenta cambios, que ten un canon eólico que está desfasado e que recadou menos do estimado... Para tapar que seguen pagando multas pola anulación do concurso eólico do Bipartito, máis de cinco millóns de euros, e para tapar tamén que lexislan para perdoar as grandes eléctricas.

Para colmo, descubrimos hai pouco máis de mil seiscientos millóns de euros a empresas como Greenalia, á que unha exconselleira do Partido Popular directamente colleu un portalón xiratorio.



Polo tanto, era todo unha bomba de fume; non hai resultado. Fronte á improvisación, dende o BNG, que si temos un proxecto para este país, hoxe defendemos tres propostas moi concretas para un cambio de modelo e para impulsar a participación pública no sector enerxético a través de tres iniciativas.

A primeira, impulsar e constituír unha empresa pública de enerxía que estea liderada pola Xunta de Galiza e aberta á participación de entidades locais. Propoñemos que teña funcións no ámbito da xeración e da comercialización e que tamén promova o autoconsumo e as comunidades enerxéticas e a boa educación enerxética da sociedade. Un punto de partida, por suposto, deberán ser eses activos hidráulicos de Augas de Galiza.

En segundo lugar, propoñemos tamén mudar a Lei eólica actual para favorecer que a Xunta teña participación pública e directa dos proxectos que se vaian construír.

E, en terceiro lugar, impulsar cambios normativos tamén para mudar esa anomalía democrática de que cando unha empresa obtén beneficio polo vento galego sexa *sine die*, sexa para sempre. Nós o que propoñemos é estudar as posibilidades do marco legal para que sexa considerado como un ben de dominio público e, polo tanto, isto estea limitado. Porque o vento, os recursos enerxéticos do país, son dos galegos e galegas e non poden ser só dunha empresa privada que o merque para sempre.

En conclusión, fronte á improvisación e o servizo ás eléctricas, hoxe o que traemos son propostas claras que obedecen a un proxecto de país e que obedecen ao impulso da participación pública. Estamos, desde logo, nun momento de cambio, e desde o BNG temos claro que ese cambio ten que deixar de ser a favor das eléctricas e ten que ser a favor deste país.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora Presas.

Quenda para o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Ten a palabra dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señora presidenta.

Bo día, señores e señoras deputados.

A verdade é que non tiña pensado iniciar esta iniciativa tal como o vou facer, pero, bueno, á vista dalgunhas cuestións que se manifestaron nesta tribuna hoxe pola mañá —en concreto, por unha representante do Goberno galego—, pois a verdade é que eu creo que é necesario —totalmente necesario— facer un relatorio desas medidas adoptadas polo «sanchismo»; esa derogación do sanchismo, que parece que agora está en boca de todos os deputados e as deputadas do Partido Popular, e sobre todo dese expresidente Feijóo, que, cando fala, pois sobe o pan. (*Murmurios.*) (*Risos.*) Pois ese sanchismo o que permitiu é que a maioría dos homes e das mulleres do noso país non quedasen na cuneta, tal como sucedeu cando tivo



que xestionar unha crise, a crise de 2008, ese M. Rajoy. A diferenza é grande e, se non, pódennlle preguntar aos homes e ás mulleres do noso país.

Hai que recordar novamente que estivemos, a partir do 2020, nunha crise económica, social e sanitaria debido á pandemia da covid-19. E nese momento o sanchismo —é dicir, o presidente do Goberno, Pedro Sánchez— foi a Europa buscar recursos, e acadou 160.000 millóns de euros para España, eses aos que vostedes votaron en contra e eses dos que vostedes —Casado, Feijóo, e o señor Rueda non, porque non puido, xa que non o atenderon— foron falar mal. Foron falar mal do seu país —é dicir, de todos e todas nós— para que eses recursos non chegasen a España. Polo tanto, iso é o que queda no seu haber.

Pois, miren, voulles seguir falando do sanchismo, señores e señoras do Partido Popular, e ten que ver bastante con esta iniciativa que hoxe trae aquí o Bloque Nacionalista Galego. Pois, miren, co sanchismo rebaixouse o IVE da luz ao 5 por cento; ¿Recórdolles a Mariano Rajoy? Subiuno ao 16 e despois ao 21 por cento. Iso fíxoo o «rajoísmo». E hoxe España é o país da Unión Europea que ten o menor IVE da electricidade. Tamén o sanchismo reduciu o imposto especial da electricidade, do 5 ao 0,5 por cento, e suspendeu o imposto do 7 por cento á xeración, reducindo o 55 por cento dos cargos repercutidos na parte fixa da factura. Tamén se implantou o mecanismo ibérico, iso ao que vostedes lle chamaron o «timo ibérico» e que notamos todos os meses todos os españois e todas as españolas na nosa factura eléctrica. Tamén máis de 74.000 persoas se beneficiaron dese Bono Social Térmico e tamén se prorrogou a ampliación dese Bono Social Eléctrico. Tamén se limitou o prezo á bombona de butano e tamén se limitou o incremento da tarifa do último recurso de Gas Natural para os pequenos consumidores.

Pero é que, miren, o sanchismo tamén aprobou a gratuidade dos abonos multiviaxe, ou a bonificación do 0,20 do carburante para todos inicialmente e agora para os sectores que máis dependen do tipo dos carburantes. Limitouse tamén o incremento dos alugueiros con ese sanchismo. Suspendéronse os desafiuzamentos e os cortes de electricidade e houbo unhas axudas de 200 euros para as rendas máis baixas, que supuxeron en Galicia axudas para máis de 27.000 persoas, tamén un incremento do 15 por cento dese ingreso mínimo vital, que a señora conselleira de Traballo aquí hoxe deostaba, e quérolle recordar que hai 70.000 galegos e galegas que son beneficiarios dese ingreso mínimo vital.

Polo tanto, que veñan aquí deostar as medidas de Pedro Sánchez, as medidas do Goberno do Estado e as medidas diso que vostedes chaman o sanchismo e queren derrogar é unha auténtica vergonza. (*Aplausos.*) ¡Unha auténtica vergonza! (*Aplausos.*) Porque o sanchismo é o Goberno que máis ao lado estivo de todos os homes e de todas as mulleres do noso país; en contra do que fixo Mariano Rajoy, do que fixo Feijóo e do que está a facer Rueda.

Miren, e tamén lles quero recordar a subida por lei do 8,5 por cento das pensións; é dicir, que a partir de agora os pensionistas do noso país van ter un incremento nas súas pensións en función da subida do IPC. Teranlles que explicar a todos eses pensionistas —tamén aos pensionistas galegos— por que vostedes votaron en contra. Por certo, o BNG tamén llelo terá que explicar a eses pensionistas, que xa notan ese incremento do 8,5 por cento cando lles pagan a súa pensión.



E non vou seguir co resto... (*Murmurios.*) —si, podo seguir, nalgún momento seguirei—. Pois mire, xa que fala do incremento das bolsas de estudo, para vostede, señor... —non recordo agora o seu nome, pero, bueno, dá igual—. Grazas a ese sanchismo, son 400 euros máis nesas bolsas de estudo. ¿Sabe que fixo Feijóo durante todos estes anos, e Rueda? Conxelalas, conxelar as bolsas de estudo; e, grazas a iso, 400 euros máis, e se segue a estudar, poderá beneficiarse. Ou máis de 3.000 millóns de euros en FP, ou iso que acaban de anunciar vostedes, o señor Rueda, subvencións para libros de texto e material didáctico. Pois iso tamén vai con fondos que veñen do sanchismo.

Así que miren, señores e señoras do Partido Popular, clases aquí para estar coa poboación, con toda a poboación, coa maioría da poboación, ¡ningunha! ¡Ningunha! (*Aplausos.*) ¡Absolutamente ningunha! Mañá teremos ocasión de falar de a quen benefician vostedes fiscalmente e de que somos nós os que estamos ao carón de todas as persoas deste país.

Pois ben, falando agora do que é a enerxía eólica, eu vou recordar os megavatios instalados en Galicia. (*Murmurios.*) Isto tamén ten que ver; se non lles gusta..., pero é a realidade. Por certo, son datos constatables. (*Murmurios.*) Si, si, si. (*Risos.*) (*Murmurios.*) Mire, señora presidenta, para que llelo pase a todos os que rin alí tanto (*A señora Rodríguez Rumbo entrégalle á presidenta un documento.*) (*Risos.*) e para que sigan rindo un pouquiño máis e, polo menos, tomen exemplo para axudar as persoas que máis o necesitan.

Pois na época de Fraga implementáronse máis de 2.300 megavatios. Cando foi o BNG o responsable de política enerxética en Galicia, nese Bipartito, instalaron 721 megavatios en tres anos e medio, e saíron do Goberno adxudicando 2.300 megavatios. E despois, durante a época de Feijóo, de 2010 a 2022, instalouse algo máis do que se tiña instalado durante o Bipartito. En agosto de 2009 a Consellería de Economía, xa co Partido Popular, decreta e publica a suspensión do Decreto eólico do Bipartito e comprométese a traballar moitísimo —cousa que nunca fan pero, bueno, prometen moitas veces— e a que en 2010 estarían listas as autorizacións administrativas dos parques admitidos a trámite. Pois en decembro de 2009 publican unha lei e, con base na dita lei, publican a Orde do 29 de marzo de 2010 para a asignación de 2.325 megavatios de potencia na modalidade de novos parques eólicos en Galicia, formulando xa nese momento que se cumpría cos obxectivos da política enerxética que estaba imperando en Europa e que, polo tanto, eses ían ser os obxectivos da política enerxética de Galicia: reducir a dependencia enerxética do exterior e loitar contra o cambio climático, fixando como obxectivo acadar en 2012 unha potencia autorizada en Galicia de 6.500 megavatios de enerxía eólica.

Pois ben, en decembro de 2010 publican a resolución pola que se aproba a relación deses anteproxectos de parques eólicos seleccionados. E no ano 2015 o Tribunal Superior de Xustiza declara legal o concurso do Bipartito e ilegal o anuncio que o Goberno do PP fixo da repartición bipartita de megavatios; unha ilegalidade que despois tamén foi ratificada polo propio Supremo. Dous anos despois o Goberno galego resolvía un novo concurso que foi tamén tumbado polo Tribunal Superior, ao estimar a demanda en contra das valoracións das ofertas efectuadas presentada por unha das empresas candidatas e que quedou fóra. Pois ben, no ano 2019, en decembro —como todos vostedes saben— aprobouse ese Pacto verde europeo para converter Europa nun continente neutral para o clima no ano 2050. E dous anos despois



da aprobación do Pacto verde europeo, o 24 de febreiro de 2022, a invasión de Ucraína por Rusia acelerou a necesidade de acadar estes obxectivos, de axilizar a dependencia enerxética e de acelerar o desenvolvemento das enerxías renovables. Polo tanto, entendemos que isto non é unha opción, que isto hai que facelo e hai que facelo con todas as garantías.

E eu preguntolles, señores e señoras deputados: se non aproveitamos esta oportunidade cando nós temos o recurso, temos a cualificación profesional necesaria para poder desenvolver este recurso e que é para incrementar as opcións de industrialización da nosa comunidade, ¿cal é a opción?, ¿que volten ser outros territorios os que aproveiten estas oportunidades e nós seguir sendo exportadores de man de obra cualificada, que formamos en Galicia, na que se invisten recursos na súa formación para que despois teñan que coller a maleta, marchar a outros territorios e alí contribuír ao seu crecemento económico, tal como facía en 2012 ese expresidente Feijóo, que, mentres lles entregaba o diploma nunha man, na outra lles daba unha maleta para que marchasen do país porque en Galicia non tiñan oportunidades de futuro? ¿Iso é o que vostedes queren? E, por certo, mentres critican a realidade dos datos que acaban de saír tanto de afiliación en Seguridade Social como na rebaixa do paro, e iso débese fundamentalmente e tamén a ese sanchismo que vostedes queren interrogar.

Pois miren, señoras e señores deputados, eu creo que debemos intentar que reverta ese investimento que se fixo nos xoves do noso país para que reverta na nosa comunidade...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...que non se lles pode negar novamente a oportunidade de establecerse aquí, de desenvolver o seu proxecto vital, de contribuír a incrementar a riqueza do noso país e de evitar o despoboamento que estamos a sufrir.

Nós estamos de acordo en que se constituía unha empresa público-privada, posto que tamén vai no pacto asinado polos socialistas. Pero, antes de darlle un voto de confianza a este Goberno do Partido Popular —que moitas cousas pon no papel pero que logo non desenvolve—, quereamos saber que tipo de empresa é, en que condicións, como se vai negociar e como vai reverter no noso territorio, que é o máis importante; ou se novamente van darlles para as empresas todos os beneficios e ningún, absolutamente ningún....

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...para o terreo onde se implanta.

Pola miña banda, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

(Aplausos.)

Quenda do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.



Ten a palabra dona Marta Nóvoa.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Grazas, presidenta.

Bo día a todos e a todas, señorías.

Señora Rodríguez Rumbo, non sabía desa paixón sanchista que demostrou aquí na súa intervención. Eu supoño que a traería preparada porque, claro, fixo vostede hoxe aquí de teloneira para ese mitin que mañá ía dar o señor Sánchez... ¡Ah!, pero que se cancelou —supoño que está enterada—... Claro, é que viu as enquisas e decidiu non vir a onde van perder as eleccións. *(Risos.) (Aplausos.)* Si, señora Rodríguez Rumbo, iso foi o que ocorreu. *(Aplausos.)* ¡Iso foi o que ocorreu! *(Aplausos.)*

Pero, mire, voulle dicir unha cousa, o sanchismo... *(A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.)* —escoite, escoite, que agora me toca a min, señora Rodríguez Rumbo— non o vai derrogar o PP, vano derrogar todos os cidadáns cando voten, e a primeira estocada vai ser o 28 de maio, cando van perder. *(Aplausos.)* Si, ese vai ser o principio do final do sanchismo.

E vén vostede presumir do prezo da luz. Pero, señora Rodríguez Rumbo, cando gobernaba o presidente do Goberno, o señor Mariano, Mariano Rajoy —un pouco de respecto— o prezo da luz... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* —si, Mariano Rajoy—era de 47 euros o megavatio. ¿Sabe canto era con vostedes?, ¿canto foi con vostedes? 470 euros o megavatio. ¿E ten vostede a cara de vir aquí falar do prezo da luz? ¿Sabe a canto cerrou o prezo da luz o ano pasado?, ¿a media do prezo da luz? A 200 euros o megavatio hora. ¡A factura, señora Rodríguez Rumbo, incrementouse nun 70 por cento!

Si, eu entendo que vostede non estea ao día destes temas, pero xa lle vai sendo hora de que se poña, señora Rodríguez Rumbo. Levamos anos falando do prezo da luz, xa levamos... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, eu son igual de lista ca vostedes. É que miro os datos e digo a realidade dos datos. E o tope do gas o único que fixo foi financiarlle a luz a Francia, ¡a Francia!, que pagamos centos de millóns de euros. ¡Si, señora Rodríguez Rumbo! ¡Por favor infórmese!, ¡infórmese!

Mire, señora Rodríguez Rumbo, imos entrar no tema da enerxía eólica, que vostede falou exactamente dous minutos e eu non, eu quero dedicarlle tempo a unha iniciativa que trouxo o Bloque Nacionalista Galego. Vostede pasou toda a súa iniciativa —para votarlle que non a unha iniciativa do Bloque Nacionalista Galego—, todos os minutos da súa intervención, rifándolle ao Partido Popular, cando a iniciativa é do Bloque Nacionalista Galego. ¡Pero céntrase, señora Rodríguez Rumbo, por favor!

Miren, a iniciativa do Bloque Nacionalista Galego é o de sempre, señora Presas. Levamos debatido moito vostede e mais eu, e vostedes son os de sempre: a demagoxia do Bloque Nacionalista Galego, o BNG, que mira ao pasado, os do non ao avance e ao progreso de Galicia, os que están superacalorados en contra do sector eólico. Pero, iso si, cando están na oposición, porque cando gobernan vostedes instalan máis ca ninguén. Eu só lles fago unha reco-



mendación, señora Rodríguez Rumbo: non se illen aínda máis, deixen de mirar ao pasado e non queiran levarnos á luz do candil e ao fume das lareiras, porque, mire, iso é cousa do pasado, igual ca vostedes.

E seguen ancorados no pasado. Nós estamos para avanzar, para que Galicia avance e para que Galicia siga sendo un referente... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Aplausos.)*

Señora presidenta, eu estiven escoitando as súas intervencións, ¿vale? Entón, un pouco de respecto, señor Bará. Se quere, despois vai ter un turno para falar de Rede Natura. *(Murmuros.)* Se quere falar de eólicos, fale. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Miren, señorías, Galicia aspira a ser un referente en enerxía eólica —sómolo—, e aspira a seguir séndoo, fronte ás incertezas xeradas por un goberno tripartito socialista, que acaba de aprobar a barra libre, eliminar as garantías medioambientais, e fronte á tradición milenaria do Bloque Nacionalista Galego de todo o que signifique progresar; o negacionismo en estado puro unha vez máis.

Estamos ante unha oportunidade de futuro, aínda que as señorías do BNG rían, porque para eles, claro, falar de Europa aquí, é algo en mente e, no Día de Europa no que estamos hoxe, pois é necesario falar do Plan industrial do Pacto verde. E a vostedes dálles igual. Nós non queremos que Galicia quede atrás, e queremos que a nosa economía avance e que se xeren novos postos de traballo cualificados, para que a xente e os mozos que veñen por detrás teñan futuro na nosa comunidade.

E as administracións, señorías, teñen que sentar as condicións para que as empresas poidan instalar enerxía renovable nas mellores condicións. Nas mellores condicións sempre, e, por suposto, respectando o medio ambiente. Iso é o que está a facer a Xunta de Galicia.

Se deixásemos isto nas mans do BNG, Galicia sería a última en incorporarse a un proceso no que está, evidentemente, toda Europa e todo o mundo: no de loitar por un cambio, por unha transición enerxética que non debemos deixar pasar. Pero a vostedes iso dálles igual.

Claro, vostedes teñen un modelo, o do BNG, que se basea fundamentalmente en catro puntos. Eu voulos recordar porque levamos falado moitas veces aquí diso, e vostedes no que levamos de lexislatura levan traído máis de vinte iniciativas en contra do sector eólico para pretender paralizalo. Entón, vostede non pode vir aquí dicirnos que está a favor da enerxía eólica, da enerxía renovable, cando eu mesma levo debatido aquí máis de vinte iniciativas, non só no Pleno, senón nas comisións, en favor de paralizar o sector eólico.

¿E que fixeron vostedes? Vostedes teñen un modelo, teñen un pasado, e cando gobernaron, cando tiveron a oportunidade de gobernar, non derrogaron nin modificaron o Plan sectorial eólico. ¿A que non? Tampouco paralizaron a tramitación que viña de atrás. E foron capaces de instalar 36 parques eólicos con máis de 800 —case 900— megavatios instalados de enerxía eólica, a cuarta parte do que hai instalado hoxe. Entón, ¿daquela era boa? ¡Ah! Agora é mala. Daquela, cando gobernaban vostedes, era boa.



Tampouco foron capaces de sacar un concurso eólico con todas as garantías. O seu decreto acumulou varios recursos da industria, ademais de oito obxeccións do Consello Consultivo na súa redacción. E non tiñan en ningún momento intención de paralizar aquilo. É máis, o seu conselleiro, Fernando Blanco, dicía que era unha cifra —6.500 megavatios pretendían instalar vostedes ata 2012— realista e que sería ilóxico —dicía o seu conselleiro— coartar unha das zonas con mellor vento de España. ¡Claro, daquela era posible, porque non se depredaba nin se castigaba o medio ambiente!

Polo tanto, é o que lles dicimos moitas veces: a súa posición depende, cambia, varía en función do vento, ¿sabe? Cambia en función de se están no Goberno ou non. Se están na oposición, o eólico é malo; se están no Goberno, o eólico é bo. Cando gobernaban, dicían unha cousa e cando están na oposición din a contraria. Así son vostedes, señorías do BNG.

E o Partido Popular claro que ten un modelo. Temos un modelo que leva moitos anos en vigor e que leva achegado seguridade xurídica, ademais dunha prioridade fundamental: que somos os terceiros en xeración de enerxía eólica; en moitos momentos, os segundos de España, e foi grazas ao modelo do Partido Popular fundamentalmente. Claro que si, porque vostedes, cando gobernaron, tampouco o cambiaron.

Nós seguimos a levar a cabo unha instalación da enerxía renovable con todas as garantías, xa lles digo, tanto técnicas como medioambientais, sempre compatibles co medio ambiente. E nesa liña está que todos os nosos proxectos se avalían coa avaliación ambiental ordinaria. O Partido Socialista, coa convivencia do Bloque Nacionalista Galego, permitiu que se cambiase unha lei... Unha lei non, que a lei non a cambiaron. Vostedes lexislan vía decreto e modifican o que lles parece, e unha das cousas que modificaron é quitar a avaliación ambiental ordinaria da maioría dos proxectos que se queren instalar na nosa comunidade. Entón, ¿cales foron, ademais, os cambios que levamos introducido? Nós avanzamos, claro que si.

Vostede falaba aquí de que o canon eólico non recadou. Mire, o canon eólico leva recadado máis de 200 —case 300— millóns de euros; 296 desde do ano 2010. Pero vostedes ¿que fixeron? ¿Vostedes que fixeron? Opoñerse. Vostede vén aquí agora criticar o canon eólico, e cando se tramitou aquí e se aprobou aquí, vostedes votaron que non, ¿verdade? Entón, ¿que vén dicir vostede aquí? Pero é que nós seguimos avanzando, e vinculamos a tramitación dos proxectos eólicos coa sinatura de contratos de compravenda de enerxía. ¿E que fixo o Bloque Nacionalista? Pois votou que non a isto tamén; vostedes votaron que non. E tamén lles damos prioridade aos parques eólicos para que repercutan os seus beneficios —o 2,5 por cento dos seus beneficios— nas localidades nas que se asentán, e xa hai concellos como o da Cañiza no que se van aproveitar desta medida. ¿E que fixo o BNG? Votar que non, tamén votaron que non.

Agora estamos traballando nunha lei pioneira de recursos naturais e vén aquí crítica-la. ¿Por que? Señorías, ¿por que...? *(A señora Rodil Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)* Señora Rodil, eu, de verdade, se quere ser vostede a portavoz de enerxía, fáleo coa señora Presas. É a viceportavoz; co cal, cando queira, suba vostede aquí e debatemos. Eu, sen ningún problema, que estaría encantada. Pero, ben, xa non me queda moito tempo para facelo.



Mire, señora Rodil e señora Presas, a lei estase tramitando, estase consultando cos axentes sociais, cos expertos en transición enerxética, e será elevada ao Consello Económico e Social, por suposto. Tranquilos, que todo chegará. Vostedes xa se poñen nerviosos porque, claro, foi un goberno do Partido Popular, co presidente Rueda á cabeza, o que vai sacar unha lei pioneira que permitirá unha sociedade público-privada. Claro, vostedes en canto oíron pública, alegráronse, pero cando oíron privada..., ¡uf!, alerxia á iniciativa privada.

Señora Presas, é o que lles fastidia desa lei, que poida crearse unha sociedade público-privada, porque vostedes están en contra da industria. E non poden vir aquí dicir que están a favor cando levan traído centos de iniciativas en contra do avance e do progreso das industrias no noso país, señora Presas. Iso é o que fan vostedes.

E a vostedes dálles moito proído que nós vaíamos sacar unha iniciativa e que vaíamos poñer en marcha un canon eólico, e tamén para a eólica mariña, porque non podemos gravar os muíños nos parques eólicos mariños, pero farémolo a través das liñas de evacuación.

Vostedes a todo iso van votar que non. Por iso, non se pode vir aquí pedir unha cousa e despois, cando toca, cando chega o momento de poñerse do lado do avance e do progreso, sempre dicir que non.

Señorías, mentres vostedes queden atrás, a Xunta vai seguir a traballar para que a industria galega se revitalice, si, se modernice e veñan novos empregos que permitan ter un futuro e ter unha posición de traballo na nosa comunidade.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Vostedes non queren iso. Mire, vostedes queren hipotecar Galicia e que quedemos illados, como dicía noutra intervención hai pouco tempo; escondidiños, a escuras e sen que o noso potencial poida saír adiante. Señora Presas, iso é o que vostedes queren e non é o que quere o Partido Popular.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Pecha a autora da moción. Ten novamente a palabra dona Noa Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidenta.

Ben, señora Rodríguez Rumbo, efectivamente, non me quedou claro que é o que van votar. En todo caso, véxome na obriga tamén de dicir algo sobre a súa intervención.

Eu vou facer un novo intento de que o Partido Socialista entenda por que votamos en contra desa modificación das pensións: señora Rodríguez Rumbo, porque é que podía tela feito perfectamente o Goberno do Partido Popular.



Entón, o que vai votar o BNG é unha cuestión moi clara. Cando vostedes cumpren con Galiza ou coas maiorías sociais, contan co apoio do Bloque Nacionalista Galego; cando vostedes fan o que faría a dereita, pois, desde logo, non nos teñen ao seu lado. (*Aplausos.*)

Entón, claro, cando hai cuestións como sortear trámites ambientais para as enerxéticas, pois, desde logo, o Bloque Nacionalista Galego está en fronte. Cando rectifican, como o Partido Popular, e defenden a baixada do IVE da electricidade, cuestión que trouxemos moitas veces a este Parlamento e da que nos alegamos de que rectificasen por fin uns e outros, pois téñennos ao seu lado.

En todo caso, o que votamos hoxe é a proposta do Bloque Nacionalista Galego, non a do Partido Popular, que xa vemos agora a confirmación de que segue sendo unha proposta translúcida da que temos o titular e non temos nada máis, señora Nóvoa. Fixo así vostede unha especie de Rodríguez Rumbo, pero, cando menos, hai que recoñecerlle que falou doutras cousas pero que tiñan que ver co sector enerxético, para evadir o debate do que iamos votar, que é: ¿participación pública, si ou non? Porque, claro, vostedes dependendo do día da semana... Primeiro, estaban en contra, durante catorce anos, da participación pública do sector eólico. Fixeron vostedes unha exposición de motivos da Lei de aproveitamento eólico na que só lles faltou poñer unha posdata: *Vienen los comunistas a comernos*. Linlla o outro día aquí ao señor Conde. Agora parece que rectifican. Benvida sexa unha rectificación.

Pero é que, mire, pasou máis dun mes, señora Nóvoa, e non está aberto nin sequera o trámite de consulta pública previa. ¡Nin sequera iso! Teñen vostedes cero credibilidade de que vaian facer algo que realmente poida impulsar o fomento da participación pública no sector enerxético. Sábeo vostede perfectamente.

E, mire, falaba de moitas cousas, entre elas, por exemplo, do prezo da luz, ¿non?, por poñer unha cuestión a colación deste debate. Efectivamente, vivimos nos últimos anos subidas moi importantes do prezo da luz. Recentemente, o verán pasado, aínda falabamos de como as grandes empresas que xestionaban as grandes hidráulicas incluso baleiraron encoros e manipularon o prezo da luz. E isto foi investigado pola CNMC desta última volta e tamén anteriormente. Temos no noso país o exemplo de cando fixeron iso no río Sil, por exemplo. E é un gran exemplo porque esa produción que hoxe controla Iberdrola anteriormente fíxoaa unha empresa pública. Si, si, unha empresa pública malvendida. Polo tanto, se houberse control público sobre parte do negocio hidráulico, habería capacidade para conter o prezo da luz e habería capacidade para evitar a especulación.

¿Cal seguiu sendo o pago de Iberdrola a este país? Deslocalizar a maioría dos postos de traballo da zona de Valdeorras, señora Nóvoa. Sábeo vostede perfectamente coma min, que é deputada pola provincia de Ourense.

Polo tanto, vostede di que avanzan a toda velocidade. Si, a 215 por hora a favor das eléctricas, efectivamente, señora Nóvoa. Pero, mire, números fronte a demagogia; números fronte a demagogia. Falei antes dos 2.300 millóns de euros de beneficio que leva Endesa no que vai de ano. Pero en Iberdrola, por exemplo, o señor Galán —co que vostedes tanto se abrazaban,



efectivamente— cobra 13 millóns de euros ao ano, que é máis do que ten o Fondo de Compensación Ambiental co que veu vostede presumir aquí, señora Nóvoa.

Polo tanto, nós o que defendemos nesta proposta son mecanismos de intervención na economía, por suposto, pero para ter os sectores tan estratéxicos como o da enerxía controlados, para ter unha planificación que veña desde o público e para que veña unha parte dos beneficios, por suposto. Iso é o que defendemos: beneficios públicos e directos do sector enerxético. Porque o que levan vostedes facendo décadas e décadas desde a Xunta e desde o Estado é facer que eses recursos naturais, que son de todos os galegos e galegas, revertan única e exclusivamente no beneficio privado, e iso é o que non pode ser.

A proposta que trae o Bloque Nacionalista Galego hoxe aquí é clara e é coherente co que fixemos, por suposto, durante o Goberno bipartito, que foi blindar por lei a participación pública do sector enerxético, co que facemos desde a oposición, facendo propostas neste ámbito —tres que se votan hoxe: empresa pública, modificación da Lei de aproveitamento eólico e estudar o cambio de condición das concesións para a eólica—, e tamén co que faremos no futuro cando teñamos oportunidade.

En todo caso, quero despedirme cunhas palabras de amor neste pleno. (*Murmurios.*) É o último pleno que temos antes das eleccións municipais. Eu estou morriñenta porque sei que vou perder, deste ámbito de traballo, moitos compañeiros e compañeiras do Grupo Parlamentario do BNG, que van ser alcaldes e alcaldesas. Polo tanto, espero que vostede perda as eleccións e que poidamos seguir debatendo á volta.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Suspendemos a sesión. Será reanudada ás 16 horas.

Suspéndese a sesión ás dúas e cincuenta e un minutos da tarde e retómase ás catro e dous minutos.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Reiniciamos a sesión coa terceira moción.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre a política do Goberno galego en relación coa ampliación da Rede Natura 2000 en Galicia

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas. Hai unha autoemenda.

Para formular a moción ten a palabra o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidente.

Moi boa tarde.



Con esta proposta, con esta iniciativa, o BNG quere sentar as bases dun novo modelo de goberno en relación co patrimonio natural, porque precisamos comezar un tempo novo para os espazos naturais e para a diversidade biolóxica, un tempo novo que deixe atrás catorce anos escuros dun goberno gris, sen alma e sen ambición. Foi un goberno que sacrificou o patrimonio natural galego por servir outros intereses, os dos grandes *lobbys* enerxético, mineiro e forestal. E hai que recoñecer que vostedes conseguiron un récord, conseguiron un récord negativo, que foi situar Galiza á cola do Estado e de Europa en materia de protección da biodiversidade. Estamos, efectivamente, co 12 por cento do territorio protexido baixo a figura da Rede Natura, cando a media da UE é do 18 por cento e a media do Estado español está no 27 por cento, junha auténtica vergoña! E estamos, ademais, a anos luz das novas exixencias dos acordos internacionais, por exemplo, a da última Convención sobre diversidade biolóxica de Montreal, de decembro de 2022, que, como a Estratexia galega da diversidade biolóxica 2030, establece un obxectivo de protección do 30 por cento do territorio, e nós estamos —recordo— no 12 por cento.

Fronte a este desolador legado que deixa o Partido Popular, o Goberno en 3D —destrución, depredación e degradación—, o BNG ten unha alternativa ecolóxica, sustentábel, biodiversa e de futuro. E nesta moción recolleemos doce propostas que se poden resumir en tres: conservación, recuperación e dinamización. A primeira liña de actuación ten que ver coas iniciativas de conservación da biodiversidade, porque temos unha rede de espazos naturais insuficiente e, ademais, mal xestionada porque hai que ter en conta que protexer no papel non é garantía de nada. Por iso nós traemos aquí propostas de mellora, con máis orzamentos, con máis persoal, coa recuperación das direccións dos parques naturais, co fomento da participación da sociedade e tamén coa supresión dese límite de 10.000 hectáreas para novos parques naturais que, na práctica, é un *numerus clausus* para os parques naturais —e quero recordar que non se creou ningún desde o ano 2002, o da Enciña da Lastra—.

Polo tanto, o obxectivo prioritario nese novo goberno ten que ser a ampliación da Rede Natura segundo estándares internacionais, non unha miniampliación como a que supostamente pretende facer o Partido Popular para a galería como fogos de artificio. Nós pensamos que a base teñen que ser as propostas que xa se tramitaron no ano 2008 e no ano 2012, que foron formuladas por un organismo dependente da Universidade de Santiago, o Ibader, que establecía daquela uns obxectivos mínimos do 15 por cento no 2012 e do 18 por cento do territorio protexido no ano 2008. E quero recordar que no ano 2012 o Goberno da Xunta do Partido Popular tramitou a ampliación da Rede Natura por mandato da Unión Europea, considerándoa daquela urxente, pero despois gardouna nun caixón. E sabemos por que; gardárona nun caixón pola presión dos *lobbys* que lle dan ordes ao Partido Popular.

En xuño do ano 2017 vostedes, por propia iniciativa, aprobaron neste Parlamento unha proposta de ampliación da Rede Natura que logo quedou en papel mollado. E en xullo do 2017 a daquela conselleira das portas xiratorias, Bea Mato, dicía publicamente en Oleiros: «Grazas ao trallo técnico realizado durante o primeiro semestre do ano 2017, xa se dispón dunha cartografía e identificación destes hábitats, o que permitirá comezar a elaboración da proposta de ampliación da Rede Natura 2000» —xullo de 2017—. Pasaron seis anos e estamos agardando. E, ademais, vostedes aprobaron un Plan director da Rede Natura que non cumpre os mínimos. Hoxe estamos no Día de Europa e temos que dicir que vostedes están na desobe-



diencia e no desacato á Comisión Europea, porque hai un requirimento — neste caso ao Reino de España — que di que ese plan director non cumpre os requisitos mínimos, que hai que modificalo e que hai que establecer obxectivos, prazos e medios para eses espazos naturais, e vostedes aínda non o fixeron. E hai que aprobar tamén a Estratexia de infraestrutura verde para a colectividade ecolóxica, que está aínda pendente de aprobación oficial.

En segundo lugar, temos as iniciativas de recuperación do patrimonio natural mediante os plans de especies ameazadas e en risco de extinción. E quero recordar tamén que temos 201 especies incluídas no Catálogo de especies ameazadas, das cales só tres contan con plans de recuperación ou con plans de conservación. E aínda así iso non é garantía de que non estean en risco de desaparición, como ocorre coa escribenta das canaveiras ou a píllara das dunas. E resulta que temos 45 plans contratados desde o ano 2008 que custaron máis de 500.000 euros e que están tamén gardados nun caixón. ¿E saben por que están gardados nun caixón? Pois porque vostedes non protexen a biodiversidade, vostedes non protexen as especies ameazadas; vostedes protexen outros intereses, os intereses do IBEX 35, das empresas enerxéticas. Vostedes protexen os depredadores.

Tamén temos as iniciativas de recuperación de espazos degradados, especialmente as zonas húmidas, as turbeiras, as breixeiras húmidas e tamén a recuperación mediante a custodia do territorio. Porque nestes momentos temos unicamente 1.000 hectáreas en réxime de custodia sen medios e sen medidas de apoio, só co voluntarismo, co compromiso das entidades que están levando a cabo estas tarefas, de entidades conservacionistas, iniciativas sociais ou comunidades de montes. O BNG expresa a través desta proposta o compromiso de multiplicar por 10 nunha lexislatura ata as 10.000 hectáreas a superficie baixo custodia mediante un plan de apoio, con especial atención a bosques maduros, a bosques de ribeira ou a humidais, e co obxectivo, por exemplo, de eliminar esas 5.000 hectáreas de eucaliptais que están en espazos naturais protexidos. E neste sentido o BNG promoverá desde o Goberno unha gran mobilización pola custodia da biodiversidade, pola vida e pola saúde.

E, por último, están as iniciativas de dinamización social e económica, porque os espazos naturais non poden ser museos nin reservas; nin a paisaxe nin a biodiversidade se poden conservar en vitrinas. Débese garantir a convivencia de usos, a conservación activa. Os espazos naturais teñen que ser espazos vivos, activos, dinámicos; a súa xestión debe contribuír a un territorio vivo, a un rural vivo e con futuro, fronte ao abandono.

E por iso o BNG formula a proposta de creación do Fondo de Conservación da Natureza, que pretende mobilizar 100 millóns de euros para medidas de conservación, de custodia, de compensación por servizos ecosistémicos e tamén de dinamización socioeconómica, porque hai estudos que demostran que cada euro gastado, investido en espazos naturais protexidos, multiplica os seus efectos por sete; e, polo tanto, estamos perdendo moitas oportunidades.

E para rematar, cando temos aí ás portas o Día da Diversidade Biolóxica, o 22 de maio, o BNG quere poñer no centro da acción do Goberno a axenda ambiental. A axenda ambiental ten dúas caras que son inseparábeis: a descarbonización e tamén a diversidade biolóxica. Os obxectivos son converter os espazos naturais nunha marca de identidade e de calidade de Galiza, nun escudo protector da saúde e contra o cambio climático; nun instrumento de xe-



ración de actividade económica, de emprego e de riqueza. É necesario un cambio profundo de rumbo nas políticas ambientais e da biodiversidade e deixar atrás catorce anos de desleixo e abandono, de maltrato e de insensibilidade. Estamos nun novo tempo, o tempo dos coidados, das persoas, dos ecosistemas e do planeta. E, como dixo Jonas Salk, o inmunólogo estadounidense que desenvolveu a vacina contra a polio no ano 1955, «a nosa maior responsabilidade neste tempo é ser bos antepasados». Esa é a nosa responsabilidade: ser bos e boas antepasadas como persoas e como colectividade. Vainos niso a vida, vainos a dignidade, vainos o futuro.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Arangüena.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Pois dicía o escritor inglés Thomas de Quincey, no seu libro *Do asasinato considerado como unha das belas artes*, que «un comeza por permitirse un asasinato, do asasinato pasa ao roubo, do roubo pasa á bebida, e, se segue por ese camiño, pode acabar na mala educación e na procrastinación». Esta cita literaria lémbreme vividamente a traxectoria dun compañeiro seu de filas, que é o señor Baltar, que comezou a súa traxectoria cun delito de prevaricación, cando o seu pai enchufou 104 persoas na Deputación de Ourense para cimentar o pase desa transmisión dinástica desa provincia, seguiu conseguindo o récord de España en contratación a dedo nunha administración pública —o 80 por cento dos contratos da Deputación de Ourense, segundo o Consello de Contas— e rematou ou está culminando esa traxectoria conseguindo o récord mundial de velocidade en coche oficial a 215 quilómetros por hora. E no día de hoxe segue sen dimitir, e nin o fai dimitir o señor Rueda nin o fai dimitir o señor Feijóo. (*Aplausos.*) Esta —e falamos hoxe de medio ambiente— é unha cuestión da máis elemental ecoloxía política.

Teño dito, falando de medio ambiente, que as súas señorías do PP —e non me gusta ter que reiteralo hoxe, pero teño que facelo— representan características de estafadores medioambientais. Nin me gusta a min dicir isto nin, loxicamente, lles gusta a vostedes ese cualificativo, pero é unha definición que considero moi acaída e plenamente respaldada polos feitos. Porque mentres vostedes incumpren flagrantemente as obrigas que lles impón a lexislación medioambiental, están vendendo unha Galicia verde que na realidade xa non existe. Na realidade, Galicia, que en condicións normais sería un territorio cun patrimonio natural moi valioso, cunha elevada biodiversidade, está perdendo aceleradamente ese patrimonio natural, esa biodiversidade, converténdose no que alguén ten cualificado axeitadamente como «deserto verde».

De feito, máis alá da súa estafa medioambiental, en Galicia estase cometendo o que se está comezando a chamar «ecocidio». A definición internacional consensuada considera ecocidio «calquera acto ilícito ou arbitrario perpetrado, sabendo que existe unha probabilidade substancial de que cause ao medio ambiente danos graves que sexan extensos ou duradeiros».



En Galicia a combinación de eucaliptización masiva descontrolada, indiscriminada, acelerada, a avalancha eólica non ordenada, como debería, senón desordenada e tamén a descontrolada inacción absoluta fronte á crise climática e a desprotección case total do territorio integra, na miña opinión, case perfectamente o hipotético tipo penal de ecocidio. Digo «hipotético» porque no día de hoxe o ecocidio non está recoñecido como delito en España, pero dentro do dereito, da loita e do combate, como dicía Rudolf Von Ihering —que, de feito, escribiu un libro que se chama así *A loita polo dereito*— e polo recoñecemento do ecocidio como delito internacional, o 29 de marzo deste ano o Parlamento Europeo deu un paso histórico aprobando reclamarlle á Comisión e ao Consello que os delitos de ecocidio sexan incluídos na próxima directiva europea sobre protección do medio ambiente a través do dereito penal.

Así que parece cada vez máis cercano o día en que o ecocidio se inclúa no noso Código penal. Pero, mentres agardamos por esa inclusión, en Galicia estase cometendo hoxe un ecocidio, un auténtico ecocidio por motivos diversos, por moitos motivos. En primeiro lugar, porque a desprotección do territorio é case total. Galicia é a comunidade autónoma, como xa se dixo moitas veces nesta Cámara —e haberá que seguir repetíndoo, probablemente—, que ten a Rede Natura máis pequena do Estado, a Rede Natura máis pequena de España, a enorme distancia do resto, con só un 12 por cento da súa superficie protexida. Galicia é a última comunidade autónoma —sen citar algunha cidade autónoma que a ten aínda máis pequena, pero, obviamente, iso non é representativo— en superficie protexida, sendo a penúltima o País Vasco, co 20 por cento.

Por tanto, Galicia, o 12 por cento; País Vasco, o 20 por cento; e a media estatal, o 27 por cento, que é máis do dobre do que temos nós do territorio protexido pola Rede Natura 2000, que é a verdadeira —case diría a principal e única— figura de protección do noso territorio, máis alá dos parques naturais, que tamén forman parte desa Rede 2000; polo tanto, dounos por incluídos. A conselleira de Medio Ambiente anda por aí basicamente tomándolle o pelo á xente —á xente e a este Parlamento—, dicindo que o 42 por cento do noso territorio está protexido, porque conta como zonas protexidas as reservas da biosfera, cando debería saber perfectamente que a reserva da biosfera non é unha figura de protección; e, de feito, nos 75 parques eólicos que autorizaron vostedes hai dúas semanas nada menos que 20 están en reservas da biosfera, e nas reservas da biosfera galegas non hai ningún tipo de limitación ao tipo de actividades que se poden desenvolver nelas.

Por tanto, menten cando din que ese 35 por cento do territorio de Galicia que é a reserva da biosfera está protexido, a excepción das partes que coinciden con Rede Natura. Pero, claro, iso é a Rede Natura, non a reserva da biosfera. Por exemplo, acaban vostedes de autorizar 2 parques eólicos con muíños de máis de 200 metros de altura en plena zona de protección da Reserva da Biosfera das Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo. ¿Saben a quen lle autorizaron esa desfeita? Pois a unha empresa chamada Greenalia, na que recalou a exconselleira de Medio Ambiente, do seu partido, despois de dar un auténtico portazo xiratorio en menos de dous anos despois de deixar a política. Isto é só un exemplo: parque de muíños eólicos de máis de 200 metros en zona de protección dunha reserva da biosfera.

Estase producindo un ecocidio en Galicia, porque unha especie que ten efectos importantes sobre o medio ambiente e os recursos hidrolóxicos, cada vez máis escasos, como é o euca-



lipto, que é, obviamente, un recurso económico pero que tamén ten eses efectos, estase plantando descontroladamente. A suposta moratoria estase incumprindo, e probablemente nos próximos anos imos atopar como a superficie de eucalipto medra e segue medrando en Galicia. Hai un decreto, o 127/2008, sobre a protección das zonas húmidas de Galicia, do ano 2008, que di que teñen que facer vostedes un inventario de humidais. E vostedes tardaron nada máis e nada menos que quince anos en incluír unicamente 400 dos máis de 1.100 unidades que están catalogados pola Universidade de Galicia, polos científicos que analizan os humidais. Dos máis de 1.100, vostedes soamente inclúen 400 e, ademais, fano xustamente despois de que se emitan as DIA —as declaracións de impacto ambiental— deses 75 parques eólicos que autorizaron vostedes, que moitos deles remiten a un inventario que no momento de facer esa declaración de impacto ambiental favorable non tiña incorporados eses 400 humidais e, por tanto, esas DIA nin sequera consideran a existencia de humidais en Galicia cando autorizan parques eólicos. Parques eólicos que se implantan indiscriminadamente en zonas de elevado valor ecolóxico, sen avaliar o seu impacto conxunto, sen avaliar o seu impacto sobre os acuíferos, sen avaliar o impacto das liñas de evacuación que están pendentes de autorizar, sen avaliar o impacto sobre a Rede Natura, etc., etc., etc.; e parques eólicos que poden rematar anulados polos tribunais pola súa combinación de negligencia e de malicia cando tan necesario é un desenvolvemento eólico ordenado en Galicia.

Fomentar e amparar un ecocidio en Galicia forma parte, en definitiva, da ética dun partido que considera normal que un presidente da Deputación conduza un coche oficial a 215 quilómetros por hora; dun partido que ve normal que un presidente da Deputación marque récord mundial de velocidade en coche oficial e non dimita. É normal que vexa con bos ollos rematar de destruír o Parque Nacional de Doñana, que, sen a lei de Moreno Bonilla, xa estaba en moi mal estado, e que esa lei, no caso de levarse adiante e de seguir coa súa tramitación cos seus efectos, pode darlle a puntilla. Un partido que ve normal que Baltar cometa un delito en coche oficial a 215 quilómetros por hora é lóxico que vexa normal que en Galicia se fomente unha eucaliptización masiva descontrolada ou un desenvolvemento eólico masivo e desordenado. E un partido que ve normal que Baltar circule en coche oficial a 215 quilómetros por hora é lóxico que nin se moleste en cumprir o acordo para ampliar a Rede Natura 2000 máis pequena de España, que acadamos na Comisión 2ª deste Parlamento por iniciativa do Grupo Parlamentario Socialista en maio de 2021 —é dicir, hai máis de dous anos, hai exactamente ou case exactamente dous anos—, e vostedes non o levan a efecto. E un partido que ve normal que ese presunto delincuente motorizado, presidente da Deputación de Ourense, non dimita inmediatamente despois de ser cazado circulando a 215 quilómetros por hora é lóxico que aprobe unha lei que significa ou pode significar a destrución da maior xoia medioambiental de España, que é o Parque Nacional de Doñana, en contra da lexislación estatal e europea, en contra do criterio da Comisión Europea e do Tribunal de Xustiza da Unión Europea e en contra do criterio de todos os científicos que teñen algo que dicir sobre Doñana.

Para rematar, abril foi o mes máis cálido e seco en España desde que hai rexistros. Temos una seca que pasa de ser periódica a ser case crónica e que vai afectar tamén a nosa produción de alimentos. España é epicentro da crise climática, pero o presidente da súa fundación, da FAES, o señor Aznar, dicía no 2019: «No se puede estar amenazando cada día con el apocalipsis a cuenta del cambio climático». E no ano 2008 dicía xa que: «No sé si hay un cambio climático en el que es



o no determinante la acción del hombre, pero» —dicía— «es un problema que quizá —o quizá no— tendrán nuestros tataranietos». E criticaba os que chamaba «abandeirados do cambio climático», dicindo que eran inimigos da liberdade, practicamente comunistas.

Por tanto, son vostedes un partido negacionista en moitos aspectos, tamén da crise climática, que, sen dúbida, é o problema máis importante que afronta a humanidade na súa historia como manifestación dun colapso ecolóxico global que vostedes negan a nivel global e negan tamén en Galicia...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: ...que se está a producir.

Paren vostedes co ecocidio en Galicia e, se o ven conveniente, fagan dimitir o señor Baltar, delincuente —presunto delincuente— motorizado.

Nada máis, votaremos a favor, xa o anticipo. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Freire Vázquez.

A señora FREIRE VÁZQUEZ: Grazas, presidente.

Boas tardes a todos e a todas.

Señorías, a Xunta de Galicia leva catorce anos traballando na protección e na conservación da biodiversidade de Galicia, un importante patrimonio que nos distingue e nos fai únicos. O Goberno galego, ao igual que os galegos e galegas, está orgulloso do noso territorio, do noso paraíso, e coida, protexe e pon en valor o seu patrimonio natural. Outros dedícanse a tentar dar unha imaxe que nada ten que ver coa realidade que vemos os galegos e galegas e que ven os que nos visitan. E claro que é imprescindible reforzar a conservación do noso espazo natural. Niso concordamos todos, señorías.

Aínda que se falou en diferentes ocasións nesta Cámara da Rede Natura en Galicia e da conservación dos nosos espazos protexidos, é necesario volver traer a colación certos datos, datos reais e oficiais. A Rede Natura 2000 en Galicia abarca máis de 350.000 hectáreas, o 12 por cento da superficie da comunidade, unha cifra que nos sitúa na media das rexións atlánticas e de moitos países europeos, que se moven entre o 10 e o 15 por cento. Nove países da Unión Europea teñen unha porcentaxe do territorio en Rede Natura similar a Galicia. E, pónolles exemplos: Finlandia, Malta, Lituania, Francia, Irlanda, Bélxica, Suecia, Letonia e Dinamarca. Estes tres últimos con entre o 12 e 8 por cento.

Por outra banda, en canto á superficie neta en Rede Natura, hai moitas comunidades autónomas en España con menos superficie incluída que Galicia, e tamén lles poño exemplos: Canarias, Cantabria, Ceuta, Melilla, Navarra, Madrid, Illas Baleares, A Ríoxa, País Vasco, Asturias e Murcia. A realidade é que somos a oitava comunidade autónoma que estamos a aportar máis hectáreas á Rede Natura de España.



Ademais, Galicia conta cun alto nivel de protección da súa biodiversidade, xa que o 42 por cento do noso territorio se atopa amparado baixo algunha figura de protección. Contamos cun marco normativo completo e actualizado que ten como principal expoñente a Lei de patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia e o Plan director da Rede Natura, do 2014, que, como saben, é o instrumento marco de planificación de todos os espazos e no que se fixan uns obxectivos e medidas de conservación suficientes e axeitados para garantir a protección dos seus valores.

Estase a realizar dende a Xunta de Galicia un traballo inxente na aprobación dos instrumentos de xestión dos espazos protexidos, que sempre inclúen medidas específicas de xestión e conservación de especies de flora e fauna silvestres. Recentemente aprobouse o PRUX das Fragas do Eume, rematando así os dos parques naturais e o do parque nacional, máis de 50.000 hectáreas nas que se prevé mobilizar preto de 70 millóns euros.

Por certo, resulta vergoñento que o Partido Socialista veña aquí dicir que defende os espazos protexidos e acuda a concentracións encirrando os veciños con mentiras contra o Plan de usos e xestión das Fragas do Eume. Teñen vostedes, señoras e señores socialistas, sinceramente, a cara de cemento armado.

Fala o BNG tamén dun novo plan director, pero o Plan director da Rede Natura non precisa de ningunha modificación. O cumprimento da Directiva europea dos hábitats o que indica é que cada espazo debe contar cun plan específico de xestión que inclúa os seus propios obxectivos de xestión, e o compromiso adquirido, como dixo aquí xa a conselleira, por Galicia coa Comisión Europea é que se realizarán plans de xestión de todos os espazos galegos Rede Natura antes do ano 2027, recollendo neles obxectivos e medidas específicas para cada lugar. Nesa liña traballa a Xunta de Galicia, por unha banda, elaborando unha cartografía de hábitats e, por outra, tramitando posteriormente os plans específicos de xestión, co obxectivo de seguir completando o actual sistema de áreas protexidas para mellorar o estado de conservación dos hábitats de interese comunitario.

Saben tamén que se están a estudar 22 espazos para cuxa selección se priorizou a presenza de turbeiras, así como zonas con presenza de especies de interese comunitario; en conxunto, unha superficie de máis de 30.000 hectáreas, espazos nos que se está a analizar e cartografiar a cobertura dos diferentes hábitats presentes. Unha vez finalizados eses estudos científicos e cartográficos, avaliarase a súa posible inclusión na Rede de espazos naturais de Galicia, a través das figuras que se consideren máis axeitadas.

Polo tanto, estase a traballar para ter unha información veraz, científica e rigorosa sobre os hábitats de interese comunitario presentes en Galicia e, dende logo, esa é a forma máis axeitada de traballar con soporte técnico e científico.

Noutro punto da iniciativa do BNG sinceramente parece descoñecer que xa existe unha liña de axudas específica para a Rede Natura. Entre os anos 2020 e 2026 tramitáronse ordes de axudas —case cinco millóns de euros— dirixidas a restaurar, preservar e mellorar a biodiversidade nestas zonas, tamén existen ordes específicas de axudas nos parques naturais e tamén nas reservas da biosfera.



Falan tamén na súa iniciativa —aquí falou de forma xenérica, sen argumentar a iniciativa que presentan— dos humidais. Xa se explicou por parte da Xunta de Galicia que se está a priorizar a elaboración do Inventario de zonas húmidas. Recentemente incorporáronse uns 400 humidais, con 723 subzonas, e ao longo do 2023 está prevista a inclusión doutro importante continxente de novos humidais.

Por outra banda, estanse a estudar distintas zonas en bo estado de conservación, moi centradas en zonas de turbeiras, de cara a analizar as súas necesidades de conservación e a evitar perturbacións neles. Xa dixemos en varias ocasións que teñen a consideración de zonas de exclusión a efectos de implantación de eólicos.

Con respecto á Estratexia para a diversidade biolóxica 2030, que tamén plantexa a iniciativa do BNG, a verdade é que fala de oídas, porque debería saber que no marco da planificación nacional deses comités técnicos, tanto da flora e da fauna silvestres como de espazos naturais, o Ministerio para a Transición Ecolóxica está coordinando coas comunidades autónomas a elaboración dos criterios para a selección e a definición do listado de especies e os tipos de hábitats de interese comunitario para a mellora do seu estado de conservación de cara ao ano 2030. Por tanto, será nese marco onde se acometan as liñas de actuación, de financiamento e as medidas de seguimento e avaliación necesarias.

Falan tamén noutro punto da iniciativa da colaboración con asociacións de custodia do territorio, e pónolle o exemplo da Asociación para a Custodia do Bosque Atlántico Betula, no ámbito das Fragas do Eume. Por tanto, non é ningunha novidade o que plantexan vostedes na iniciativa.

Non podo finalizar sen dicirlle, señor Bará, que penso que teñen un concepto un pouco errado do que é unha autoemenda. Unha cousa é actualizar o texto dunha iniciativa e outra é rexistrar unha iniciativa totalmente diferente, desvirtuando totalmente a inicial e eliminando, por certo, toda referencia ao modelo eólico, que sinalaban «tiñamos que cambiar en Galicia». Non sei se xa mudaron de opinión, pero, aínda así, non imos obviar o debate, porque resulta sorprendente que o BNG e o Partido Socialista veñan aquí poñer en dúbida o traballo do Goberno galego na protección e conservación da biodiversidade de Galicia. E resulta sorprendente cando o Goberno de Pedro Sánchez, apoiado polo Bloque Nacionalista Galego, estableceu, como saben, o procedemento exprés, que si atenta directamente contra a biodiversidade; un procedemento que conta coa conivencia do Bloque Nacionalista Galego e que supón o non sometemento dos proxectos de parques eólicos xa non a unha avaliación ambiental simplificada, senón a ningunha avaliación ambiental, excepto —claro— a confianza no declarado polo promotor. ¿Quen está a promover esa pretendida conivencia cos promotores —cos lobbys, como di vostede—, señor Bará? Dende logo, o Goberno galego, non. Os lobbys, señor Bará, son os que deberon convencer o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista para aprobar, no seo do Estado, un procedemento exprés de barra libre, eliminando a avaliación ambiental nos procedementos eólicos de tramitación estatal; un procedemento exprés que, segundo dixemos, como recoñeceu recentemente o secretario de Estado de Medio Ambiente do Goberno Sánchez, xa afectara oito dos parques eólicos rexeitados no seu día pola Xunta de Galicia por afectar a biodiversidade, e que outros dezasete estaban en avaliación, polo que a cifra vai en aumento e sen freo posible. E vostedes, o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista, teñen a cara de criticar a Xunta de Galicia na protección e no



respecto do noso patrimonio natural, cando son vostedes os que aprobaron e permitiron ese atentado contra o noso patrimonio natural. Isto é máis que un maltrato, é máis que unha insensibilidade, señor Bará.

Fala o señor Arangüena de estafa. Dende logo, estafa, señor Arangüena, é que firme a Deputación da Coruña un convenio cunha entidade para que alguén poida dicir que se vai ampliar un parque industrial na Rede Natura; algo que saben que está prohibido. Iso si que é unha estafa por parte do Partido Socialista. *(Aplausos.)*

Vou repetir novamente que con este Goberno do Partido Popular ningunha actuación ou proxecto sae adiante se pode supoñer algún prexuízo para a biodiversidade, independentemente de se o seu ámbito de influencia está ou non dentro dun espazo regulado como Rede Natura. O 77,5 por cento da comunidade está blindado fronte á implantación de eólicos. Dende logo, a hipocrisía do Partido Socialista falando de eólicos con ese procedemento exprés ao que faciamos referencia de verdade que chega ata límites extremos.

Por tanto, señorías, leccións do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego en materia medioambiental ao Partido Popular, ningunha.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Freire.

Polo grupo autor da moción, o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Señora Freire, veu vostede aquí con excusas de mala pagadora. Teñen moi mala conciencia nesta materia, e ademais vén aquí vostede facer trampas ao solitario, manipulando descaradamente as cifras e os datos. É que, claro, por moito que vostedes queiran forzar a realidade, a realidade é teimuda e non mente, e a realidade é que Galiza está á cola do Estado en protección mediante a Rede Natura. *(Aplausos.)* Estamos no 12 por cento, somos a última comunidade. Non vale falar das cifras absolutas, hai que falar das porcentaxes. *(O señor Bará Torres mostra un documento.)* Case todas as comunidades están por riba do 20 por cento; só Murcia e Galiza están por debaixo, e Galiza é a última por responsabilidade das políticas depredatorias contra o medio natural do Partido Popular. Esa é a auténtica realidade.

Vostedes aquí non poden presumir absolutamente de nada, nin da Rede Natura, nin de humidais, porque hai un inventario de zonas húmidas, efectivamente, desde o ano 2003, feito pola Xunta e o Ibader, e vostedes tardaron vinte anos —¿como poden vir aquí presumir de algo?— en protexer só 402.131 humidais que están nese inventario. Pero, ¿de que teñen vostedes aquí que presumir, se deixaron aínda agora máis de 700 fóra de protección, cando levan catalogados, inventariados polo Ibader, desde o ano 2003? E ademais o Ibader fixo no ano 2017 un informe que alertaba da degradación e da destrución de moitos destes humidais pola súa desprotección. Son vostedes uns auténticos ecocidas de libro.

¿E como veñen aquí presumir de algo cando teñen as especies ameazadas na absoluta desprotección? Só 3 teñen plans de conservación, cando hai un catálogo do ano 2008 e 198 es-



pecies están na máis absoluta desprotección. Claro, porque protexelas significaba poñerlles impedimentos a todos estes centos de parques eólicos que vostedes se apuraron en tramitar. A eses intereses responden vostedes.

E que veña vostede aquí presumir de que aprobaron recentemente o PRUX das Fragas do Eume, cando este parque leva declarado desde o ano 1997...; é dicir, que tardaron vinte e seis anos en protexer, en facer este plan, e vén vostede presumir disto aquí. ¿Pero de que estamos falando, señora Freire? (*Aplausos.*) Vinte e seis anos para aprobar un plan, que é, e ademais está sendo, obxecto de críticas por todos os lados.

E, claro, a realidade é que vostedes incluíron na proposta da Rede Natura do ano 2012, por exemplo, a serra da Cova da Serpe as brañas do Deo, a serra do Suído, a serra do Barbanza, as brañas do Xallas, a ampliación do monte Pindo, a lagoa de Alcaíán, a devesa de Anllares e a serra da Groba. ¿E saben o que fixeron, cando había informes técnicos e científicos que dicían que eses espazos debían ser protexidos? Paralizar esa ampliación. ¿E por que a paralizaron? Porque, por exemplo, a Cámara Mineira lles dixo que non lle gustaba esa proposta e porque había máis de cincuenta parques eólicos en tramitación neses espazos. ¿E que pasou? Que se fixeron os parques eólicos, e a Rede Natura quedou gardada nun caixón. Así é como vostedes protexen os espazos naturais.

E miren, sobre o Plan director da Rede Natura, o que lle di a Unión Europea é que «as medidas de conservación recollidas no plan son demasiado vagas e indeterminadas e non obedecen, polo tanto, de maneira suficiente para a súa aplicación. En consecuencia, non pode considerarse que o Plan director da Rede Natura 2000 en Galicia sexa unha ferramenta suficiente na que se determinen todas as medidas de conservación necesarias para os LIC da Rede». Isto non o di o BNG, isto dío a Comisión Europea, que lles está sacando a vostedes as cores; tarxeta vermella por facer as cousas mal. (*Aplausos.*)

E despois xa veñen aquí vostedes inventar a realidade. ¿Que fixeron vostedes co último real decreto, que supostamente quita todas estas medidas de garantías de participación pública?, ¿abstivéronse? O BNG tamén se abstivo, porque era una votación sobre un conxunto de propostas, non era unha votación exclusivamente sobre ese tema. O BNG presentou unha proposición de lei para recuperar a participación pública e a información pública na tramitación de todos os proxectos eólicos. Esa é a nosa posición aquí e en Madrid. Vostedes non poden dicir o mesmo.

E, mire, remato dicindo que fronte ao legado do Partido Popular, que nos puxo no furgón de cola do Estado e de Europa, o BNG comprométese a traballar por situar Galiza na vangarda, en cabeza cos países máis avanzados; fronte ao monocultivo, que é a marca do PP, a multifuncionalidade, que é a marca do BNG; fronte á biuniformidade, a biodiversidade; fronte á lóxica depredadora, unha ética da natureza, do coidado do medio e do planeta; fronte ao beneficio rápido e a rapina, o beneficio a longo prazo e o beneficio colectivo.

Outra Galiza é posíbel, outra Galiza é necesaria, unha Galicia verde, verdecente, unha Galiza ecolóxica, unha Galiza biodiversa e con futuro. Para iso vai traballar sempre o BNG.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre a política do Goberno galego respecto da actualización do Pacto local galego

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de adición.

Proponse engadir na parte resolutiva dous novos puntos co seguinte texto:

«14º) Non permitir ou, no seu caso, denunciar a utilización irregular do patrimonio público para fins privados.

15º) Demandar do Goberno do Estado a reforma do sistema de participación das Entidades Locais nos ingresos do Estado, a fin de que no reparto se introduzan criterios como o avellentamento, a dispersión poboacional e o equilibrio territorial.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción, ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Boa tarde a todos os deputados e deputadas.

Antes de iniciar o contido desta moción, os socialistas queremos condenar rotundamente as actuacións do alcalde de Ourense, o señor Jácome, que parece que son constitutivas de delito. Esperamos que por parte de todos os grupos parlamentarios —hoxe pola mañá a verdade é que o BNG algo dixo tamén ao respecto— se condenen estas actitudes e que se asuma que esta xente, estas persoas, estes rexedores públicos, que deberan ser exemplares, están empregando os fondos que son de todos e de todas como se fosen fondos propios. *(Aplausos.)* Polo tanto, por parte dos socialistas, a nosa máis contundente repulsa por este tipo de actuacións.

E tamén, antes de entrar no contido da moción, teño que volver poñer de manifesto a nosa desconformidade respecto da forma de proceder deste Parlamento galego. Recordaba o outro día na interpelación co señor vicepresidente segundo que non nos parecía de recibo que nós, no mes de decembro, polo artigo 9, pedimos un estudo —ese estudo elaborado que lle encargou a Xunta de Galicia á Universidade de Santiago de Compostela para delimitar as competencias da Xunta de Galicia e dos entes locais—, e resulta que nos contestaron tres meses despois enviándoos un *powerpoint*. O cal obrigou, como dixen naquel momento, a formular unha pregunta na Comisión 1ª, que foi formulada o día 4 de abril. Realmente, nese momento, mentres estaba formulando a pregunta, é dicir, case cando estabamos acabando a Comisión, resulta que entra ese estudo que foi solicitado no mes de decembro, cun *rius* bastante ri-



sueño por parte da directora xeral de Administración Local, que foi a persoa do Goberno que veu responder. E o outro día aquí, en sede parlamentaria, tamén o vicepresidente segundo o tomou un pouco a chirigota nese jajajaja no que veu o outro día— que parece un pouco curioso por parte dun representante do Goberno galego—, e dixo que tampouco estaba tan mal, que tampouco era unha cousa tan preocupante. Pero é que, mire, hoxe resulta que ten entrada no Rexistro do Parlamento un acordo da Mesa do día 10 de abril, e tivo entrada hoxe ás 14.21 horas, e vai no mesmo sentido desta pregunta.

Señor presidente do Parlamento, *(A señora Rodríguez Rumbo xira a cabeza e diríxese ao presidente do Parlamento.)* xa que está aquí, pídlle por favor que este tipo de cuestións se solucionen, porque eu creo que isto é unha falla de transparencia e que o único que se está a facer é entorpecer o traballo lícito que desenvolvemos os deputados e as deputadas da oposición. *(Aplausos.)*

Pois ben, hoxe traemos unha moción que vén, evidentemente, derivada da interpelación feita o outro día ao vicepresidente segundo e na que queremos —bueno, queríamos, xa llo plantexamos así ao vicepresidente segundo— que rectifique un pouco o seu posicionamento; o posicionamento deste goberno galego respecto dos concellos galegos. Estamos nas vésperas dunhas eleccións municipais e, polo tanto, os gobernos que saian desas eleccións municipais seguramente van mudar; seguramente vai haber moitos máis gobernos do Partido Socialista dos que hai na actualidade. Polo tanto, non queremos que a Xunta de Galicia, o Goberno galego, teña máis concellos aínda aos que teña que desprezar e, dese xeito, tratar mal eses veciños e esas veciñas que viven neses concellos.

O señor vicepresidente segundo a verdade é que estivo bastante tempo da súa actuación... —bueno, non é actuación... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*, ¿da súa actuación aquí?, ¿si?, vale; bueno, ben, pois nada...— aquí, no Pleno do Parlamento, dicindo que iso non era así, que iso era mentira, que nós aquí viñamos dicir o que nos daba a gana e que, bueno, pouco menos que inventamos os datos e tal. Tamén negou que o Fondo de Cooperación Local siga sendo igual durante todos estes anos desde que goberna o Partido Popular. Tamén é verdade que a señora Prado —non sei se é a persoa que hoxe me vai responder— me dixo o mesmo na anterior moción que trouxemos neste sentido. E, ademais, acusoume directamente de mentireira. E, por último, tamén dixo o señor vicepresidente segundo —eu supoño que non o fixo mentindo, que non mentiu— que o financiamento das deputacións gobernadas polos socialistas non eran exemplo de nada. Supoño que o exemplo de todo era a Deputación de Ourense. Pode ir a 215, pero exemplo, exemplo paréceme que non; e menos de repartición de fondos públicos. E despois das palabras vertidas aquí polo vicepresidente segundo non vimos absolutamente ningunha intención nin de emenda nin de rectificación.

Polo tanto, os socialistas vémonos outra vez obrigados, dalgunha maneira, a desmentir cada unha destas afirmacións feitas aquí en sede parlamentaria, recordándolles que por moito que digan centos de veces a mesma cuestión pois non por iso se vai volver realidade.

Mire, eu volvo dicirlles e afirmar —e moitos dos que estades aquí, deputados e deputadas, non soamente das bancadas das oposición, senón os que estades no Goberno, sabédelo per-



fectamente— que o Goberno galego tampouco trata por igual a todos os concellos do Partido Popular. Non, non, ¿verdade que é así? Aquí hai algún exalcalde que o sabe perfectamente. A uns trátalos con bastante máis cariño que a outros. Polo tanto, a nós parécenos unha actitude totalmente caciquil e que non se corresponde cos anos nos que estamos vivindo.

Pois, miren, a realidade é que respecto dos convenios de colaboración que reparte a Xunta de Galicia directamente a través das súas consellerías ou a través dos entes instrumentais en primeiro lugar hai que dicir que non contan cun plan estratéxico que a propia normativa da Xunta de Galicia exige e que ademais o propio Consello de Contas pon de manifesto nos seus informes de fiscalización. E oito de cada dez destes fondos que reparten de forma caciquil e a dedo correspóndense con esa urxencia e esa necesidade dos concellos gobernados polo Partido Popular. Co cal dalgunha maneira están castigando os veciños e as veciñas que non viven neses concellos do Partido Popular.

E voules poñer outra mostra máis. Vostedes saben perfectamente que a Xunta de Galicia ten establecido o canon da auga. Pois ese canon da auga é un canon que pagamos todos os veciños e todas as veciñas pola utilización da auga e que lles pagamos nos recibos aos concellos. Os concellos fan meramente de recadadores, porque, segundo o recadan, así mesmo llo transfiren á Xunta de Galicia. ¿E que fai a Xunta de Galicia? Fai un fondo marabilloso, cunha cantidade bonita e importante de recursos. E logo ¿que fai? Distribúeo maioritariamente entre os concellos que teñen gobernos do Partido Popular. Si, si, si; non lle dean á cabeza, porque saben perfectamente que é así. Claro, como lles dicía antes, non en todos os do Partido Popular, porque algúns do Partido Popular tamén son tratados con máis cariño que outros que tamén son do Partido Popular e que tamén deberían de ter dereito, igual que os do PSdeG, igual que os do Bloque Nacionalista Galego ou igual que os de calquera forza política, porque son gobernos que son elixidos nas urnas e, polo tanto, son tan lexítimos como os da Xunta de Galicia, e vostedes non cumpren iso.

Pois ben —o que lles dicía—, esta é unha realidade constatable, que se pode mirar, e eu non creo que lle custe ningún traballo a ningún de vostedes mirar canto se recada en cada un dos concellos e canto se reinveste en cada un dos concellos.

Este maltrato tamén o estamos evidenciando, sobre todo agora que estamos na precampaña electoral —que non vai pasar na campaña electoral—, e, de feito, xa tivemos aquí un debate sobre a falla de respecto institucional por parte da Xunta de Galicia. Pois atopámonos con que hai cargos institucionais da Xunta de Galicia que van aos concellos como cargos institucionais da Xunta de Galicia —non na súa calidade de militantes do Partido Popular, senón na súa calidade de cargos institucionais da Xunta de Galicia—, xunto cos candidatos ou candidatas do Partido Popular, e teñen a desvergonza —¡a desvergonza!— de dicirlles ás persoas que alí están que se esa persoa alcaldable chega a ser alcalde ou alcaldesa deses lugares van facer unha serie de investimentos, condicionándoo a que esas persoas cheguen á alcaldía. Outra falta de respecto e de vergonza por parte dun goberno que administra e que debe xestionar os fondos que son de todos e de todas. (*Aplausos.*) ¡De todos e de todas!

É verdade que resulta que van en calidade de cargos institucionais, tamén unidos a eses alcaldables do Partido Popular, e resulta que se queren reunir con empresarios ou con sectores,



pero non convidan os alcaldes nin as alcaldesas. É coma se vostedes veñen á miña casa, comen e eu miro como comen. Pois non, o máximo representante nun concello son os seus alcaldes e as súas alcaldesas e, polo tanto, os cargos institucionais da Xunta de Galicia débennles respecto cando van como cargos institucionais. (*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —señora..., ¿vostede non di que está sempre caladiña e non sei que? (*Aplausos.*) ¡Si, si...!, en fin... — A Xunta de Galicia mestura ese cargo institucional co cargo político, pervertendo a propia democracia e a liberdade dos individuos, condicionando eses investimentos con fondos que son de todos os galegos e de todas as galegas, pretendendo castigar os veciños e as veciñas que viven en concellos que non son gobernados polo Partido Popular.

Tamén vou tomar outros minutos —creo que non teño xa moitos, pero a ver se me dá tempo, polo menos, á primeira aproximación— para detallar novamente a resposta a esas informacións equivocadas. Porque non lle vou chamar directamente mentireiro ao vicepresidente segundo da Xunta de Galicia —aínda que ignorancia seguro que non é— cando fala da repartición que se fai por parte das deputacións aos concellos galegos. Pois, mire, vou falar do Plan único de concellos. O señor Calvo falaba da súa época e de que, bueno, era marabilloso. Cando estaba na súa época, o POS, ese plan único na Deputación da Coruña, eran 24 millóns de euros.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Agora mesmo, desde que está o señor Formoso á fronte da Deputación da Coruña, son 90 millóns de euros —simplemente un dato, señor presidente—. Voulles dicir: a porcentaxe que se aplica para o Plan único na Deputación da Coruña é do 49 por cento...,

O señor PRESIDENTE: Grazas. Pois ese é o dato.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...en Lugo, do 23 por cento —xa sei que non os quere oír, señor presidente—... ¡Pero espere un pouquiño, home! (*Risos.*)

O señor PRESIDENTE: Ese é o dato.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...en Pontevedra, do 26 por cento; e en Ourense, do 9 por cento.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Así é como actúan as deputacións gobernadas polo Partido Popular

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: De nada, señor presidente. ¡De nada! (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Tabarés Pérez-Piñeiro.



O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Grazas, señor presidente.

Señorías.

Pois ben, falando de Administración local e sendo de Ourense —que en Ourense falamos moito ultimamente de Administración local—, permítanme que lles faga unha pregunta a todas as súas señorías: ¿consideran sinceramente que os ourensáns e as ourensás merecemos isto? (*Aplausos.*)

Ourense, nos últimos oitenta anos, perdeu 167.000 habitantes; 35.000 nos últimos vinte anos, 35.000 menores de 35 anos. Hai 20.000 ocupados menos que cando Núñez Feijóo chegou á Xunta de Galiza, a meirande parte deles do sector industrial, do sector agrogandeiro e tamén da construción. Temos a taxa de actividade máis baixa de todo o Estado, temos case tantos pensionistas como persoas traballadoras e temos as pensións máis baixas de todo o Estado. Señorías, sinceramente, ¿pensan que merecemos o que nos está facendo o Partido Popular?

Despois dunha fin de semana convulsa, onte, luns, amenciamos cuns audios do xornal *La Región* nos que o alcalde admitía xestionar moi ben o diñeiro negro, recoñecendo que sabía como branquealo; diñeiro cuxa procedencia se relacionaba con persoas interesadas en concesións administrativas. Hoxe a información é cuantitativamente máis grave, pois máis grandes eran as cantidades que, segundo os audios, pretendía o alcalde. Señora Rodríguez Rumbo, nós non só condenamos isto, senón que o mesmo luns fomos ao xulgado de garda denunciar este tipo de actuacións; (*Aplausos.*) este tipo de actuacións dun alcalde que non escolleu a cidadanía de Ourense, senón que o escolleu o Partido Popular, que sabían que ía ser letal para Ourense e que o sostiveron durante toda a lexislatura simplemente para manter o poder da Deputación Provincial de Ourense; (*Aplausos.*) non en beneficio dos veciños e das veciñas de Ourense, senón para manter o poder da Deputación Provincial de Ourense, (*Aplausos.*) algo que nos une con outra causa penal.

Hoxe, martes, o presidente da Deputación Provincial de Ourense tiña que comparecer nos xulgados de instrución para ser acusado da comisión dun delito contra a seguridade viaria por circular conducindo un vehículo —propiedade de todas, propiedade pública—, a máis de 200 quilómetros por hora. En todo caso, e á marxe da responsabilidade penal que non nos corresponde a nós xulgar, ¿entenden correcto este comportamento? ¿Consideran que ese comportamento entra dentro da exemplaridade que temos que ter todas as representantes públicas? ¿Pensan que a impunidade e a reiteración —porque non é a primeira vez que excede con moito estes límites legais de velocidade— poden incentivar a que outras persoas o imiten? E, por outra banda, ¿entenden ética esa utilización e ese aproveitamento dos recursos públicos? Non só existe unha infracción penal en materia de seguridade viaria, senón que se estaba a utilizar —e non por primeira vez— un vehículo público —un vehículo de todas, un vehículo oficial— con carácter privativo. (*Murmurios.*)

Agardamos que o señor Rueda —se pode, porque, ao mellor, o problema é que non ten capacidade para decidir sobre o señor Baltar— poña couto a tantos excesos —excesos de velocidade e excesos na condución da Deputación Provincial de Ourense—. E como sabemos



que iso non vai ser posible, porque nin o señor Rueda nin o señor Feijóo teñen capacidade para imporlle nada a Baltar —como tamén pasaba co seu predecesor, tamén condenado penalmente—, como non teñen capacidade ningún dos dous para decidir, si que agradeceríamos que, por un principio democrático, lle expliquen antes do 28 de maio á cidadanía de Ourense se este señor é o candidato a presidir a Deputación Provincial de Ourense do 28 de maio en adiante. Expliquen antes de votar, antes de que poidamos ir ás urnas, se este señor é na súa intención o próximo candidato do Partido Popular para presidir a Deputación Provincial de Ourense.

En relación coa interpelación da que esta moción trae causa, bueno, solidarizámonos e manifestamos a nosa conformidade co que expuxo a señora Rodríguez Rumbo en relación coa actitude do vicepresidente segundo na substanciación da interpelación, tanto no fondo como na forma. Un día malo pode telo calquera, mesmo podía estar indisposto —así o parecía—, polo que poderíamos desculpar determinados excesos formais; mais non podemos admitir o desprezo continuo a este Parlamento, que é a Cámara de representación democrática do pobo galego. Desprezo en cousas menores e en cousas non tan menores, como é a ocultación sistemática de información ou mesmo o que aconteceu nesa interpelación: a mentira. Eu si digo «mentira», porque cando o señor vicepresidente dicía que o día desa exposición, do estudo encargado á Universidade de Santiago de Compostela, entregara aos grupos ou ás asistentes ese estudo mentía; mentía e mentía á mantenta por dúas razóns: primeiro, porque non se entregou ese estudo aos que alí estabamos e, segundo, porque é tan mentira como que eu persoalmente llo pedín e díxome que xa mo entregaría. Efectivamente, entregouno catro meses despois. Pero cando estaba dicindo que se puxo á disposición dos asistentes ese estudo da Universidade Santiago de Compostela o señor vicepresidente estaba mentindo.

Na moción novamente trátase da defensa da autonomía local e da suficiencia financeira das entidades locais, conceptos intimamente ligados, pois non pode existir autonomía local sen recursos financeiros para poder xestionar estas competencias. E como xa puxemos de manifesto en múltiples ocasións, os concellos galegos padecen unha grave situación de infrafinanciamento, para cuxa solución cómpren importantes modificacións. A primeira, a modificación dos criterios de participación das entidades locais nos ingresos do Estado, que levan sen ser actualizados dende 2004; criterios —os actuais— que sobrevaloran ou sobreponderan a poboación por riba do custo da efectiva prestación dos servizos, da dispersión ou da idade da poboación, o que provoca, no caso dos concellos galegos, que perciban 55 euros por habitante menos que a media do Estado; que entre 2010 e 2018 sexan case 600 euros por habitante menos que a media do Estado; e que os concellos galegos no seu conxunto, durante eses nove anos, percibiran 1.600 millóns de euros menos que a media do Estado.

Esta situación de infrafinanciamento non se ve compensada pola actitude da Xunta de Galiza. Dos chamados Fondos covid que recibiu do Estado español para compensar o incremento de gastos e a diminución de ingresos, nada foi transferido aos concellos galegos, a pesar de que os concellos galegos tamén viron como medraban os seus gastos e como diminuían os seus ingresos.

Tampouco, como puxo de manifesto o Consello de Contas, fomenta a Xunta de Galiza a participación dos concellos nos proxectos financiados polos fondos europeos, nos que apenas chegan ao 2 por cento do total.



Tampouco a Xunta de Galiza, na aprobación dos orzamentos nin na súa posterior execución, respecta a autonomía local e a suficiencia financeira. A autonomía local, como expresaba a señora Rodríguez Rumbo e temos manifestado máis dunha vez, está fundamentalmente no Fondo de Cooperación Local base; un fondo de cooperación local base que se reparte con criterios obxectivos e previamente pactados para que, efectivamente, os concellos poidan xestionar as súas competencias conforme os seus propios criterios. Este fondo permanece invariábel dende que comezou a gobernar —ou a desgobernar— Núñez Feijóo.

O Fondo Adicional e as achegas repartidas vía convenio ou axudas son fundamentalmente finalistas, e os criterios utilizados non son obxectivos; en moitos casos son discrecionais e arbitrarios, e outras veces van a través de convocatorias sen concorrencia competitiva; concorrencia competitiva ou, mellor dito, concorrencia non competitiva, que é un procedemento excepcional que non garante unha xestión eficaz e eficiente dos recursos e que tampouco contribúe ao equilibrio territorial. Non contribúe ao equilibrio territorial e penaliza aqueles concellos que están en peor condición; é dicir, aqueles concellos que non teñen cobertura informática, aqueles concellos cunha estrutura orgánica máis modesta. E mesmo este xeito de distribuír as achegas públicas posibilita a existencia de información privilexiada, beneficiando os concellos que se quere beneficiar.

A discrecionalidade na concesión de convenios produce resultados seguramente tan sorprendentes como que dos dezasete convenios subscritos por Augas de Galiza con concellos de Ourense, señorías, ¿saben cantos foron a concellos do Partido Popular? Todos. É dicir, aí non hai dúbida ningunha. Aquí xa non nos molestamos en facer queixos, porque todo o queixo sería para dezasete concellos do Partido Popular; que, por certo, examinen os concellos e tamén aí, dentro de si mesmos, existen clases.

E por iso dende o BNG vimos demandando un plan único e transparencia, obxectividade e consenso na fixación dos criterios para a distribución dos recursos, convenios e achegas. E insistimos máis unha vez, xunto coa Fegamp, no cumprimento do Pacto local de 2006; un pacto local asinado coa Xunta de Galiza e que, por tanto, compromete a Xunta de Galiza.

E xa para rematar simplemente e brevemente vou explicar as nosas emendas.

A nosa emenda o que pretende é, respectando o marco da iniciativa, un pronunciamento deste Parlamento para defender a autonomía local dos concellos, que necesariamente pasa tamén pola reforma dos criterios de participación nos ingresos do Estado.

E a segunda parte da nosa emenda é algo tan simple como que a Xunta persiga decididamente a malversación dos recursos públicos en todas as súas modalidades e que non permita a impunidad. Non só é que cumpran o seu código ético, senón tamén que non incorran en tipos delitivos, neste caso o 432 bis do Código penal, que tamén seguramente presentaremos na Fiscalía.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.



Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, debatemos hoxe unha moción con trece propostas de resolución. Eu lamento que vostede non as explicase, porque dedicou o seu tempo a facer outra cousa, pero, bueno, son relativas á política local; propostas que dun xeito ou doutro foron debatidas nesta Cámara ata sete veces a instancias sempre do Partido Socialista. Non sei se é que a señora Rodríguez Rumbo non ten outros temas de debate ou é que pretende que o Goberno do Partido Popular asuma as políticas do Partido Socialista, que xa hai anos que deixamos atrás. Catro maiorías absolutas consecutivas, señora Rodríguez Rumbo, deixan atrás o seu modelo de política local. *(Aplausos.)*

Efectivamente, hai dous motivos: un, o derivado das urnas e, outro, que non nos sentimos identificados con esa forma de facer política, señora Rodríguez Rumbo, a verdade.

Mire, nós claro que dicimos sempre o mesmo. Claro, di vostede —e quéixase amargamente—: É que o Partido Popular sempre di o mesmo. Pois si, claro. Eu entendo que o Partido Socialista funciona doutro xeito, ¿non? A semana pasada vímolos; vimos como o señor Formoso dicía que ía apoiar a Lei do litoral e o sanchista delegado do Goberno dixo que non. E hoxe —que vostede fixo aquí un exercicio de política de sanchismo puro e duro; eu facíaa máis co señor Formoso— xa nos dixo onde estaba vostede claramente, que era no lado do sanchismo. Así que, cando veña a Lei do litoral, veremos, señora Rodríguez Rumbo, como arranxan ese tema dentro do seu tan unido grupo parlamentario.

En primeiro lugar, señora Rodríguez Rumbo, foi este goberno do Partido Popular no ano 2010 cando blindou por lei o financiamento da Xunta de Galicia aos concellos, a través do Fondo de Cooperación Local. E aí garantiuse que todos os ingresos que ían ter os concellos e ían repartirse entre eles quedaban —insisto— blindados por lei. Garantíase un mínimo de financiamento, con independencia da cor política do Goberno municipal. É un fondo que creceu ano tras ano. A vostede fastídiolle que lle digamos aquí que todos os anos crece o Fondo de Cooperación Local. Pois si, señora Rodríguez Rumbo. Mire, neste ano xa está en 143 millóns de euros, un 14 por cento máis que no ano 2022. O Fondo Adicional incrementouse 30 millóns de euros. ¿E por que o Fondo Adicional? Pois, como vostede ben sabe, porque é a parte incondicionada que depende dos ingresos que ten a Xunta de Galicia. Se soben os ingresos, sobe a parte condicionada.

Mire, *(A señora Prado del Río mostra un gráfico.)* hoxe non lle trouxen quesitos, tróuxenlle barritas. Mire, 2022–2023: 164,9 millóns, máis o 31 por cento.

E falando de convenios —que parece que lle gusta o tema dos convenios—, mire, outras veces tráiolle o da Deputación de Lugo, o da de Pontevedra, pero como desas xa falamos, hoxe toca o da Deputación da Coruña, porque temos máis datos. Temos datos moi interesantes da Deputación da Coruña. *(Murmurios.)*

Mire *(A señora Prado del Río mostra un gráfico.)* do Partido Socialista, convenios... —rían, rían, que van rir; o que ri último, ri mellor—, dende o ano 2019 ata o ano 2023, aos concellos do



Partido Socialista, 13.492.571 —con moito cariño, señora Rodríguez Rumbo, como dicía o señor Tabarés— e ao Partido Popular, aos gobernos do Partido Popular, 2,8 millóns de euros. (*Murmurios.*) E ao BNG, 1,6 millóns de euros.

Pero, ¿cal é a repartición de concellos? Pois, mire, o PP, 36; o PSOE, 38; e o Bloque Nacionalista Galego, 9. Ben, pois vese que a Deputación da Coruña... (*Murmurios.*) Non, non é exemplo de nada.

Mire, e falando de cacicadas, ¿a vostede sóanlle empresas como Enfoques, C-Cubo, Dalupa...? Hai un entramado de empresas —xa que aquí lles gusta falar de empresas— coas que contrata a Deputación da Coruña dun xeito caciquil —imos dicir así, como di vostede—, nalgúns casos con baixas temerarias. E non se preocupe que esas cacicadas irán saíndo, señora Rodríguez Rumbo, igual que, como lles gusta investigar, investiguen, que xa hai algún membro do seu grupo que anda niso tamén.

E, mire, (*A señora Prado del Río mostra un gráfico.*) dende o 2019 ao 2023, ¿ve a diferenza das barritas? Isto, o Partido Socialista, isto o PP e BNG, e a diferenza de concellos nos que se goberna non é tanta, señora Rodríguez Rumbo. Así que aquí, leccións de transparencia, de obxectividade e de xustiza nas reparticións do Partido Socialista, ningunha, señora Rodríguez Rumbo, ¡ningunha! (*Aplausos.*)

E que veña vostede aquí dicirnos que hai cargos institucionais que van por aí, polos concellos, dicindo que lles van dar unha cousa ou outra... ¡Home!, pero fíxese vostede no que fai o señor Pedro Sánchez. Vén o pasado venres a Galicia —iso si, vén no Falcon, porque iso gusta—. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, mellor no Falcon. Colle o Super Puma, e do Super Puma, na Moncloa, vai coller o Falcon, e do Falcon vén á Coruña, e despois... (*Murmurios.*) Bueno, cando sacan esa foto, perderon o debate. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Cando sacan esa foto, perderon o debate, señora Rodríguez Rumbo. (*Aplausos.*) Mire, ¿sabe que pasa con esa foto? Mire, esa foto xa saíu publicada antes do 2012, e despois desa foto houbo eleccións no 2012, no 2016 e no 2020 e en Galicia sacou tres maiorías absolutas. (*Aplausos.*) ¿E sabe que fixeron vostedes? Pasaron dese lado a ese lado da bancada. (*A señora Prado del Río sinala co dedo un lado e o outro das bancadas.*) ¿Sabe, señora Rodríguez Rumbo? Sigan sacando a foto, que lles vai moi ben; ¡vailles moi ben!

Pois dicía eu que o señor Sánchez, que veu en Falcon, tivo que entrar pola porta de atrás do Palexco, porque non se atrevía por diante, por se lle pitaban. Tampouco vén pasadomañá a Lugo, por se lle pitan, e tamén porque non vai sacar unha foto de perdedores, que tamén hai que dicilo. Por tanto, o señor Sánchez veu aquí, claro, veu como cargo institucional, porque viña no Falcon, e díxolle á señora Inés Rei: Hoxe o peluqueiro faloume do albañil. ¿Pero quen é o albañil? Non, ese que di que vai facer 20.000 vivendas. E dixo Pedro Sánchez: Non, non, 20.000 non; 183.000 vivendas. (*Risos.*) Ben, non dixo máis porque... Podía dicir 200.000, 500.000... ¡que máis dá!

Pero, mire, nese *tour* de cargos institucionais —que tamén os hai aquí en Galicia, non fai falta que veña só o señor Sánchez—... Por certo, tamén dixo na Coruña que eran o Goberno máis feminista da historia de España e que nunca se defenderan tanto os dereitos das mu-



lles. Olvidábase naquel momento da Lei do «só si é si», que, por certo, foi a aldraxe, (Aplausos.) a desvergoña máis grande da esquerda aos dereitos das mulleres e ao movemento feminista feito polo Partido Socialista, coa complicidade do Bloque Nacionalista Galego, que tamén votou que si —e, por certo, eles aínda no día de hoxe non rectificaron—.

Pois, mire, o señor Tomé, en Lugo, tamén como cargo institucional, vai por aí vendendo os seus logros e dicíndolle á xente o que lle vai facer nos seus concellos. (A señora Prado del Río le un documento.): «Os veciños e veciñas do lugar de Outeiro, en Taboada, teñen alumeado grazas á Deputación de Lugo». Isto en precampaña, período de sombra, que todos sabemos que non se poden vender logros. «O presidente mantivo un encontro con veciños e veciñas beneficiados por esta actuación, na que a institución provincial investiu máis de 22.000 euros a través dun convenio de colaboración coa Asociación de Veciños San Martiño de Cores.»

O libro *Antas de Ulla*: «La diputada Pilar García Porta participó en la presentación y publicación vinculada al proyecto Parque de Galicia».

Miren, se vostedes queren falar deste tema en serio, falamos. Agora se vostedes veñen dicir... (Murmurios.) (Risos.) Se vostedes veñen dicir que o Partido Popular fai unhas cousas que vos-tes fan, señora Rodríguez Rumbo, e vostedes, señores do Bloque Nacionalista Galego, tamén. Fan un pouco menos, porque, mire, teñen menos alcaldes, presentan menos candi-datos ás alcaldías e tampouco teñen nin quen se lles sume ao seu proxecto, porque nin se-quera son capaces de ter 313 candidatos e candidatas; por non falar da provincia da que falou vostede, que aí xa non teñen candidatos na metade dos concellos. (Aplausos.)

¿E cales son os concellos que se benefician dese Fondo de Cooperación Local, que a vostede tanto lle fastidia que se incrementa cada ano? Pois, miren, os que teñen máis de 15.000 ha-bitantes, porque tamén son os que teñen menos recursos. Pero poderíamos facer como a Deputación de Pontevedra, que a quen máis lle dá é ao Concello de Lugo, que de todos é sa-bido que está moi necesitado, porque, aínda que é a cidade máis grande de Galicia, como dicía o señor Tabarés, será que hai moito cariño polo medio e, claro, entón, como é do Partido Socialista, pois igual hai que darlle máis tamén ao Partido Socialista.

E mire, señora Rodríguez Rumbo, ¿sabe por que non lle gusta falar do que di ese informe —ese informe de competencias que vostede ben sabe como se fixo—? Porque vostede sabe perfectamente como se fixo, porque o presidente da Fegamp, do Partido Socialista, foi absolutamente desleal. Pois, mire, o estudo atribúe, entre outras, competencias de servizos sociais, axuda no fogar e comedores escolares aos concellos; as escolas infantís de 0-3 anos, a cada administración que asuma os gastos que ten da súa titularidade, non á Xunta, como di vostede. No ámbito educativo, os concellos deben asumir os gastos nos centros de educación infantil, primaria e especial, e a Xunta, nos de ESO, bacharelato e FP. No eido sanitario, a Xunta pode asumir centros de titularidade municipal e substi-tuílos por outros de titularidade do Sergas. Servizos de emerxencias e socorrismo e todo o relacionado coa xestión da auga é responsabilidade municipal. E, aínda así, o Goberno galego destina cada ano contías importantes en servizos que son de competencia muni-cipal: servizo de limpeza de trinta centros públicos integrados, uns 45 millóns de euros ao ano e os gastos de gasóleo e calefacción dos CEIP, CEP e CPI. Igual sucede cos come-



dores escolares, os que son xestionadas polos concellos asinan convenios coa Consellería de Educación.

Como xa dixen, hai mobilizados máis de 1.100 millóns de euros en infraestruturas hidráulicas; investimentos que permitiron levar a cabo 350 actuacións de saneamento que beneficiaron 165 concellos, entre os que destaca a construción de 45 novas depuradoras, asumindo os custos de funcionamento e equipamento dos servizos de emerxencias, de competencia claramente municipal, entre outros.

E tamén igual sucede cos servizos de mobilidade. O transporte urbano nas cidades saben que é competencia municipal, e tamén saben que os concellos de Pontevedra e Ferrol non o asumen. E aí está a Xunta, que asume a prestación deste servizo para evitar o prexuízo ao cidadán.

Por tanto, repase o estudo, repase a súa iniciativa e vexa o que di o estudo e o que pide vostede na súa iniciativa.

Señora Rodríguez Rumbo, o municipalismo do Partido Popular está fóra de toda dúbida. Por moito que retorzan a realidade, non van ter vostedes máis razón que a que din os papeis, que a que din as normativas e a lexislación vixente, que atribúe competencias municipais...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: ...aos concellos nos eidos nos que son. E vostede, por moito que veña aquí dicir que é competencia da Xunta, a lei non a ampara.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo grupo autor da moción, a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: (*A señora Rodríguez Rumbo coloca na tribuna de oradores unha fotografía.*) Mire, señora Paula Prado, voulle dicir unha cousa: moito mellor no Falcon que nunha narcolancha. E voulle recordar unha cousa: cando o señor Feijóo paseaba con Marcial Dorado nunha narcolancha era o xerente do Sergas, cando estaban morrendo cantidade de xoves por culpa das drogas; ipor culpa das drogas!, e el paseaba cun narcotraficante nunha lancha pola ría de Arousa. (*Aplausos.*) E desmíntamo; desmíntamo se vostede cre que non é verdade. Pero é verdade que dicía que ía a un país con neve, que non sabía nin sequera que era Andorra. Ao mellor, confundía a neve co que levaba o señor Marcial Dorado. (*Murmurios.*)

En fin, señora Prado del Río, vostede di que non se senten identificados con esta forma de facer política. Xa o sabemos, porque para vostedes a política local non é unha prioridade, nin o foi antes nin o é agora. (*Murmurios.*) Para vostedes, o prioritario é financiar aqueles concellos que teñen gobernos do Partido Popular. (*Aplausos.*)



E, mire, señora Paula Prado, se vostede considera que a Deputación da Coruña cometeu algunha irregularidade e é constitutiva de delito, vostede sabe perfectamente —¿non é xurista?— que pode ir ao xulgado e denunciálo; vostede e todos os que poden... (*Interrupcións.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Vaian ao xulgado e denuncien. E cando se ríen de todos os anuncios do presidente Sánchez e dese sanchismo, pois dígolles que todas e cada un desas promesas se están cumprindo; ¡estanse cumprindo!, e xa están repercutindo beneficamente na sociedade. O que pasa é que a vostedes iso lles molesta porque para vostedes, canto peor, mellor, porque teñen o Partido Popular por riba do benestar de toda a cidadanía. ¡Si, señores e señoras!

E, mire, cando falamos das deputacións —xa que vostede lle adicou bastante tempo—, voulle recordar, por exemplo, o que adica a Deputación da Coruña como media e nos concellos da súa competencia. Pois máis de 967.000 euros; a de Lugo, máis de 320.000 euros; a de Pontevedra, máis de 696.000 euros. ¿E sabe canto lle adica a de Ourense, a única que é gobernada polo Partido Popular? 78.500 euros. Polo tanto, comparacións e falar de municipalismo, señora Prado del Río, ningunha, e exemplos ao Partido Socialista, ningún, nin o primeiro.

E cando fala vostede... (*Interrupcións.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Señor presidente, paréceme que aos desta bancada non lles gusta o que digo, pero é que eles poden dicir o que lles dea a gana e nós temos que estar totalmente calados. ¿Moléstalles? ¿A realidade moléstalles? Pois é así. Gústelles ou non lles guste, esta é a realidade. (*Aplausos.*)

E, mire, cando falan da Deputación Provincial da Coruña, pois voulle dicir que desde que o señor Calvo non é presidente da Deputación da Coruña, dende o ano 2016 ao ano 2022, se aprobaron máis de 437 millóns de euros para 3.048 solicitudes de obras, 707 solicitudes de gasto corrente, 224 solicitudes de provedores e 54 solicitudes de achegas, cun total de 289 millóns de euros —121 en gasto corrente, 10 millóns en provedores e un total de 2,51 de achegas—. Así que, como lles dicía antes, exemplos vostedes, absolutamente ningún.

Por certo, tamén o señor Calvo dicía que desde que estaba o señor Formoso había concellos que tiñan menos fondo das deputacións. Si, as cidades, porque o señor Calvo facía unha distribución por número de habitantes, cando as deputacións a quen teñen que atender preferentemente é os concellos máis pequenos, e iso foi o que mudou. Polo tanto, todo o resto dos concellos cobra multiplicado por 3 os fondos que recibían cando estaba o señor Calvo na Deputación da Coruña.

Vostedes tamén falan de que a execución da Deputación da Coruña é moi baixa —que é raro que hoxe a señora Paula Prado non o dixera—, pero, mire, se quere, señora Prado, dígalles aos alcaldes e alcaldesas do Partido Popular —non me poña esa cara— que o propoñan na Deputación da Coruña, que executen os fondos nese ano a ver se están de acordo —¡a ver se están de acordo!— e así seguramente a execución dos fondos vai ser do cen por cento.



E, mire, señora Prado del Río, volve falar-me do Fondo de Cooperación Local. Mire, *(A señora Rodríguez Rumbo mostra e le un documento.) Diario Oficial de Galicia, Lei orzamentos do 2023, páxina 87, venres 30 de decembro de 2022, punto número dous —espere que lle digo o artigo, aínda que llo vou deixar, de todas formas—. Artigo 59 dos orzamentos, no punto número Dous di: «O crédito orzamentario inicial destinado ao pagamento das entregas á conta correspondentes á participación das entidades locais nos tributos da Comunidade Autónoma son 112.972.806 euros»;* corresponden ao fondo base. Señora Prado del Río, isto publicano vostedes, o Goberno galego, e, polo tanto, isto é o que se asigna no Fondo de Cooperación Local a todos os concellos galegos.

O señor PRESIDENTE: Remate.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Dígame, señor presidente...

O señor PRESIDENTE: Que remate. Mire o tempo.

Sobre a emenda do BNG, ¿acéptaa ou non a acepta?

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Pois, nada, non me dá máis tempo, pero, bueno, clases de municipalismo...

O señor PRESIDENTE: Pero, ¿acepta a emenda?

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...vostede, absolutamente ningunha.

O señor PRESIDENTE: ¿Acepta a emenda do BNG?

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Xa llo digo agora, señor presidente. Acepto a emenda do BNG.

E vostedes, de municipalistas, nada de nada. É máis...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez.

(A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez.

Señora Rodríguez Rumbo, grazas. Terminou o tempo. *(A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.)* Terminou o seu tempo. *(A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.)* Iso pódollo dicir desde alí despois. Iso, cando chegue o momento da votación.

Aínda non empezou a campaña, jeh! *(Risos.)* Aínda non empezou. Imos despacio e con calma, se pode ser.

Imos votar. *(Murmurios.)*



Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Votamos, en primeiro lugar, a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Paulo Ríos Santomé.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Paulo Ríos Santomé, sobre o transporte público por estrada.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas.

Non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños, sobre a participación pública no sector eólico.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 39; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Perdón? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Ah perdón! Si, saltei a 3, a de Rede Natura.

Votamos a de don Xosé Luís Bará.

Votación do texto autoemendado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre a política do Goberno galego en relación coa ampliación da Rede Natura 2000 en Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.



O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo.

Hai unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, que se aceptou.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre a política do Goberno galego respecto da actualización do Pacto local galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Remataron aquí as votacións.

Continuamos co punto cuarto da orde do día, proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Sandra Vázquez Domínguez e seis deputados/as máis, sobre o posicionamento do Parlamento de Galicia en relación co modelo lingüístico de Galicia

O señor PRESIDENTE: Presentáronse emendas do Grupo Parlamentario Socialista e outra emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Noa Díaz Varela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

- 1. Dar cumprimento ao Plan xeral de normalización da lingua galega aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia.*
- 2. Atender de forma inmediata as recomendacións do Consello de Europa para cumprir cos compromisos adquiridos na Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minorizadas.*
- 3. Abrir un proceso de diálogo con todos os axentes implicados para establecer un novo modelo lingüístico no ámbito do ensino non universitario de Galicia que asegure as plenas competencias en lingua galega do alumnado.*



4. *Elaborar e presentar no mes de setembro no Parlamento de Galicia o informe anual de avaliación dos resultados derivados da aplicación do decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, tal e como establece a disposición adicional quinta do propio decreto».)*

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado Daniel Castro García, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

«O Parlamento de Galiza insta a Xunta a:

1- Iniciar a elaboración dun novo marco lexislativo para avanzar na igualdade lingüística do ensino galego en colaboración cos axentes sociais e educativos implicados.

2- Iniciar desde o consenso social un proceso de actualización da Lei de Normalización Lingüística de 1983».)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Ferro.

O señor FERRO IGLESIAS: Moitas grazas, presidente.

Boa tarde, señoras e señores deputados.

Imos agora cun tema creo que a priori un pouco máis amable, no que agardo que nos entendamos un pouco máis todos. Espero que nos cingamos ao tema, que é importante da-bondo e que non andemos nin en transporte aéreo nin marítimo nin terrestre.

A lingua galega, a nosa fala, cerne da nosa literatura, é, en xusta definición do inesquecible Ramón Piñeiro, «a verdadeira forza espiritual que lle brinda unidade interna á nosa comunidade social». A terra e a lingua son as dúas raíces máis fondas do noso pobo galego. Francisco Fernández del Riego, a quen adicamos a semana que vén o Día das Letras Galegas, recibirá este xusto recoñecemento, pois traballou incansablemente por e para Galicia; designación ademais moi acaída, porque foi el precisamente, un 28 de abril do ano 1963, nunha sesión ordinaria da Real Academia Galega, e como afirmou e dixo del Alonso Montero —cito textualmente—: «asistido eficazmente polas musas da invención», propuxo a celebración do Día das Letras Galegas, invento máximo da nosa cultura.

Del Riego tamén foi membro do Seminario de Estudos Galegos, cuxo centenario tamén celebraremos ao longo deste ano 2023, precisamente o 12 de outubro. Foi definido como un home irrepetible e como un home que valía por mil. Na súa obra autobiográfica *Camiño andado* —cuxa lectura estou facendo e recomendo— fai un percorrido pola Galicia da República, pola Galicia da Guerra e da Ditadura, que asestou un duro golpe á nosa lingua, e tamén pola Galicia da esperanzadora democracia. O seu camiño vital foi ese. A maioría dos que es-



tamos aquí, afortunadamente, e grazas ao traballo, valentía e esforzo dos que nos precederon, encontrámonos nun camiño moi distinto.

Atrás quedan os Séculos Escuros do galego, estes foron superados polo Rexurdimento e máis tarde polas Irmandades da fala, o Grupo Nós e o Seminario de Estudos Galegos. Atrás quedan tamén o golpe de Estado, a Guerra e a posterior e longa Ditadura, que tentou impor o castelán sobre o galego; por certo, sen moito éxito, pois a partir de 1950 produciuse o inicio dun novo Rexurdimento.

Pero, señorías, xa estamos en democracia, e dende hai moitos anos; xa se aprobaron importantes leis estatais e autonómicas para conseguir que en Galicia non existan conflitos lingüísticos de ningún tipo. Agora estamos na loita polo futuro do galego. O Goberno galego traballa para iso, ás veces con moito acerto —tamén algunha vez con algún menos—. Creo que é o mesmo que lles pasa a vostedes, señorías: ás veces acertan máis e outras veces engáñanse máis. Creo que no tema que nos ocupa hoxe, no modelo lingüístico galego, non acertan precisamente.

Pero, ben, eu creo e ademais estou convencido daquilo que dicía o ourensán Padre Feijoo —e cíto—: «prescindindo de particulares accidentes, o meu sentir é que todo home de bo entendemento é un home de ben» —iso dicía—, e de que todas as mulleres e homes que estamos aquí presentes queremos o mellor para o noso idioma. Sei que a todos nos gustaría que os galegos falasen máis o galego e tamén que o escribisen máis e mellor. Poden ter por seguro que o Goberno galego, sobre todo a través de Política Lingüística, traballa para que melloren as cifras do uso do galego, e faino seguindo unha folla de ruta. Nós defendemos un modelo lingüístico baseado na liberdade e na convivencia lingüística; sei que discrepan deste modelo e que non lles gusta, pero asegúrolles que temos moita marxe de encontro entre nós.

As galegas e os galegos levan moitos anos comprometidos coa convivencia lingüística entre os nosos idiomas, o galego e o castelán, ambas linguas cooficiais ao amparo do marco normativo previsto na Constitución, no Estatuto de autonomía de Galicia e na Lei de normalización lingüística de Galicia. O respecto á legalidade é fundamental sempre; se non temos unhas regras de xogo, non pode existir liberdade real. Por iso o Grupo Popular e a Xunta de Galicia sempre apostaron por cumprir a lei. Non podemos esquecer que a Constitución española é o gran marco de consenso entre os españois e que nos deu os maiores anos de prosperidade e autonomía. Se non se respecta a lei nin a convivencia lingüística, estaríamos talvez como en Cataluña, onde reiteradamente se desacatan as sentenzas e a convivencia de dúas linguas.

En Galicia non existe ningún tipo de conflito lingüístico neste momento. Mesmo contamos cun modelo de bilingüismo cordial, totalmente normalizado, un modelo integrador que busca a convivencia entre as linguas cooficiais en condicións de igualdade. As políticas destes anos puxeron o foco no bilingüismo, ao tempo que se promoveu a aprendizaxe de linguas estranxeiras e un aproveitamento intenso co outro gran tronco lingüístico común, que é a lusofonía.

Co obxectivo de consolidar o noso modelo, a Xunta de Galicia —como saben— aprobou no ano 2010 o Decreto 79/2010, para o plurilingüismo na ensinanza non universitaria de Galicia,



avalado e consolidado. Grazas a este marco normativo, o alumnado galego aprende na escola ambas as dúas linguas, cun modelo —tamén teño que dicilo— referendado reiteradamente polos galegos, pois a sociedade galega non é politicamente inxenua nin facilmente manipulable. E tamén avanzou considerablemente o ensino de linguas estranxeiras tan interesantes como o inglés ou o portugués, por primeira vez na nosa historia.

Máis de dez anos despois da aprobación do decreto, os datos avalan a súa eficacia e corroboran que cada día falan galego máis persoas e a nosa lingua consolídase como maioritaria na nosa Comunidade. Para conquistar todo isto, foi fundamental unha correcta información e unha política lingüística flexible que cumpra —e cumpriu— cos plans e logre resultados, sen imposicións de ningún tipo. Debemos traballar todos unidos, empezando pola Xunta, achegando novas ideas e proxectos ao actual proceso normalizador, facendo especial fincapé nun maior emprego do galego en todos os ámbitos: empresarial, medios de comunicación, audiovisual e novos soportes e medios tecnolóxicos.

Baixo este marco, en Galicia non caben os monolingüismos nin as políticas que acaban coa convivencia cordial e harmónica. A Xunta de Galicia desenvolve unha política lingüística fundamentada en tres cuestións básicas: o respecto ao marco normativo vixente —como mencionei antes—: a Constitución, a Lei de normalización lingüística e o Estatuto de autonomía; a atención ao sentir da maioría das galegas e dos galegos; e tamén, por suposto, a aposta por garantir o futuro do galego en todos os ámbitos, sempre dende o respecto, a tolerancia e a liberdade.

A lingua, señorías, é de toda Galicia. A lingua é unha riqueza que temos todos os galegos, un motivo de orgullo que entre todos debemos coidar e potenciar.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señor Ferro.

Quenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia. Ten a palabra dona Noa Susana Díaz Varela.

A señora DÍAZ VARELA: Boa tarde.

Boa tarde a todas e todos.

Eu confeso que hoxe non agardaba, señor Ferro, que fose vostede quen defendese esta iniciativa; agardaba a primeira asinante, ¿non?, a señora Vázquez. Imos entendendo un pouco a intención do porqué. Nós, en todo caso, imos ao noso. *(Murmurios.)* E o noso é non falar hoxe... *(Murmurios.)* ¿Podo continuar, verdade? *(Murmurios.)* Perfecto, ben.

Ben, a nós tamén de verdade que nos parece interesantísimo que hoxe traíamos aquí o debate acerca do noso modelo lingüístico. Pero, ben, á vista tamén dos problemas que parece que



hai na bancada popular, certamente tamén lles digo que nos produce certa desazón e tamén cansazo ter que partir sempre dende uns marcos propostos polo Partido Popular que non se corresponden coa realidade, señor Ferro. E, ademais, eu teño que dicirle que eu sei que vostede sabe que non se corresponden con esa realidade. Porque non propoñen vostedes nada novo, nada novo nesta iniciativa, e pretenden que apoiemos algo que apela a referendar o marco existente, un marco que desaproban absolutamente todas as institucións e organizacións con responsabilidade ou con entidade na materia.

Entón, aquí o que nos formula vostede hoxe —e plantéxanos aquí un dilema ao Grupo Socialista— é sumarnos ás reivindicacións do Consello da Cultura Galega —lembramos, órgano estatutario na materia—, a Real Academia Galega, a Mesa pola Normalización Lingüística, sindicatos de ensino, asociacións de docentes de galego ou mesmo tamén o Consello de Europa —esa é unha opción que temos—, ou, se non, unirnos á tese do solitario Partido Popular. A resposta está bastante clara.

Hoxe aquí —como digo— presentan vostedes unha iniciativa que está repleta de falsidades, repleta tamén de interpretacións sesgadas, xa na súa parte expositiva. E —dígolle a verdade— na parte resolutiva imos entrar pouco, porque non hai por onde collela; imos ir xa á parte expositiva.

Insisten en termos como «conflito lingüístico», «liberdade», «bilingüismo cordial», «modelo integrador», «equilibrio lingüístico», «convivencia lingüística»... E nós tememos e lamentamos tamén que parecen descoñecer o significado de toda esa literatura, falando do que estamos hoxe falando aquí.

Miren, nomean o Estatuto de autonomía de Galicia, e quizais hai que lles lembrar que ese Estatuto establece o galego como lingua propia do noso país. E asumindo a cooficialidade do español —si, tamén o Estatuto o fai— resulta que ese mesmo Estatuto establece que os poderes públicos de Galicia —literal— «potenciarán a utilización do galego en todas as ordes da vida pública, cultural e informativa e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento». Claro.

Miren, a responsabilidade nosa —súa neste caso, porque están apoiando este Goberno galego— é, primeiro, para co galego, que para algo é a nosa lingua e se atopa nunha situación de desequilibrio, que vostedes non poden negar. E xa me dirán vostedes que están facendo para dar cumprimento, cando menos, a ese artigo 5 do Estatuto.

Pero hai máis, e é que tamén nos sorprendía cando liamos esta iniciativa o exercicio de incoherencia que fan vostedes cando apelan ao Plan xeral de normalización da lingua galega. Eu creo que non o leron e non teñen nin idea de que vai ese plan. Eu de verdade convídoos a que a próxima vez veñan aquí cos deberes feitos e lean realmente e concienciadamente ese documento. E dígolles isto porque apelan vostedes a ese plan, que foi aprobado por unanimidade cando gobernaba o Partido Popular do señor Fraga —que mire vostede aquí que imos botar de menos—, alá polo ano 2004, pero as medidas impostas polo Goberno galego do señor Feijóo e do señor Rueda van todas en contra dese plan, todas, unha por unha.



É máis, por exemplo, a respecto do ámbito educativo, xa houbo un decreto no ano 2007 —por certo, coa compañeira socialista Marisol López á fronte do departamento de Política Lingüística— que trasladaba case de maneira textual ese plan xeral, que parte —lembramos, volvo lembrar— dun goberno do Partido Popular. Un decreto —por suposto, dun goberno de esquerdas, ¡oh!, ¡oh!, ¡oh!— que vostedes derrogaron por razóns ideolóxicas nada máis chegar no ano 2010 e que substituíron —e só por dar algún exemplo así pequeno— por ese que prohibe dar as Matemáticas en galego.

E despois, claro, o secretario xeral de Política Lingüística —como xa dixemos en comisión— resulta que a bombo e platillo anuncia nunha rolda de prensa, saca unha nota de prensa na que a Secretaría Xeral de Política Lingüística asina un acordo cunha importante empresa de tecnoloxía científica para que —¡ollo!— as calculadoras se poidan utilizar en galego. Ou sexa, prohibimos que se dean Matemáticas en galego e á vez firmamos convenios con empresas para que as calculadoras poidan utilizarse en galego. Pero ¿ven vostedes a súa incoherencia? É unha incoherencia constante.

Todas esas entidades das que falaba hai un momento alertan de que a escola está a funcionar como elemento desgaleguizador e, ademais, coinciden en que ese decreto do ano 2010 non garante as competencias en galego coas que debe contar o alumnado ao remate de cada etapa educativa. E din tamén, ademais, que contribúe ao abandono do uso do galego por quen o fala e á non incorporación de novas persoas falantes. Pero é que, ademais, tampouco está demostrado —e sábeno vostedes ben, non, señor Ferro, non— que despois dese decreto o alumnado galego teña mellores competencias en inglés, tampouco.

Ben, eu creo que, chegados a este punto, deben vostedes asumir o seu fracaso e considerar, como plantexamos nós na nosa emenda, abrir unha mesa de diálogo para chegar ao novo marco lingüístico no ámbito educativo, claro, que asegure —por suposto, estamos de acordo— o coñecemento de linguas estranxeiras —nós non puxemos nunca isto en dúbida—, pero o que non pode ser é que esa aprendizaxe de linguas estranxeiras sexa en detrimento da nosa propia.

Máis incoherencias. Falan vostedes do Consello de Europa, un consello que, efectivamente, na súa última avaliación volve censurar absolutamente a súa política lingüística, instándoo a que —literal— eliminen as limitacións á docencia en galego en todos os niveis educativos. Non imos afondar máis nisto. ¿Que fixeron vostedes despois das advertencias deste Consello de Europa? Nada, absolutamente nada.

E señor Ferro, ou señora Vázquez, porque non fixo alusión, señor Ferro, a isto, señores do Partido Popular, en todo caso, sobre a resposta do ministerio, do que falan aí, a esas recomendacións do Consello de Europa, dicirlles que non mintan ou non enganen. Saben ben —ou deberan saber, ou deberan saber— que ese informe de resposta que envía o ministerio ao Consello de Europa, ao que fai alusión a súa iniciativa, está elaborado polos propios territorios; ou sexa, é a Xunta de Galicia a que lle remite ao ministerio ese informe, que o ministerio despois manda ao Consello de Europa.

Por aquilo da lealdade institucional, que para vostedes sabemos ben que tampouco é unha gran premisa nin os motiva politicamente, eu imaxino que o ministerio fai isto co conven-



cemento de que non se van facer trampas ao solitario. Unha mágoa. Eu, como deputada socialista, teño que recoñecer aquí que ese informe que se lle remite a este consello, efectivamente, debера aclarar que a fonte da que bebe, da que parte, é do propio Goberno galego, e eu agardo que se corrixa, dende logo, en posteriores informes.

Aquí a única cuestión de fondo é que no noso país non se respectan os dereitos lingüísticos. E por dicir isto non se abre ningún conflito. Os únicos que abriron os conflitos foron vostedes con ese decreto, porque é unha realidade obxectiva que en materia lingüística non se cumpre a lei, non se cumpre o Estatuto, non se cumpre o Plan xeral de normalización da lingua galega como marco de acción, nin se cumpre tampouco —señor Ferro, non— a Lei Paz Andrade, tampouco. E isto non o dicimos nós, dino todos os axentes implicados.

Miren, o seu modelo lingüístico non está funcionando, non existe igualdade de competencias lingüísticas, por moito que nos queiran facer pensar que si. E un idioma que non se coñeza, dificilmente, dificilmente vai poder ser usado.

E, ademais, en todo caso, hai unha cuestión tamén importante aquí, que é que a educación lingüística non remata na escola, e aí tamén teñen vostedes o debate perdido. Nós estamos máis que dispostas a chegar a acordos, por suposto que si, señor Ferro, en materia lingüística, pero sempre que partan da vontade de construír, de admitir que chegou a hora de corrixir erros e dun interese real pola pervivencia e prestixio da nosa lingua.

Por iso formulamos unha emenda de substitución, que, como verán, ten un carácter absolutamente construtivo e que é case un acordo de mínimos, que fala só de cumprimentos: dar cumprimento ao Plan xeral de normalización, atender de forma inmediata ás recomendacións do Consello de Europa, abrir un proceso de diálogo para un novo marco lingüístico no ensino non universitario e —importante— elaborar e presentar no mes de setembro o informe anual da avaliación dos resultados derivados da aplicación dese decreto de plurilingüismo. Porque ese decreto, señor Ferro, na disposición adicional quinta, fala de que ao final de cada curso teñen vostedes que facer un informe de avaliación. ¿Que nos veñen aquí a contar das bondades dun decreto que non avalían?, contravindo o seu propio decreto, tal e como ademais denunciaba nun informe recente —porque son os únicos que traballan, aquí si que traballan as outras entidades— a Mesa pola Normalización Lingüística, que están facendo o traballo que ten que estar facendo hoxe o Goberno galego, que non fai. Levan trece anos sen presentar nin un só informe para que poidamos avaliar se efectivamente ese decreto cumpre os seus obxectivos ou non cumpre. O que non sabemos é se están avaliados. Que ao mellor é certo que teñen vostedes resultados, pero, claro, como non gustan, que é o que nos tememos, pois non os presentan.

E —e remato xa— están estes catro puntos de mínimos —é o que propoñemos nós—, que serían, como digo, un comezo. Levamos quince anos de atraso, xa o sei, pero, chegado este momento, hai que facelo así. Eu entendo que non deberan ter ningún problema hoxe para aprobalos, para aceptar a nosa emenda —como digo—, que non pide máis que cumprir co legalmente establecido. Eu asegúrolles que, se aceptan a nosa emenda de substitución e cumpren ao longo deste ano, o próximo ano, se volven traer aquí a súa iniciativa, é máis que probable —abrimos aspas de ironía, tamén é certo, pero ben— que poidan ter un voto favo-



nable do PSdeG. Mentres tanto, nós non podemos hoxe asumir o que vostedes propoñen, porque non é real.

Nada máis, grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda para o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra don Daniel Castro García.

O señor CASTRO GARCÍA: Grazas, presidenta.

Ben, eu antes de nada íalles preguntar se presentaban isto en serio (*O señor Castro García mostra un documento.*), e estou vendo, despois da intervención, que me parece que se arrepentiron un pouco, que moi en serio non ía esta iniciativa. Eu penso que o que pasou é que se achegaban as Letras Galegas, tiñan que presentar algo do galego, a última que tiñan é de hai vinte e sete meses, vinte e sete meses, e presentaron isto, que está de hai vinte e sete meses e que está cheo de mentiras obxectivas, ou sexa, facilmente comprobables. E como isto pois valeu para o que valeu, pois polo menos imos ir analizando o que pon aquí e o que dixo o señor Ferro.

A ver, comezan dicindo que non existe ningún tipo de conflito lingüístico. O feito de que todos os entes políticos, sindicais, pedagóxicos, culturais e lingüísticos están en contra do decreto que puxeron ao mellor ten algo que ver; ao mellor algo de conflito hai, pero, ben, deixémosllo aí, OK.

Logo véñennos con que se promove o aproveitamento das linguas estranxeiras. Eu non sei en que país viven, ao mellor pensan que aquí todos teñen o nivel de inglés de Bruce *Sprinter*, (*Risos.*) (*Aplausos.*), pero non, non é así, non é así, desgraciadamente, desgraciadamente. Porque desgraciadamente ocupamos o último posto de todas as comunidades autónomas en coñecemento de inglés, en competencias de inglés.

E logo véñennos cun novo *palabro* que é «aproveitamento intenso da lusofonía». Imos ver que concepto ten o Partido Popular por «intenso». Até hai ben pouco había catro, catro, jeh!, catro, catro escolas de primaria que daban portugués en Galiza, catro. Había cinco mil alumnos de secundaria que daban aulas de portugués nos institutos, agora baixaron. Ten Estremadura vinte mil, Estremadura, vinte mil alumnos de portugués, Galiza menos de cinco mil. ¡Vaia aproveitamento intenso que fai o Partido Popular da lusofonía, si señor!

Din que as linguas viven en condicións de igualdade —o galego e o castelán, refírense—. Hai menos galego que castelán en primaria, en secundaria, na universidade xa non che digo. Se imos aos centros de educación infantil, nas cidades só 8 de cada 100 se dan en galego; os xoguetes, o 0,6 por cento só en galego; os seguros, só o 1 por cento galego; as sentenzas xudiciais, o 5 por cento só en galego, e un longo etcétera. Para vostedes isto son condicións de



igualdade. Se pensan que a igualdade é isto, explícanse moitas cousas que vemos a diario, se para o PP a igualdade é isto.

Logo din que o galego é o idioma de uso, jollo! —non está aquí o conselleiro—, uso, uso, competencia, porque eses dous termos non os dominan, de uso maioritario no noso país. Pois este é o problema de presentar iniciativas de hai vinte e sete meses, que xa houbo un montón de estudos que non corroboran isto que din, que é o contrario (*Aplausos.*), absolutamente o contrario. Logo virán os ataques —xa os imaxino— ao INE, porque o INE agora debe ser o demoño, pero desgraciadamente o castelán pasou a ser, por primeira vez na historia, a lingua máis usada en Galiza.

E dígollelo sempre: é que non temos nin igualdade nin plurilingüismo, nin liberdade. Promoven a ignorancia, e con isto (*O señor Castro García mostra un documento.*) reafirman que promoven a ignorancia. E á fin e ao cabo vostedes son persoas bilingües, dicíndolle a unha sociedade bilingüe que é mellor ser monolingües, e iso é tristísimo, iso é tristísimo (*Aplausos.*)

Agora, agora vén unha boa. Resulta que en informes recentes, do 2020 —espero que non escoite isto Noam Chomsky, jeh!—, en informes recentes de 2020, de gran prestixio sociolingüístico, como o informe PISA, (*Murmurios.*) e logo, jollo, eh!, como o CIS, o Partido Popular utilizando informes do CIS, ou sexa, dez anos aí a tope, o Partido Popular agora, pois danlle uns resultados, en 2020; claro, din que o 99 por cento dos galegos entende o galego e o 86,5 por cento o fala con fluidez. Agora xa estamos no 92,6 por cento que o fala con fluidez; é un 83 por cento soamente. Pero resulta que —ademais, estes son os datos totais—, mirando para o futuro, que é o que importa, se imos aos galegos menores de 20 anos, resulta que o 30 por cento non o sabe falar ou o fala con dificultade e que o 33 por cento non o sabe escribir ou o escribe con dificultade.

¿E vostedes veñen a presumir de que?, ¿de que veñen presumir aquí?, ¿de que? ¿De ser os peores? ¿De que aínda falamos un pouco máis galego que as linguas doutros países como por exemplo en Cataluña ou Euskal Herria? Miren vostedes, presumir, coma sempre, do que vai mal. En Euskal Herria, pola contra, están a crecer os falantes de vasco, pero nós temos que presumir do malo, coma sempre.

E logo chegan a dicir aquí que «non existen limitacións ao ensino do galego en Galicia». Primeiro tómannos por tontos e por tontas, iso está clarísimo; coa importancia que lle dan ao Parlamento, queda claro cada día. Segundo, ao mellor, ao mellor non poder dar ciencias en galego é unha limitación —ocórreseme a min—, ao mellor perseguir profesoras por dar matemáticas en galego é unha limitación —ocórreseme a min, jeh!, non o sei—. Terceiro, dá igual o que diga o Consello de Europa, que desmente isto, dá igual, está moi lonxe; dálles igual o que diga o Consello da Cultura Galega, órgano estatutario da Xunta, ou sexa, un órgano da Xunta dilles que isto é mentira, dá igual; pero aquí dálles igual que o diga a Real Academia Galega; é que están tan a monte que lles dá igual o que di a Real Academia Galega (*Aplausos.*), dálles absolutamente igual.

Titular da RAG: «O ensino en Galicia é un factor desgaleguizador», «o ensino en Galicia é un factor desgaleguizador». ¿Que lles fixo a RAG para que a tratasen así? Porque eu quero



imaxinarme que pasaría se saíse un titular da RAE dicindo: «*Las políticas de Pedro Sánchez conllevan la pérdida de hablantes de español en España*». Es que salen los tanques a la calle, se pasa iso. E vostedes, contradicindo a RAG, o Consello da Cultura Galega, o Consello de Europa e calquera que lles diga que non teñen razón. ¡Mi madriña! Non respectan nada, dálles igual todo, non respectan nin a ciencia, porque isto do que falo é ciencia, e non respectan nin a propia Xunta. E están tan a monte que non respectan nin o que vostedes mesmos escriben.

Din que teñen que «renovar ese compromiso coa Lei de normalización lingüística de Galicia». É que non a cumpren, é que non a cumpren. ¿Que compromiso? ¿Compromiso en seguir non cumpríndoa? En fin...

Falan na parte resolutiva de «seguir apostando polos plans de dinamización lingüística no tecido socioeconómico e na mocidade». ¿Que plans? É que non os hai, non os fixeron. Pedímoslles aquí en tres ocasións que os trouxesen e votaron en contra de remitir os plans. ¿Que plans, se non os fixeron? Non sabemos nada, porque basicamente non se avaliaron.

E rematan dicindo que «este decreto está a asegurar no ámbito educativo as plenas competencias en lingua do alumnado galego». Xa lles dá igual que a RAG mostrase que isto é mentira, dálles igual que até saíse recentemente a Mesa dicíndolles que non cumpren nin o seu decreto, co que tombaron todos os acordos; é que non cumpren nin o decreto, que é daniño xa de por si.

Porque ¿que pasa cos materiais docentes de E-dixgal? ¿Están cumpridas as porcentaxes en galego? Non. Nun estudo feito en 303 centros educativos. ¿Que pasa co artigo 16 da súa lei? Ese artigo di que, se hai un profesor ou unha profesora que non ten as competencias lingüísticas para dar as aulas en galego, pois que a Xunta forneceraos —non sei— dunhas aulas para que as acabe adquirindo. Levan sen facelo desde 2017, da súa lei. Así que mira o cumprimento que lle dan.

Dá igual que o diga mesmo un órgano da Xunta como é o propio Consello da Cultura Galega. A cousa é que nos traen aquí isto, que é un insulto á intelixencia en forma de PNL, cando vostedes mesmos —ben, vostedes mesmos non, os que sentan nos asentos azuis— no seu Plan estratéxico 2022-2030 dicían, literalmente: «Debemos superar o estancamento do uso habitual do galego» —estancamento do uso habitual do galego, recoñecíano vostedes, ben, o Partido Popular— «co obxectivo de conseguir que a cidadanía teña garantida a posibilidade de vivir en galego en todos os ámbitos, se o desexar». E agora pónennos esta iniciativa que di que todo é marabilloso, que non hai estancamento, que viva *la vida*, basicamente. Esta é unha emenda á totalidade ao que puxeron no Plan estratéxico. Hai que ler o que se escribe (*Aplausos.*), non presentar plans por presentar.

E xa un pouco como reflexión, porque vendo no que se está transformando este parlamento e onde chega o nivel de debate é terrible, xa como reflexión: vale que non lle teñan un mínimo respecto a este parlamento, no Bloque Nacionalista Galego témosllo, e aquí vimos discutir de política, evidentemente, de política, ao Parlamento, evidentemente, e de modelos de país, neste caso de política lingüística. Evidentemente, chocaremos ou decidiremos nalgúns temas, pero, polo menos, preparen un pouquiño isto. Gárdenlle un pouco de respecto a este parlamento, ou polo menos disimúleno un pouco mellor.



E xa a nivel persoal, e con absolutísimo, con todo o respecto, de verdade, ¿non lles dá un pouco de pau ter que vir defender isto? ¿Non lles doe que repitan, como papagaios, titulares que saben que son mentira, que se demostrou cientificamente que son mentira por diversos órganos, e ter que vir repetilos como papagaios? ¿Non lles doe, por cuestións de partido ou polo que digan en Génova ou sabe Deus que, ter que repetir estas mentiras e atacar a lingua galega, que é a súa lingua, fálena ou non a falen —estou seguro de que lle teñen todos e todas cariño, sexa a lingua de seus pais, dos seus avós—, ter que vir dicir isto?

Eu sei, señor Ferro, que isto a vostede non lle gusta, é que eu sei que non lle gusta, porque é que vostede lle ten cariño a esta lingua, e seino, á nosa lingua, á de todos, falemos o que falemos, e sei que non lle pode dar un trago vir aquí dicir mentiras, porque son mentiras, son mentiras e son ataques á nosa lingua. A min dicíame miña nai que quererse a un mesmo era moi importante, e eu creo que certos deputados e deputadas do Partido Popular deberían facer caso a isto. *(Aplausos.)*

Que traian só isto —e xa remato— mostra que son o pasado e que viven noutro país e que están a monte. Hoxe viuse que están moi a monte, non quero pensar no día de mañá. Non cren no plurilingüismo, non cren na ciencia, deixaron de crer na ciencia, porque a ciencia dilles que non tiñan razón, que estaban equivocados ou que ao mellor si que tiñan razón e estes eran os resultados que querían lograr; ao mellor ten que ver algo con iso.

No BNG miramos sempre cara ao futuro, sabendo o complexo que é o país, o diferente que é o país, dependendo de cada lugar, e apostando sempre polo diálogo. Por iso traemos estas emendas, moi sinxelas, que din: o espazo sociolingüístico en Galiza é absolutamente diferente agora en 2023 que en 1983. Polo tanto, sentémonos e cambiemos a Lei de normalización lingüística, igual que fixeron coa Lei do xogo por exemplo, que era do 1985; non custou tanto cambiar e sentarse para cambiala; ben, si que custou, evidentemente, a ver cando a traen. Pois sentémonos a cambiala.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señor Castro.

O señor CASTRO GARCÍA: Remato, grazas, presidenta.

Aquí traemos tamén que a ciencia e todos os órganos mostraron que o seu sistema educativo o único que provoca é perda de galegofalantes. Polo tanto, sentémonos con todo o sector educativo e falemos para melloralo.

Xa está, nada máis. Van votar en contra. ¿Por que? Por puro sectarismo. Nada máis. Así estamos. *(Aplausos.)*

No BNG miramos sempre ao futuro, da man de toda a sociedade galega, fale galego, fale español, fale inglés, italiano, bantú ou o que lle dea a gana. Vostedes déixeos sós, sigan pelexándose coa ciencia e sigan defendendo a ignorancia.

Moitas grazas.

(Aplausos.)



A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para pechar, ten novamente a palabra o autor da proposición non de lei, don José Luis Ferro Iglesias, por tempo de cinco minutos.

O señor FERRO IGLESIAS: Moitas grazas, presidenta.

Moitas grazas por recordar que a PNL é do Partido Popular. Nós non imos votar en contra, jeh!, imos votar a favor. *(Aplausos.)*

Tamén, antes de empezar, queríalles pedir desculpas, porque, ben, non me agardaban a min; non foi o meu ánimo intentar enganalos.

Mire, a nosa PNL ten moito sentido, e agardamos polo menos que o Partido Socialista Galego non caia en contradicións, como están caendo pois no País Vasco, onde está en perigo a educación en castelán. *(Murmurios.)* Infórmense, infórmense. Vostedes non sei se están —refírome ao Partido Socialista— deixándose levar pola liña do Bloque Nacionalista Galego ou están no respecto ao marco normativo, que ampara a defensa das linguas cooficiais; xa non sei onde está o Partido Socialista.

Mire, señor Castro, son moitos os plans que ten a Xunta de Galicia, os ámbitos nos que o Goberno galego actúa para garantir e dinamizar o galego.

Por exemplo, como sabe, o Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico supuxo a posta en marcha de máis de cen actuacións a prol do galego no sector económico, mediante un investimento de 5 millóns de euros. Esta iniciativa, que finalizou a súa vixencia en medio dunha crise sanitaria, soubo reorientarse para seguir cumprindo os seus obxectivos principais. A previsión —xa lles anuncio— é que este plan se volva reeditar.

Debo pór en valor tamén o primeiro Plan de dinamización da lingua galega na mocidade. Foi presentado pola Xunta de Galicia co obxectivo de incrementar o uso da lingua galega entre os máis novos, xerando un efecto multiplicador no resto da sociedade. Esta folla de ruta, que consta de 39 medidas, segue vixente e conta cunha dotación superior aos 17 millóns de euros. Para o Goberno galego esta franxa de idade, a mocidade, é fundamental, pois representa o futuro da lingua.

A Xunta segue centrando os seus esforzos para promover a idea de que a lingua galega é útil en calquera ámbito e para todas as funcións, facéndoa atractiva especialmente para a mocidade. Son centos de propostas as que se programan en todo o territorio e tamén se fomenta que o galego se empregue dentro da creación e da programación cultural, por exemplo no audiovisual ou no teatro.

O proxecto Nós, como saben, é unha iniciativa de futuro en todos os sentidos, que deberá situar o galego ao mesmo nivel que as linguas grandes do mundo no ámbito tecnolóxico, como o inglés. Decía que temos un mal nivel de inglés; non sei, os meus datos son contradictorios: Galicia é a comunidade con mellor nivel de inglés de España segundo un ránking mundial. *(Murmurios.)*



Este proxecto, o proxecto Nós, favorecerá o desenvolvemento de ferramentas como un sintetizador de voz, permitindo a terceiros incluír nos seus produtos voces artificiais de alta calidade en galego, podendo escoller xénero ou idade entre outras eleccións. Un recoñecedor de fala, posibilitando a interacción persoa-máquina. Ou a subtitulación automática. E un xerador de lingua natural, convertendo os datos estruturados en oracións en galego tanto textuais como orais. Con este proxecto a Xunta de Galicia quere garantir a presenza do galego en todos os ámbitos, especialmente nese mundo dixital.

Respecto ás emendas —xa me vou posicionar—, só podo trasladarlles que a do Bloque Nacionalista Galego non a imos poder ter en conta; a do Partido Socialista, non como emenda de substitución, pasareille un texto transaccionado para que o analicen e a ver se o podemos votar en conxunto mañá.

E, para concluír, está claro que o traballo do Goberno galego está encamiñado a procurar por todos os medios que os galegos coñezan e dominen a súa propia lingua, que a usen sen complexos, nin de superioridade nin de inferioridade, que conste, sen confrontacións, senón máis ben con orgullo. Non podemos consentir que se pretenda facer da nosa lingua unha arma arrojadiza ao servizo dunha ou doutra ideoloxía. E o Goberno galego non o vai permitir. O noso pobo é moi sabio e moi práctico. Para a xente do común, para os que somos maioría, o galego é a fala que tivemos sempre. O galego falámolo porque é o noso medio de expresión natural, non o falamos nin por actitude ética nin por compromiso político e moito menos por imposición, señorías.

Un idioma propio constitúe a base de identidade máis clara dun pobo e o vínculo esencial de unión entre as súas xentes, e iso é o que debe ser o galego para todos nós. Falamos moitas veces de consenso, consenso lingüístico; nós intentámolo no ano 2013, non foi posible. Agora é o momento oportuno, posto que estamos ás portas do Día das Letras Galegas, un momento no que os galegos nos unimos ao redor dun elemento común, a nosa lingua, que nos cohesiona como comunidade. O vindeiro 17 de maio, como xa dixeran antes, recordaremos a Francisco Fernández del Riego e espero que teñan un feliz Día das Letras Galegas.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señor Ferro.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e dous deputados/as máis, sobre as xestións que debe realizar a Xunta de Galicia para a reversión ao sistema público da prestación do servizo de transporte sanitario terrestre

A señora PRESIDENTA (Candía López): A esta proposición non de lei o propio Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego presentou unha autoemenda, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores, que leva o número 53.496.



(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 23291 (11/PNP-002104).

Emenda de adición.

Engadir un novo punto na parte resolutiva co seguinte texto:

«3.- Se a reversión non é posíbel antes da data de remate do actual concurso licitar só polo período preciso para iniciar a mesma, de ser proceder a:

a) Modificar os criterios de valoración, de feito que sexan as melloras en vehículos, materiais e persoal destinadas a prestar unha mellor prestación, as que se lle adxudique maior puntuación, na vez da oferta económica.

b) Dotación de todas as ambulancias medicalizadas (ASVA) con equipos profesionais completos: dous técnico@s, 1 persoal de enfermería 1 persoal facultativo.

c) Non eliminar ningún dos recursos xa existentes nesta momento.

d) Ampliar as ambulancias que se veñen demandando de xeito constante pola poboación e @s profesionais: Soporte vital avanzado (ASVA) en: Valdeorras, Baixo Miño, Bergantiños, Barbanza, Lalín... e reforzo das de soporte vital básico en áreas deficitarias como a de Vigo.»)

A señora PRESIDENTA (Candia López): E para formulala, ten a palabra, por tempo de dez minutos.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidenta.

Antes de máis, quero saudar os técnicos de emerxencia sanitaria que nos acompañan desde a tribuna e darlles as grazas polo enorme traballo que levan feito en defensa dun servizo tan esencial como é o transporte sanitario terrestre. Eles son coñecedores en primeira man de cal é a realidade, de cales son as deficiencias e de cales son as melloras que hai que introducir para que de verdade se preste un servizo de calidade.

E que Galiza conte cunha rede de transporte sanitario terrestre e de calidade é unha preocupación constante do BNG desde hai moito tempo. Levamos demandado o dimensionamento preciso, tanto de vehículos como de persoal e de recursos, para que a atención, tanto as urxencias extrahospitalarias como a atención programada, como o servizo en xeral, teñan a calidade precisa.

E temos presentado múltiples iniciativas aquí neste parlamento, tanto referidas a esas insuficiencias de recursos como ás deficiencias na prestación do servizo, como á situación laboral dos e das traballadoras, atopándonos sempre co muro do Partido Popular. E cando o Partido Popular, pola presión existente, vota a favor, como foi o caso da situación do servizo de ambulancias na área sanitaria de Pontevedra, vota a favor de que se rescate o servizo, de



que se saque un novo concurso. O xerente prométeo e pasan os meses e do prometido, absolutamente nada. Iso é unha proba máis que evidente da despreocupación absoluta do Partido Popular para cun servizo —insisto— tan esencial.

É un Partido Popular que fai continuamente oídos xordos. Fixo oídos xordos cando trouxemos a este parlamento a morte dun veciño da Estrada e outro de Dozón sen que chegara a ambulancia. Volveu facelo cando trouxemos a este parlamento a morte de tres persoas no concello de Moaña no prazo dunha semana sen que chegara tampouco a ambulancia. Volveu facer o mesmo cando trouxemos hai uns meses a morte dunha persoa en Ponteareas tamén sen que chegara a tempo a ambulancia. Fíxoo cando trouxemos tamén a este parlamento a morte dun doente en Vigo cando era trasladado desde o seu domicilio ao Álvaro Cunqueiro nun vehículo que non contaba coas características para trasladar unha urxencia e que ía cun só condutor. Ou igual que fixo todas as veces que trouxemos aquí as deficiencias da prestación das ambulancias programadas.

Porque a práctica do Partido Popular é negar a realidade e a gravidade dos feitos, aínda que sexan da gravidade dos que acabo de sinalar. Mais, por moito que pretenda negalo o Partido Popular, a realidade é que Galiza ten un servizo de transporte sanitario terrestre de baixa calidade, e teno en varias fronteiras: primeiro, cuns déficits históricos en persoal e en dispositivos, o que fai que se colapse o servizo de xeito permanente. Déficits en transporte urxente en comarcas enteiras, que non contan cunha dotación de soporte vital avanzado; podemos falar de Valdeorras, podemos falar de Bergantiños, podemos falar do Baixo Miño, podemos falar da Barbanza ou podemos falar de Lalín, e, onde existen, son insuficientes pola alta demanda e están permanentemente saturadas.

E unha mostra desta saturación e de que o dispositivo non é suficiente é a última ocorrencia por parte do 061, que é dotar os técnicos, ou non tanto dotar senón mandarlles mensaxes aos seus dispositivos telefónicos dicíndolles que se apuren, que xa teñen servizos pendentes na súa área, que axilicen, porque hai servizos pendentes. Iso é unha mostra clarísima de que os dispositivos non son suficientes e unha mostra clarísima de que queren dar uns servizos simplemente botándolles ao lombo dos profesionais, facendo que traballen máis, o que significa poñer en risco a súa vida e tamén non dar unha prestación de calidade.

A dotación de vehículos e de persoal, o tempo de resposta destes servizos pode marcar a diferenza entre a vida e a morte. Témoloo dito moitísimas veces: diante dunha emerxencia, o factor tempo é fundamental. É fundamental chegar a tempo diante dun politraumatismo, é fundamental chegar a tempo diante dun ictus, é fundamental chegar a tempo diante dunha parada cardíaca. Polo tanto, ter o número de dispositivos suficientes e ben dotados é fundamental para que non ocorran as desgrazas como as que enumerei ao principio desta intervención.

Déficit no servizo programado, que temos tamén denunciado en múltiples ocasións e que ten como consecuencia tempos e condicións moitas veces inaceptables. Nos traslados temos denunciado moitas veces os circuitos que teñen que sufrir as persoas que van a un tratamento, ben sexa de rehabilitación, oncolóxico ou de diálise, que collen un nun domicilio, logo desvíanse non sei cantos quilómetros para coller o seguinte e tardan nalgúns casos máis dunha hora facendo ese circuito; demoras que logo se producen de novo cando rematan



o tratamento para volver aos seus domicilios. Ou podemos falar das demoras de doentes que están hospitalizados e que se lles dá a alta para ser trasladados aos seus domicilios, o que supón estar ocupando camas ou dispositivos de urxencias que son necesarios para outros doentes. Ou demoras para trasladar doentes desde o servizo de urxencias a outros hospitais.

Polo tanto, isto é simplemente falta de recursos, non se pode achacar a ningunha outra cuestión.

E tamén deficiencias en persoal e en vehículos, pero tamén moitos incumprimentos. Levamos anos denunciando as deficiencias, unha cadea de incumprimentos que afectan o funcionamento do servizo de ambulancias, afectan a calidade laboral dos traballadores e traballadoras, os doentes e a calidade que se lles ofrece.

Temos denunciado denuncias de intrusismo laboral, pola carencia de titulacións ou certificados de persoal que traballa en ambulancias sen ter a titulación. Denuncias pola carencia por empresas que traballan subcontratadas sen ter nin licitación nin ter as mínimas condicións. Denuncias polas condicións laborais e salariais. Denuncias pola deterioración das bases, por falta de condicións hixiénicas, por falta de material, por falta do que son os equipos que ten que usar o persoal. E irregularidades que incumpren as empresas.

Podemos estar de acordo, mais a responsable é a Xunta de Galiza, porque é coñecedora desta situación, porque se ten denunciado neste parlamento, porque o teñen denunciado os profesionais, e a Xunta do Partido Popular ten feito caso omiso destas denuncias e non ten feito practicamente nada por resolvelas.

E dentro das últimas cuestións podemos falar de que lle permiten á concesionaria do servizo de transporte aéreo, aos helicópteros, non prestar a atención que está no prego, do orto ao ocase, permitirlle que incumpra esta cuestión, ou terlle permitido hai uns meses deixar sen helicóptero a base de Ourense, porque tiña que facer a reparación e resulta que non tiña un helicóptero para substituílo. ¿Responsable? A Xunta de Galiza do Partido Popular.

E teño que volver dicir que se, ao igual que no resto da sanidade, os usuarios e usuarias non perciben con maior intensidade os problemas que estamos dicindo, é grazas á alta profesionalidade e ao bo facer dos profesionais que traballan nestes dispositivos.

E, como dixen antes, o BNG ten traído a este parlamento xa en máis ocasións a necesidade da reversión da prestación deste servizo, que pase a prestarse integramente polo que é a sanidade pública. Mais traémolo agora de novo por dúas razóns: primeiro, porque o que é o concerto do 061 está a piques de finalizar; polo tanto, é o momento de dar este debate. E porque, ademais, no último pleno saltáronnos todas as alarmas ao escoitar a contestación do conselleiro a unha pregunta de autobombo do Partido Popular; quedamos realmente preocupadas de ver como, diante da situación que estamos describindo, o conselleiro di que fixeron un estudo para avaliar a situación e que iso vai permitir introducir melloras no servizo.

E ¿con que nos encontramos á hora de enumerar esas melloras? Pois con que ao único que fai referencia é a que diante desta situación se vai proceder á protección cardiovascular da poboación no rural. ¿E como pretende facer esa protección cardiovascular da poboación no



rural? Pois dotar o concello da Veiga e os concellos limítrofes dunha ambulancia básica dotada dun técnico e un desfibrilador. ¡Impresionante! Pasen e vexan semellante desfachatez do conselleiro.

Ao igual que diante da necesidade de protección de comarcas enteiras que non teñen unha ambulancia de soporte vital avanzado, a pesar de ser zonas moi extensas, de estar moi lonxe dos hospitais de referencia ou de formar parte de áreas que non teñen hospital comarcal, que non teñen UCI, ¿cal é a proposta do Partido Popular, do conselleiro diante desta situación? Pois incrementar as ambulancias estas de *low cost*, cun só técnico e un profesional de enfermería. Ben, parécenos realmente inaceptable.

Por iso traemos hoxe aquí esta iniciativa, na que o que demandamos é que se inicien todas as accións precisas para proceder ao rescate progresivo da externalización do transporte sanitario terrestre, para prestalo integramente pola sanidade pública, tanto o transporte sanitario urxente —o 061—, o servizo de atención telefónica do 061, e o servizo programado de ambulancias. É posible facelo e é necesario facelo. E, se non é posible facelo antes de que remate o concurso que está agora en vigor do 061, que se saque ese concurso polo menor tempo posible ata que sexa posible esa reversión e que se tome unha serie de medidas para que non se cometan os erros dos anteriores concursos....

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando.

A señora PRADO CORES: ...como o que é modificar os criterios de valoración e que se prime a calidade do servizo e non a oferta económica, como ten ocorrido nos anteriores concursos. Que se reverta a decisión de ir incorporando ambulancias sen os equipos completos, cun só técnico, como se fixo cando se dotou de soporte vital avanzado A Mariña, O Salnés ou O Barco, que teñan esas ambulancias que levar dous técnicos. E que se amplíen as ambulancias que se veñen demandando en comarcas deficitarias como as que citei —Valdeorras, Baixo Miño, Bergantiños, Barbanza e Lalín— con equipos completos: dous técnicos, enfermería e persoal facultativo, que é o mínimo que ten que haber para prestar unha atención sanitaria de calidade e non poñer en risco a poboación á que hai que atender.

Parécenos que é unha demanda precisa, necesaria, e agardo o voto favorable dos outros grupos políticos deste parlamento.

Moitas grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia. Ten a palabra don Julio Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidenta.

Boa tarde de novo.



Boas tardes á xente que nos acompaña. Coñecémonos tamén algúns de nós de ter compartido as reivindicacións que non por repetidas deixan de ser menos lexítimas, senón ao revés, senón que gañan lexitimidade co tempo. Porque a realidade é que hai un problema moi grave co sistema de ambulancias. Así que o feito de que se repita ou de que permaneza no tempo agrava moitísimo a situación e fai disto un problema cada vez máis irresoluble.

Dende o noso punto de vista, esta iniciativa basicamente vén formular unha cuestión que o noso grupo ten formulado aquí; eu recollín agora en setembro de 2021 unha iniciativa semellante —non exacta pero semellante—; na lexislatura pasada tamén. Pero o que vén é afondando nunha cuestión que dende hai tempo traballamos neste parlamento —ben, traballamos algúns neste parlamento— e vaimos custando conseguir que alguén polo menos nos escoite, non sei se ás veces o conseguimos.

Dicía o señor Ferro antes, na anterior iniciativa, que a ver se era capaz de sacar o debate sobre o transporte marítimo, aéreo e terrestre. Neste caso vai ser difícil, porque, evidentemente, o PP ten algún tipo de problema cos transportes —vou intentar non facer moita broma con isto hoxe pero, ben, está o día tamén, ¿non?—.

E o problema que ten que ver co sistema de ambulancias basicamente —ademais das cuestións que mencionou a señora Prado puntuais, concretas, exactas e precisas dos debates e das cuestións das concesións e de como traballan os técnicos sanitarios, que non é que non sexan certas, senón que o son, e milleiros delas máis que podía poñer— ten que ver ademais cun concepto xeral de como debe funcionar o sistema. E isto é no que nós queremos focalizar a nosa intervención, adiantando que evidentemente votaremos a favor da iniciativa.

O problema do transporte sanitario ten basicamente tres ramas, e nas tres hai graves problemas que non están sendo resolto en Galicia. Ten que ver co sistema ou o método das concesións, ten que ver coa dotación de vehículos e ten que ver coa calidade laboral dos profesionais.

E no que corresponde ás concesións, vivimos nun ámbito escuro —imos deixalo aí, escuro—. Estamos falando de concesións que no seu conxunto superan os 200 millóns de euros, que non é calquera cousa e é unha boa parte do orzamento que ten o sistema sanitario.

Por se non o lembran —que eu trato de lembralo moitas veces, porque é un caso moi interesante—, non hai moitos anos que unha parte desas concesións foron demandadas ante os tribunais —e está por ver aínda o resultado do último dese proceso—, porque nalgún contrato de algo máis de 120 millóns de euros unha empresa denunciou que o prego que se redactou para unha das concesións implicaba unha serie de características nos vehículos, pero había unha empresa que tiña gardados nun garaxe antes de que saíse o prego os vehículos con esas mesmas características: os logos exactamente onde tiñan que ir, as características técnicas exactas. Curiosamente, esa empresa —¡oh!, casualidade— levou esa contratación, e curiosamente esa empresa estaba vinculada a algún deputado de Castela-León do Partido Popular. Estamos falando de concesións de máis de 120 millóns a empresas de xente que, polo menos, é amiga do Partido Popular —digo eu que será así— e, polo tanto, non hai nin sequera unha explicación sobre isto.



Nós temos intentado exixir información sobre estes casos, preguntar sobre estas cuestións e sempre atopamos un silencio sepulcral sobre o asunto. Existen denuncias sobre esta cuestión e ademais existen problemas que teñen que ver coas concesións. Recentemente vivíamolo na área sanitaria de Pontevedra —eu vivo naquela área sanitaria—, viámolo grazas ás protestas dos profesionais. Alertouse dun problema grave, que, en realidade, ten que ver coa vontade das empresas de aproveitarse do sistema, ten que ver tamén coa vontade da Xunta de Galicia de que as empresas se aproveiten e ten que ver sobre todo cos pregos que se ofrecen aos concursos, porque é imposible, cos pregos que a Xunta saca nos concursos, cubrir todas as necesidades sanitarias.

Dá a sensación de que a Xunta, ben, quere facer que se fai, pero en realidade afrontar o problema real xa é outra cousa. Por tanto, o programa das concesións é bastante escuro, non son pregos que cubran as necesidades, os contratos están sempre baixo certa sospeita, xudicialmente incluso, e existen moitos problemas para saber que está pasando con contratos tan grandes.

Segunda rama da cuestión. Vehículos. Faltan vehículos. Por certo, faltan vehículos e por tanto tamén profesionais, salvo que queiran poñer un que eu sei —non o vou citar—, un presidente da deputación —non vou dicir de cal— que se poña a conducir, pero isto é moito máis serio que conducir un coche a 215, jeh!

Pero, en todo caso, faltan condutores, faltan técnicos sanitarios, faltan profesionais sanitarios, falta un montón de xente, de persoal que traballa no eido do transporte sanitario —en todas as categorías do ámbito do transporte sanitario, que son varias— e que deberan estar para que poidamos ter máis vehículos.

Cuestións que as empresas, se ninguén llelo exige, non van comprar. Porque —sexamos obvios— as empresas están para intentar ter un beneficio, lexítimo. O problema está en que quen debe garantir que o sistema dea o servizo é a Xunta de Galicia, que non o fai.

E existen esas demandas que a señora Prado mencionou aquí, e poderíamos listar máis; é dicir, non fixo máis seguro porque, se non, acábaselle todo o tempo.

Pero podemos pensar que hai zonas que necesitan outros servizos, as que teñen máis distancia aos hospitais e, por tanto, necesitan algún servizo. Mellorar as ambulancias no Ortegal. Houbo problemas clarísimos na Mariña con que non existían servizos realmente completos para todo o que se necesitaba. No Salnés seguimos tendo un problema, porque en verán algún alcalde amigo reclama a ambulancia medicalizada e entón marcha da cabeceira da comarca e do hospital para outro concello e hai que andar facendo conchabeos, pero véndese que está nos dous sitios.

Digamos que hai moitos problemas, moitos exercicios de filibusterismo cos vehículos, pero a realidade é que faltan. E este é o problema polo cal moitas veces nos atopamos con que algunhas atencións sanitarias que necesitarían de vehículos para chegar chegan tarde, porque non poden estar en dous sitios á vez; son enormes profesionais pero aínda non poden estar en dous sitios á vez.



Terceira cuestión. Os convenios e o respecto das condicións laborais. Probablemente sexa o máis sangrante. Hai aquí un formato de posición política que adopta o Partido Popular que, dende o noso punto de vista, é dubidosamente lexítimo e certamente inmoral. E é asumir que, como os profesionais son de concesións, que se amañen. Eu vexo constantemente o Partido Popular alí onde lle interesa intentar erixirse en defensor dos traballadores dalgúns empresas para ver se lles poden botar os traballadores enriba aos gobernos do Partido Socialista; collemos os traballadores e utilizámoslos. E nese momento si que importan moito. Pero ninguén do Partido Popular se preocupou moito por ¿que pasa cos traballadores do sector do transporte sanitario?, que, si, dependen de concesións, pero a quen necesita unha ambulancia nun momento dado e vaille atender non lle vai preguntar, non lle importa e non lle ten que importar se son traballadores dunha concesión ou doutro sistema, ou público. O que lle importa é que estea ben tratado para que ese profesional teña as mellores capacidades nese momento para tratarte ben. E están tratando a cidadanía cunha calidade extrema, absoluta, a pesar de vivir nunhas condicións laborais que raian o indecente.

E a Xunta permíteo, porque mira para outro lado, porque as empresas estanse descolgando constantemente dos convenios, porque as empresas reclaman cada dúas por tres. Eu aínda escoitei —lémbroo perfectamente— unha empresa cando se subiu o salario mínimo dicir que se se subía o salario mínimo o sistema de transporte sanitario ía ter un problema, porque non podían soste os profesionais. Se algunha empresa que traballa no ámbito sanitario, de transporte sanitario, ten os seus profesionais por debaixo do salario mínimo ou xusto no salario mínimo, está disparando moi mal, que é indigno, e a Xunta permíteo.

E, por tanto, nós o que defendemos é que hai que protexer eses traballadores, porque son os nosos traballadores, sanitarios ademais, especialmente traballadores do eido sanitario, e vostedes abandónanos porque din que non lles importa. E son traballadores que viven ao risco, e eles non poden ir a 215, ¡eh!; téñano en conta. E, ademais, se teñen algún problema, non fan como estoutro que agora, aprendendo dalgunha outra presidenta provincial do Partido Popular, quere pasar por anónimo nun xulgado. Pero non, ¡eh!, os anónimos todo o mundo sabe quen son ao final.

Por tanto, cando vostedes teñan en conta que están mirando para os profesionais sanitarios que os atenden, que todo o mundo necesita nalgún momento un profesional sanitario, e nalgún momento podemos necesitar ou necesitamos todos un profesional que vén en ambulancia, que saiban que lles están vostedes limitando a súa calidade laboral, que están permitindo que as empresas os exploten e que as empresas gañen máis cartos a custa de descolgarse dos convenios, de non cumprir e de deixalos abandonados. E vostedes, que deberían ser os garantes da calidade do emprego, abandónanos. Agora sairán aquí, saudaranos, dirán: estamos encantados de que esteades aquí e tal. Pero son os traballadores que teñen convenios laborais que as empresas incumpren e que vostedes están permitindo que incumpran. E, por tanto, isto é indecente.

Nós estamos de acordo, obviamente, coa reversión do sistema sanitario. Fíxose xa, nalgúns comunidades autónomas hai avances feitos: na Rioxa, en Valencia, en Baleares hai algúns avances feitos, comunidades autónomas con gobernos progresistas, como é natural. E, por tanto, nós cremos que esa é a vía.



Nós temos proposto, incluso fixemos un calendario, unha proposta ordenada de por onde había que empezar para chegar ata o final do servizo. E propuxemos incluso contas enriba da mesa de como debíamos facelo. Nunca se tomou en conta, pero nós cremos que é a necesidade máis grande que ten o servizo do sistema de transporte sanitario.

E, por tanto, nós demandamos que si, que non só ademais os que están as ambulancias, senón os que xestionan, dende as oficinas, os que nos atenden ao teléfono dende o o, todo o eido do transporte sanitario que está concesionado, provocando ademais un sistema de traballo dual, onde persoas que fan o mesmo traballo teñen situacións laborais distintas, teñen convenios distintos —aínda que as empresas se descolguen de todos—, teñen salarios distintos, condicións laborais diferentes. Non pode ser que vivamos nun xeroglífico e que esteamos abandonando profesionais que son tan imprescindibles para o noso sistema.

E, por tanto, nós preguntámonos, ao final de todo, que esperamos dun sistema que precariza os seus traballadores e que desatende as necesidades das persoas que cando temos unha urxencia nos atenden, que esperamos...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando.

O señor TORRADO QUINTELA: ...—remato xa, señora presidenta, non se preocupe— dun sistema que cando ten profesionais que nos están pedindo que lles fagamos caso porque están por debaixo do convenio e vivindo no risco, cando nos teñen que atender a nós pedímoslles que o dean todo. ¿Que esperamos nós, se temos que xestionar sobre eles, se non lles queremos facer caso? É iso o que hoxe tamén en boa parte estamos debatendo aquí. Por iso nós chamamos á reflexión ao Partido Popular.

Grazas.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda para o Grupo Parlamentario Popular de Galicia. Ten a palabra don Alberto Pazos.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Perdón, dona Encarna Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Moitas grazas, presidenta.

Boas tardes, señorías.

Imos debater unha vez máis de transporte sanitario e, como dicía o voceiro do Partido Socialista, pois xa tivemos ocasión de debater unha iniciativa similar. Por certo, alguén falaba de datas das iniciativas; esta, dezasete meses, pero, ben, igual ata agora ou ata que escoitaron o conselleiro non lles debía de ter a importancia suficiente.



Daquela, igual que hoxe, explicabamos que a Xunta adxudicou no ano 2021 os sete contratos de transporte sanitario nas sete áreas sanitarias do Sergas, tendo en conta as necesidades materiais e de persoal. E para iso tomouse como referencia o ano 2020, un ano complicado, como todos nós sabemos, pola pandemia producida pola covid-19.

Non deberan de esquecer que isto supuxo unha importante mellora respecto da situación anterior. Incrementáronse o número de vehículos, así como as características e as dotacións, cumprindo a normativa establecida tanto no Real decreto estatal 836/2012, do 25 de maio, que regula as características técnicas e o equipamento, a dotación de persoal dos vehículos de transporte por estrada, como o previsto no Decreto 52/2015, do 5 de marzo, polo que se regula o transporte sanitario na nosa Comunidade Autónoma de Galicia.

Unha das melloras máis salientables foi o incremento das dispoñibilidades horarias en todas as áreas segundo as necesidades, tanto no número de vehículos como de persoal, todo isto coa finalidade de contar cunha maior cobertura asistencial.

Señora Prado, vostede segue co seu sinal de identidade: a demagogia. Chámalles «ocorrencias» ás decisións que toma o 061, un servizo envexable que vostede coñece, como coñecemos todos os da Comisión 5ª, de Sanidade, que tivemos a oportunidade de visitalo. Pura demagogia, señora Prado.

Fala de falta de recursos. A vostedes, que tanto lles gusta comparar, saiban que nunca antes houbo tantos recursos dedicados ao transporte sanitario urxente como na actualidade. Contamos con moitos máis recursos que no 2008, un 13,64 por cento máis, con novas dotacións, como 7 ambulancias de soporte vital básico, 6 de soporte vital avanzado, 2 ambulancias convencionais (en Pedrafita e Folgoso do Courel).

Uns recursos que dende o ano 2008 non deixaron de medrar, á vez que aumentou toda a actividade asistencial, e así o mostran os datos: 135.746 procesos asistenciais máis, 135.000 mobilizacións máis, 689 saídas máis do helicóptero que no ano 2008, un 128 por cento máis. Ademais do aumento asistencial e de recursos, a rede de transporte sanitario urxente de Galicia conta, no que a nivel asistencial e de seguridade se refire, con eses vehículos que vostede chama de *low cost*, señora Prado, que son os mellores vehículos de emerxencias de toda España. Así o corroborou o conselleiro no pasado pleno.

A Xunta aprobou a contratación do servizo de transporte sanitario urxente aéreo, con case 10 millóns de euros, un contrato que vai ampliar as horas de prestación do servizo, que vai mellorar as medidas de control e que incrementará as garantías de seguridade, repercutindo nun beneficio global deste medio. *(Aplausos.)*

Non cabe dúbida, señorías, de que o Goberno do Partido Popular ten como obxectivo continuar mellorando a dotación e os recursos do transporte sanitario urxente, feito que quedou de manifesto co aumento de case 3 millóns de euros na transferencia que fai o Sergas á Fundación Urxencias Sanitarias 061 neste mesmo ano 2023.



Como vostedes saben, o 061 é o responsable da coordinación e da xestión do transporte público. Eu imaxinaba que non serían capaces de poñer en dúbida a boa xestión que fai a Fundación de Urxencias Sanitarias de Galicia, que se encarga da xestión, coordinación, consultoría, docencia e investigación en materia de atención extrahospitalaria en caso de emerxencia e urxencia sanitaria. Pero vexo que estaba equivocada.

Señorías, o seu labor, o labor do 061, é prioritario, posto que realiza unha grande actividade asistencial, cunha rede que permite chegar a calquera lugar da xeografía galega. Durante a vixencia do contrato, que remata este ano, a Fundación 061 estivo en todo momento avaliando e realizando estudos da demanda, co obxectivo de dimensionar adecuadamente a rede de transporte sanitario urxente de Galicia ás novas necesidades. Estes estudos son moi completos e inclúen tanto variacións demográficas como variacións nas demandas sanitarias e distancias a centros sanitarios, e avalía as necesidades e actividades nas diferentes comarcas e concellos, coa finalidade de garantir a accesibilidade, a equidade, a eficiencia e a sostibilidade dunha asistencia sanitaria urxente de máxima calidade no conxunto da poboación galega.

Este traballo feito no día a día, a diario, é o que permite coñecer en tempo real a realidade dos múltiples factores: variacións demográficas, variación nas demandas sanitarias, tempos de resposta e distancias aos centros sanitarios, así como as necesidades e actividades das distintas comarcas e concellos. E son os seus resultados os que van permitir, cando chegue o momento, incorporar novas melloras ou adaptación no futuro concurso de transporte sanitario terrestre.

Esta análise dos datos, con criterio, non con políticas baratas e demagoxias, é o que permite, segundo nos explicaba o conselleiro, tomar a decisión de realizar un esforzo por cardioprotexer zonas rurais como mellora dentro da vixencia do actual contrato. E permitiu pois propoñer esa localización dunha ambulancia convencional, pero unha ambulancia con base na Veiga e a zona de cobertura preferente neste mesmo municipio, que vai contar con ese desfibrilador ao que a señora Prado non lle dá a importancia que ten, un desfibrilador externo semiautomático, e un técnico de asistencia sanitaria con formación no uso do mesmo, para poder acurtar os tempos en caso de emerxencia.

E tamén explicou que a Xunta vai incrementar o número de ambulancias de soporte vital avanzado de enfermería, recursos que actualmente están na Coruña, en Vigo, en Santiago e en Pontevedra, e que a iniciativa da Xunta vai achegarse a poboacións semiurbanas con extensa área de cobertura e longas distancias ao hospital, como, por exemplo, o caso de Lalín. Isto fará posible trasladar pacientes durante traxectos longos recibindo tratamento durante o traslado, sen necesidade de mobilizar o equipo de atención primaria, o cal vai permanecer operativo no seu centro de saúde para a atención das urxencias que poidan xurdir.

En resumo, este novo concurso vai supor dar continuidade a un modelo que está dando bos resultados no seu obxectivo, que é asegurar a accesibilidade, a equidade, a eficiencia e a sostibilidade dunha asistencia urxente de máxima calidade ao conxunto da poboación.

Señorías, hai control, hai xestión, hai avances e hai melloras. Desde o Sergas, para asegurar o cumprimento dos contratos, faise un seguimento dos vehículos, do material e do persoal e actuacións mediante o programa informático do transporte sanitario non urxente.



Falamos dun sistema de control de obrigatorio cumprimento por parte das empresas, que se complementa cos plans de inspección de servizos sanitarios da Consellería de Sanidade e das comisións de seguimento establecidas en cada un dos contratos. Os incumprimentos, como é lóxico, dan lugar a posibles penalidades administrativas, así como un maior control da actividade mediante unha serie de criterios de calidade centrados nos traslados dos pacientes.

Disponse, ademais, de inspeccións periódicas ordinarias e tamén extraordinarias, de xeito que, no caso de detectar deficiencias, estas son comunicadas ás empresas adxudicatarias para a súa emenda. A non resolución destas deficiencias dá lugar á imposición de penalidades administrativas.

Será ben recordar que, como consecuencia do alto nivel de exixencia do 061 e da estreita supervisión, hoxe obtemos boas valoracións nas enquisas de satisfacción dos usuarios deste transporte, un 93 por cento no vital básico, e este medra a un 94,5 por cento cando son atendidos por unha unidade de soporte vital avanzado. 9 puntos sobre 10, señora Prado. As enquisas difiren tremendamente da súa opinión.

Isto pon de manifesto que a rede de transporte sanitario urxente de Galicia 061 cumpre, e cumpre con creces, coas expectativas dos usuarios.

¿E cal é o problema? Recuperan agora esta iniciativa. Son coñecedores dos datos que deu o conselleiro no pasado pleno. Traen unha autoemenda, unha autoemenda pola que queren licitar antes de tempo. Xa lles digo que non. Os puntos a), b) e c) xa se cumpren; hai máis dotación, hai máis recursos. E o punto número 10 non é asumible. E as dimensións dos servizos...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: ...—remato xa— fanse por un servizo do control, como expliquei, polo 061.

Vostedes mesturan coa situación dos recortes. Eu non sei onde están os recortes, señorías. Tampouco sei por que vostedes na época do Bipartito non fixeron posible que este servizo pasara a depender da Xunta. Terá que nolo explicar vostede na súa segunda quenda.

Tamén se puxo aquí como exemplo o Goberno balear. ¿Que pasou no Goberno balear? Un sobrecusto de 6 millóns de euros entre 2018 e 2020 foi o que pasou no Goberno socialista balear.

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas, señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Señorías, mal que lles pese —e remato xa—, a xestión do transporte sanitario en Galicia é un modelo de éxito, froito de moitos anos de traballo, de moito esforzo, dun esforzo continuado, que ten contrastado o seu bo funcionamento.

Moitas grazas.

(Aplausos.)



A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para peche, ten novamente a palabra a autora da proposición non de lei, dona Monserrat Prado.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidenta.

Eu, antes de máis, o que quero pedir á deputada do Partido Popular é que non insulte a intelixencia dos galegos e das galegas e menos dos profesionais que están na tribuna escoitando, que deben estar escandalizados escoitando o que vostede está dicindo. ¿Como pode vir aquí dicir que unha ambulancia cun só técnico e un só profesional de enfermería é o mellor dispositivo do Estado? *(Aplausos.)* É que lle debería caer a cara de vergonza.

E eu tamén lle pido que esas enquisas de satisfacción non as poñan no haber da xestión do Partido Popular, senón no haber dos bos profesionais e do seu bo facer, *(Murmurios.)* si, e do seu bo facer, si, porque as probas están aí.

Igual lle pasa ao Partido Popular, que o BNG trouxo poucas veces aquí a este parlamento a situación dos servizos de ambulancias. Xa lle fixen referencia antes a cantas ocasións, pero non foron as únicas, nin moitísimo menos. En todas as ocasións trouxemos a área sanitaria de Pontevedra, trouxemos a non dotación do helicóptero en Ourense, é dicir, trouxémolo en millentas ocasións. ¿Cal é a cuestión? Que o Partido Popular o que fai é o que lle dixeran: oídos xordos e mirar para outro lado ou votar a favor e logo non facer absolutamente nada.

E si que son ocorrencias do Partido Popular que veña aquí o conselleiro, que dixo —efectivamente, vexo que lle pasou os apuntamentos, que vostede leu aquí estupendamente os apuntamentos do conselleiro—: «Fixemos uns estudos» —dixo textualmente o conselleiro— «da demanda co obxectivo de ver a dimensión adecuada á rede, á variación demográfica, aos tempos de resposta, ás demandas sanitarias, ás distancias aos centros sanitarios; iso vai permitir incorporar eses resultados ao novo concurso». E ¿cal é o resultado de todo isto? Que tería que levar a incorporar o que di o BNG na súa iniciativa.

E ¿cal é o resultado despois de todo isto? Que parece, jostra!, pois que o Partido Popular e o conselleiro caeu do cabalo camiño de Damasco e dáse conta de que, efectivamente, analizadas todas estas cuestións, fan falta novos dispositivos. E ¿cal é a conclusión? Pois a conclusión foi a que lle dixeran antes, a conclusión é unha ambulancia básica cun técnico e un desfibrilador para a protección cardiovascular da poboación rural de Galiza.

Pero ¿vostede a quen quere tomar por gilipollas? —perdóeme—. *(Murmurios.)* ¿Que fai...? *(Murmurios.)* É que só ten esa palabra. ¿Que fai un técnico cun desfibrilador diante dunha parada cardíaca?, ¿pero que fai? E á parte para facerse cargo de non sei que área xeográfica.

Hai que ter moi pouca vergonza para chamarlle a iso un aumento dos dispositivos, hai que ter moi pouca vergonza. E a realidade é que o Partido Popular foi deteriorando o servizo con todas as decisións que foi tomando: primeiro, quitar concursos con dotacións económicas insuficientes. ¿Aumentáronas? Si. ¿É suficiente? Pois non, nin suficiente nin eficiente. E ¿que



foron facendo? Pois dotando de servizos *low cost*. Porque onde había ambulancias con dous técnicos, sacáronlle un; e onde tiñan que colocar ambulancias de soporte vital avanzado, resulta que colocan unha ambulancia que vostedes lle chaman de soporte vital avanzado cun só técnico e un persoal de enfermería.

¿Vostedes cren que as demandas dunha comarca, por exemplo como a de Lalín, extensísima, a 50 minutos do hospital, a 50 minutos do centro de saúde de Lalín, algunhas das zonas da súa área como pode ser Dozón, cunha ambulancia deste tipo se resolven? ¿Que pretenden? Non sei que lle pretenden chamar a poboación, que leva reclamando dotación dunha ambulancia medicalizada con equipos completos, porque o precisan, porque xa está demostrado e xa se veu cales son as consecuencias de non telos, que a xente morre agardando a que chegue a ambulancia co persoal. Iso é a realidade e iso non o está inventando o BNG.

E, polo tanto, estas medidas que demanda hoxe aquí o BNG son posibles e son necesarias. Son posibles porque xa se están efectivizando, efectivamente, en dúas comunidades autónomas, como son Baleares e A Rioxa, e porque hai outras dúas que xa o están poñendo en marcha, como é Nafarroa e como é Cantabria. ¿Que fai falta? Vontade política. Vontade política de querer dar unha boa asistencia sanitaria e non engordar a conta dos resultados das súas empresas amigas. (*Aplausos.*) Iso é o que fai falta e é ao que non está disposto o Partido Popular; iso é o único que fai falta.

Entón, ¿que é o que non é posible do que demanda aquí o BNG? ¿Non é posible a reversión? Si, está demostrado que é posible, se se quere, claro; hai que querer. Pedimos que se faga un estudo onde se analicen todas estas cuestións. ¿Non é posible? É posible. E que se entregue, para que se vexa realmente cales son as necesidades. Que teñamos a información de cal é a situación, as distancias, que dispositivos e cales son as isócronas, que levamos pedindo insistentemente neste parlamento e non nolas entrega o Partido Popular.

¿Por que quere ocultar a información de cal é a realidade dos tempos de resposta? Pois vostedes saberán. Porque ¿non é posible facer un informe? Nós cremos que si. E ¿é posible facer a reversión? Si. ¿E que dicimos? Se non é posible, porque o contrato, o concurso do 061 remata xa agora en outubro, que se quite a licitación por un tempo imprescindible e que se vaia traballando niso.

Tamén hai outras fórmulas, como o que está facendo Cantabria: rematou o concurso e séguese prestando a mesma empresa mentres se está preparando a reversión. ¿Con que figura? Por exemplo, o interese público, que o Partido Popular usa para continuar os contratos con hospitais privados e sacalos a concurso. ¡Ah!, pero para isto non, (*Aplausos.*) para isto non.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Ten que ir rematando, señora Prado.

A señora PRADO CORES: É posible, é factible. E ¿é posible reverter estes servizos *low cost*, que é o que pedimos aquí, que todas as ambulancias teñan dous técnicos de enfermería e facultativos? ¿Por que non é posible? Porque ao Partido Popular non lle importa nada dar unha asistencia de segunda, poñer en risco os profesionais, que non poden dar atención adecuada á poboación, precisamente por iso. ¿Por que non é posible? Ou ¿por que non é po-



sible que nestas comarcas, tremendamente deficitarias, con moita poboación, con moita extensión e moi lonxe dos hospitais, se lles poña unha ambulancia de soporte vital avanzado? Claro que é posible. ¿Que é o que falta? Vontade política. E o que falta é un Partido Popular que teña na cabeza algo máis que o negocio das empresas amigas...,

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...que teña na cabeza a asistencia sanitaria de calidade da súa poboación, que é o que tería que ter.

Moitas grazas.


(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Suspendemos a sesión. Será reanudada mañá ás dez da mañá.

Suspéndese a sesión ás seis e cincuenta e cinco minutos da tarde.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

